



NORMAS XERAIS

A. NORMATIVA ESTATAL

I. CONSTITUCIÓN

1

Constitución Española do 27 de decembro de 1978.

*(BOE nº 311, do 29 de decembro)
(parte)*

ARTIGO 9.2.

Corresponde ós poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e mais dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

ARTIGO 10.1.

A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e ós dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social.

ARTIGO 14.

Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

ARTIGO 39.

1. Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia.

2. Os poderes públicos aseguran, tamén, a protección integral dos fillos, iguais estes perante a lei con independencia da súa filiación, e a das nais, calquera que sexa o seu estado civil. A lei posibilitará a investigación da paternidade.

3. Os pais deben prestar asistencia de todo tipo ós fillos tidos dentro ou fóra do matrimonio, durante a súa minoría de idade e nos demais casos en que legalmente proceda.

4. Os nenos gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que miran polos seus dereitos.

ARTIGO 41.

Os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para tódolos cidadáns, que garantice a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente no caso de desemprego. A asistencia e prestación complementarias serán libres.

ARTIGO 48.

Os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

ARTIGO 49.

Os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, ós que prestarán a atención especializada que requiran e ampararanos especialmente para o disfrute dos dereitos que este Título outorga a tódolos cidadáns.

**ARTIGO 50.**

Os poderes públicos garantirán, mediante pensións axeitadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica ós cidadáns na terceira idade. Tamén, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

ARTIGO 103.1.

1. A Administración pública serve con obxetividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e mais ó Dereito.

ARTIGO 148.1.

1. As Comunidades Autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias:

(...)

20º. Asistencia Social.

(...)

ARTIGO 149.1.

1. O estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias:

1º. A regulación das condicións básicas que garanticen a igualdade de tódolos españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

(...)

II. ESTATUTO DE AUTONOMÍA**2**

**Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.
Estatuto de Autonomía para Galicia.**

(BOE nº 101, do 28-4-1981)
(parte)

ARTIGO 27.23.

No marco do presente Estatuto corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

(...)

23. Asistencia Social.

(...)

ARTIGO 33.

1. Corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

2. En materia de Seguridade Social responderá á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, non sendo as normas que configuran o réxime económico da mesma. Corresponde tamén á Comunidade Autónoma a xestión do réxime económico da Seguridade Social en Galicia, sen prexuício da Caixa Unica.

3. Corresponderá tamén á Comunidade Autónoma a execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos.

4. A Comunidade Autónoma poderá organizar e administrar a tales fins e dentro do seu territorio tódolos servizos relacionados coas materias antes expresadas, e exercerá a tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de Sanidade e Seguridade Social, reservándose o Estado a alta inspección conducente ó cumprimento das funcións e competencias contidas neste artigo.



III. LEI DE BASES DO RÉXIME LOCAL

3

3. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

(BOE nº 80, do 3-4-1985, e corrección de erros en BOE nº 139, do 11-06-1985)
(parte)

ARTÍCULO 25.2.

El Municipio ejercerá, en todo caso, competencias en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas en las siguiente materias:

(...)

- k) Prestación de los servicios sociales y de promoción y reinserción social.

(...)

ARTÍCULO 26.1.

Los Municipios por sí o asociados deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes:

(...)

- c) En los Municipios con población superior a 20.000 habitantes, además: Protección civil, prestación de servicios sociales, prevención y extinción de incendios, instalaciones deportivas de uso público y matadero.

(...)

ARTÍCULO 36.

1. Son competencias propias de la Diputación las que les atribuyan, en este concepto, las Leyes del Estado y de las Comunidades Autónomas en los diferentes sectores de la acción pública y, en todo caso:

- a) La coordinación de los servicios municipales entre sí para la garantía de la prestación integral y adecuada a que se refiere el apartado a) del número 2 del artículo 31.
- b) La asistencia y la cooperación jurídica, económica y técnica a los Muni-

cipios, especialmente los de menor capacidad económica y de gestión.

- c) La prestación de servicios públicos de carácter supramunicipal y, en su caso, supracomarcal.
- d) En general, el fomento y la administración de los intereses peculiares de la Provincia.

2. A los efectos de lo dispuesto en las letras a) y b) del número anterior, la Diputación:

- a) Aprueba anualmente un plan provincial de cooperación a las obras y servicios de competencia municipal, en cuya elaboración deben participar los Municipios de la Provincia. El plan, que deberá contener una Memoria justificativa de sus objetivos y de los criterios de distribución de los fondos, podrá financiarse con medios propios de la Diputación, las aportaciones municipales y las subvenciones que acuerden la Comunidad Autónoma y el Estado con cargo a sus respectivos presupuestos. Sin perjuicio de las competencias reconocidas en los Estatutos de Autonomía y de las anteriormente asumidas y ratificadas por éstos, la Comunidad Autónoma asegura en su territorio la coordinación de los diversos planes provinciales de acuerdo con lo previsto en el artículo 59 de esta Ley.

El Estado y la Comunidad Autónoma, en su caso, pueden sujetar sus subvenciones a determinados criterios y condiciones en su utilización o empleo.

- b) Asegura el acceso de la población de la Provincia al conjunto de los servicios mínimos de competencia municipal y la mayor eficacia y economía en la prestación de éstos mediante cualesquiera fórmulas de asistencia y cooperación de los Municipios.

**ARTÍCULO 44.1.**

Se reconoce a los Municipios el derecho a asociarse con otros en Mancomunidades para la ejecución en común de obras y servicios determinados de su competencia.

ARTÍCULO 55.

Para la efectividad de la coordinación y eficacia administrativa, las Administraciones del Estado y de las Comunidades Autónomas, de un lado, y las Entidades locales, de otro, deberán en sus relaciones recíprocas:

(...)

- d) Prestar, en el ámbito propio, la cooperación y asistencia activas que las otras Administraciones pudieran precisar para el eficaz cumplimiento de sus tareas.

ARTÍCULO 57.

La cooperación económica, técnica y administrativa entre la Administración Local y las Administraciones del Estado y de las Comunidades Autónomas, tanto en servicios locales como en asuntos de interés común, se desarrollará con carácter voluntario, bajo las formas y en los términos previstos en las leyes, pudiendo tener lugar, en todo caso, mediante los consorcios o convenios administrativos que suscriban.

De cada acuerdo de cooperación formalizado por alguna de estas Administraciones se dará comunicación a aquellas otras que, resultando interesadas, no hayan intervenido en el mismo, a los efectos de mantener una recíproca y constante información.

B. NORMATIVA AUTONÓMICA**I. LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA**

4

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

(DOG nº 149, do 5-8-1997)
(parte)

ARTIGO 80.

1. O municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar tódolos servicios públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

2. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias:

(...)

- k) A prestación dos servicios sociais e a promoción e reinserción sociais.

(...)

- n) As actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo de lecer e o turismo.

(...)

- o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.

- p) A participación na formación de activos e desempregados.

ARTIGO 81.

Os municipios, independentemente ou asociados, prestarán, como mínimo, os seguintes servicios:

(...)

- c) Nos municipios de poboación superior a vinte mil habitantes, ademais:

Protección civil, prestación de servicios sociais, prevención e extinción



de incendios e instalacións deportivas de uso público.
(...)

ARTIGO 86.

1. Para a xestión dos seus intereses e unha vez que se garanta a prestación dos servizos mínimos, o municipio tamén poderá exercer actividades complementarias das propias doutras administracións públicas e, en particular, as relativas a:

- A educación.
 - A cultura, a xuventude e o deporte.
 - A promoción da muller.
 - A vivenda.
 - A atención primaria á saúde.
 - A ocupación e a loita contra o paro.
- (...)

2. Para a realización destas actividades, os municipios poderán exercer as potestades de execución que non lles estean atribuídas pola lexislación a outras administracións públicas, incluída, se é o caso, a de dictar regulamentos internos de organización dos correspondentes servizos.

ARTIGO 109.

1. Serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis. As competencias propias exerceranse en réxime de autonomía.

Son competencias propias das deputacións provinciais, en calquera caso, as seguintes:

- Coordina-los servizos municipais entre si para garantir a prestación integral e axeitada de servizos públicos en todo o territorio da provincia, cooperando, especialmente, cos municipios da poboación inferior a vinte mil habitantes para garantir a súa efectividade.
- Prestarlles asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ós

municipios, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión.

- Presta-los servizos públicos de carácter supramunicipal.
- En xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

2. No exercicio das competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma, as leis do Parlamento de Galicia reguladoras dos distintos sectores de acción pública delimitarán como competencias propias das deputacións provinciais as que se consideren indispensables para a xestión dos intereses destas.

ARTIGO 110.

1. As deputacións provinciais aprobarán anualmente un Plan provincial de cooperación de obras e servizos de competencia municipal, na elaboración do cal deberán participa-los municipios da provincia.

2. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, poderá financiarse con medios propios da Deputación, coas contribucións municipais e coas subvencións que acorden a Xunta de Galicia e a Administración xeral do Estado con cargo ós respectivos orzamentos. A Xunta de Galicia poderá condicionar a utilización ou o emprego das súas subvencións ó establecemento dos criterios e das condicións que considere convenientes.

ARTIGO 111.

1. As deputacións provinciais participarán activamente na elaboración e xestión dos plans de desenvolvemento comarcal, colaborando no cumprimento dos seus obxectivos a través das unidades técnicas comarcais.

2. Os plans de desenvolvemento comarcal terán o carácter de marco de refe-



rencia para a elaboración dos plans de cooperación de obras e servizos.

ARTIGO 112.

1. Para acadar unha eficaz coordinación dos investimentos públicos no territorio galego, os programas de cooperación económica coas entidades locais que elaboren as deputacións provinciais, calquera que sexa a súa denominación e natureza, serán postos, antes da súa aprobación, en coñecemento da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local.

2. As administracións públicas implicadas procurarán a elaboración dun plan único no que se fundan os investimentos públicos provenientes de todas elas; este plan rexeráse por un criterio de proporcionalidade que facilite o desenvolvemento dos referidos plans. Será coordinado pola Xunta de Galicia co apoio e asesoramento da Comisión Galega de Cooperación Local.

ARTIGO 113.

A cooperación na asistencia xurídica en favor dos municipios será prestada polas deputacións provinciais, entre outras, das formas seguintes:

- a) Mediante o informe e asesoramento en cantas consultas lles sexan formuladas polos órganos competentes de tales entidades.
- b) Mediante a defensa en xuízo cando así lles sexa solicitado.

ARTIGO 114.

A asistencia económico-financeira será prestada polas deputacións provinciais, entre outras, das formas seguintes:

- a) Mediante o informe e asesoramento en cantas consultas lles sexan formuladas, sobre a xestión económico-financeira, polos órganos competentes.
- b) Mediante a cesión temporal en uso de material propio das deputacións provinciais.

- c) Mediante a concesión de subvencións a fondo perdido.
- d) Mediante a concesión de créditos e a creación de caixas de crédito para facilitarlles ós concellos operacións deste tipo.

ARTIGO 115.

As deputacións provinciais prestarán asistencia técnica ás entidades locais mediante a elaboración de estudos, proxectos e dirección de obras relativas a servizos da súa competencia, en especial no ámbito do urbanismo, da xestión tributaria e do asesoramento e impulso das medidas destinadas a mellora-la organización administrativa con especial atención ós sistemas de traballo e á mecanización de tarefas.

ARTIGO 117.

1. A prestación de servizos que, pola súa natureza, excedan do ámbito dun municipio e non sexan asumidos por outra entidade local será atendida pola Deputación Provincial, logo do asinamento dos oportunos convenios ou acordos de cooperación.

2. A prestación dos servizos supramunicipais, cando fose asumida pola Deputación Provincial, poderá efectuarse:

- a) A través dos servizos da propia Deputación Provincial, mediante calquera das formas de xestión previstas na lexislación vixente.
- b) Mediante a constitución de consorcios locais.

ARTIGO 118.

Compételles ás deputacións provinciais rexer e administra-los intereses peculiares da provincia, creando, conservando mellorando os servizos que teñan por obxecto o fomento deles, e, en especial, os seguintes:
(..)

- d) Organización dos concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade o fomen-



to en materia de cultura, educación e deporte.

(...)

II. LEI DE SERVICIOS SOCIAIS

5

Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais.

(DOG nº 76, do 23-4-1993)

A consolidación dun Estado social e democrático, tal como o define a Constitución, supuxo na última década a implantación de novas alternativas na protección e promoción social, tanto a iniciativa dos poderes públicos coma da sociedade civil, xerándose un proceso de tal dinamismo que deixou obsoletas as formulacións teóricas herdadas do pasado e no marco legal no que se proxectaban.

A ese dinamismo da sociedade na creación e demanda de novas formas de garantía da igualdade e a calidade de vida para todos, especialmente para os máis desprotexidos, únese o propio dun Estado de autonomía que posibilita a procura de solucións propias no marco de distribución competencial que definen a Constitución e os respectivos estatutos.

O sistema de servizos sociais participa de ámbolos dous dinamismos. Por unha parte, a través del, fanse efectivos importantes principios que identifican o Estado como social. Doutra, no caso de Galicia, o seu Estatuto de autonomía, en correspondencia coa Constitución, determina que a materia de asistencia social é de exclusiva competencia da Comunidade Autónoma.

Se ben o Parlamento de Galicia aprobou nesta materia a Lei galega 3/1987, do 27 de maio, de servizos sociais, que foi un instrumento útil para a regulación dos mesmos neste período, a evolución da realidade que trataba de ordenar e as limitacións do propio texto legal que agora se derroga, especialmente no que se refire á

conceptualización dos contidos, atribución de competencias, ordenación das entidades prestadoras e do voluntariado social e control global do sistema, aconsellaron a revisión do mesmo, revisión que, dada a súa fondura e alcance, desbordou as posibilidades dunha mera reforma e impuxo a necesidade dunha nova lei.

O presente texto legal trata de regular exhaustivamente os aspectos básicos dos servizos sociais en Galicia, en canto sistema integrado, tal como se expón no artigo 1º, o que resulta unha nota central que informa o enteiro contido daquel, por tanto cada un dos aspectos regulados forma parte dun todo interdependente, coordinado e harmónico, posibilitando unha integración funcional da que, en boa parte, dependerá a eficacia global do sistema.

Complementaria a esa definición sistemática, é a de servizo público, coa que se establece un réxime de responsabilidade pública para a esfera dos servizos sociais que, definitivamente, en coherencia coas notas definitorias do Estado social que a Constitución diseña, acouta os servizos sociais como un dereito para todos aqueles que pola súa situación os precisen, tal como se establece no artigo 2º da presente lei.

Esa función dos poderes públicos non supón unha acción pública que afogue a creatividade e a iniciativa da sociedade, senón, moi polo contrario, que a fomente, coordine, regule e colabore como unha parte máis integrada no conxunto, que, considerado na súa globalidade, é de responsabilidade pública. Así, dun xeito explícito, reconécese non só a iniciativa social carente de fin de lucro, senón tamén a iniciativa privada lucrativa.

Por outra parte, o principio de territorialidade tórnase decisivo na estruturação dos servizos sociais, principio que encontra a súa concreción nunha distribución competencial realmente descentralizadora.

No título primeiro da lei establécense os contidos que constitúen a oferta dos



sistemas á sociedade galega. A tal fin estrutúranse os servizos sociais en dous niveis de atención e nove áreas de actuación, tendo estas un carácter de relación aberta a novas problemáticas sectoriais que no futuro puidesen requirir unha atención particularizada.

No tocante ós niveis de atención optouse por unha reconceptualización necesaria para minimizar as posibles ambigüidades interpretativas e recoller asemade os matices que a práctica destes anos impuxo a unha teorización excesivamente rixida sobre os servizos sociais. Efectivamente, óptase pola denominación “de atención primaria”, pola súa expresividade e por permitir unha flexibilidade no sentido de que a nota de polivalencia e apertura a toda a comunidade na que actúan os servizos sociais nese nivel non obste para que, de acordo coa modulación contida no artigo 9º, se poidan abordar desde eses proxectos a actuacións sectoriais de contido netamente integrador.

Por outra parte, o cualificativo de “comunitarios” co que se viña denominando ós servizos deste nivel, pódese e débese predicar de calquera servizo do sistema integrado, no sentido de que a comunidade é, tanto na atención primaria coma na especializada, o punto de partida e de chegada e o principal recurso para unha acción integradora e normalizadora.

Nesta regulación legal dos servizos sociais, materia que lle corresponde en exclusiva á Comunidade Autónoma, tense en conta o principio de autonomía dos entes locais que consagra a Carta Magna, atribuíndolles con toda nitidez competencias propias ós entes locais para a xestión dos seus intereses neste terreo. Só desá maneira, tal como sinala a Lei reguladora das bases do réxime local, faise realmente efectiva a autonomía que a Constitución garante.

Ese principio fundamental, non contemplado na anterior Lei galega de servizos sociais, que só recollía a posibilidade

de delegación, non debe implica-la disgregación e a heteroxeneidade en aspectos substanciais da prestación dos servizos sociais, para o cal cómpre aplica-la necesaria coordinación. Esa coordinación non implica unha tutela que menoscabe a autonomía municipal senón que, en palabras do Tribunal Constitucional, é unha posibilidade do lexislador esixida “pola unidade da mesma do sistema no seu conxunto no que as diferentes entidades autónomas se integran”, así como polo “principio de eficacia administrativa” (artigo 103º 1 da CE), que debe predicarse non só de cada Administración pública, senón da enteira estruturación dos servizos públicos.

No título segundo da lei, de acordo con eses principios, tras atribuírles competencias propias ós entes locais, que pasan de feito a se-la instancia principal na xestión dos servizos nos dous niveis da atención, establécese unha serie de instrumentos fundamentais de coordinación, competencia da Xunta de Galicia: o Plan galego de equipamentos e servizos sociais, as normativas básicas de xestión e acreditación e un sistema de rexistro de entidades. Así mesmo, en correspondencia co anterior, atribúeselle á Administración autonómica o exercicio das potestades inspectora e sancionadora.

Nos títulos terceiro e cuarto abórdanse determinados aspectos que configuran o sistema regulado na lei como un sistema aberto e permeable á sociedade na que actúa, integrando como parte do mesmo a iniciativa privada e as cantidades e organizacións de traballo voluntario e establecendo un órgano de participación: o Consello Galego de Servizos Sociais.

A iniciativa privada, suxeita, en calquera caso, ó réxime de autorización administrativa previa, queda regulado tanto na súa modalidade social como lucrativa, tal como a realidade dos servizos sociais o demanda. No artigo 55º ábrese a posibilidade de que a Xunta de Galicia poida subvencionar, en condicións expresamente ta-



xadas, en ámbalas modalidades, a creación modificación, o equipamento e a adaptación dos seus centros, se ben a prestación dos servicios só se subvencionará, tal como establece o artigo 56º, ás entidades prestadoras de iniciativa social.

No capítulo segundo do título cuarto abórdase a regulación do voluntariado, aspecto este de esencial importancia nun sistema que pretenda fundamentarse no principio de solidariedade e sobre o que existen escasísimos precedentes legais.

O título quinto establece as bases, tanto do sistema de prestacións e axudas económicas, que se definen como complementarias á oferta de servicios sociais, coma de subvencións mediante as cales se fomentará a participación das entidades definidas no título terceiro na prestación dos servicios obxecto desta lei.

No título sexto abórdase a definición e tipificación das infraccións así como o establecemento dun réxime sancionador. Establécese así a base legal sobre a que a Administración autonómica poderá levar a efecto unha eficaz e obxectiva acción inspectora sobre a globalidade do sistema.

O texto recolle no seu título sétimo as bases do sistema de financiamento de acordo coa distribución competencial establecida e co principio de responsabilidade pública.

Cómpre salienta-lo deber dos entes locais de consignar partidas presupostarias especificamente dedicadas a materia de servicios sociais, dándolle entidade substancial a un campo de actuación administrativa ata agora insuficientemente considerado. No caso dos concellos de menos capacidade económica establécese nos artigos 76º e 77º un sistema incentivador dos agrupamentos, necesario para mellora-lo rendemento dos programas e dos equipamentos de servicios sociais.

Pola disposición adicional primeira da presente lei modifícase a Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, en-

gadindo o suposto de “prestación directa de servicios sociais e protección de menores” entre os de excepción á regra xeral de que os postos de traballo da Administración autónoma serán prestados por funcionarios, harmonizándose dese xeito o artigo 25º 2 da devandita lei co artigo 15º 1, letra c), da Lei estatal 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º 2 de Estatuto de Galicia e co artigo 24º da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de servicios sociais.

TÍTULO PRELIMINAR

DOS PRINCIPIOS XERAIS

ARTIGO 1º.

A presente lei ten por obxecto a ordeación e a estrutura dun sistema integrado de servicios sociais como servicio público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a regulación da súa promoción.

ARTIGO 2º.

1. Teñen dereito ós servicios sociais, de acordo co establecido na presente lei, tódalas persoas de nacionalidade española residentes habituais ou accidentais no territorio da Comunidade Autónoma que se atopen necesitadas de atención.

2. Os galegos residentes fóra de Galicia terán dereito ás prestacións reguladas na presente lei cando, estando necesitados de atención, lles sirva de medio para o seu traslado definitivo á Comunidade Autónoma galega.

3. Os estranxeiros, refuxiados e apátridas terán dereito ás prestacións reguladas na presente lei de acordo co disposto nos tratados, acordos e convenios internacionais.



En todo caso, tódolos estranxeiros en situación de residencia legal terán dereito ós servizos recoñecidos na presente lei para os efectos de garantía das condicións básicas de vida.

ARTIGO 3º.

Son principios inspiradores do sistema de servizos sociais os seguintes:

1. Responsabilidade pública.

Os poderes públicos promoverán e garantirán a prestación de servizos sociais mediante a achega de medios financeiros, técnicos e humanos adecuados.

2. Recoñecemento e apoio da iniciativa social.

Recoñécese e apóiase a iniciativa social, entendéndose por tal a iniciativa privada sen ánimo de lucro, que poderá colaborar na prestación dos servizos sociais dentro do marco definido na presente lei.

3. Recoñecemento da iniciativa privada con ánimo de lucro.

Recoñécese a iniciativa privada con ánimo de lucro, que poderá concorrer á prestación dos servizos sociais nas condicións e cos requisitos que se establecen nesta lei.

4. Territorialidade.

A organización do sistema e a distribución de competencias e funcións sempre que a natureza dos servizos o permita, responderán ós principios de descentralización e desconcentración, atribuíndo ou delegando o exercicio das competencias nos entes ou órganos administrativos máis próximos ós cidadáns, sen mingua da garantía dunha igualdade de servizos e prestacións a tódolos cidadáns de Galicia.

5. Planificación e coordinación

A Administración autonómica realizará a planificación xeral dos servizos sociais coordinando a súa actuación coa das administracións locais, e a destas entre si, así como coas demais entidades prestadoras de servizos sociais, coa finalidade de aten-

der de forma ordenada e global as necesidades, sacarllas rendemento ós recursos dispoñibles, garantir a calidade na prestación dos servizos e evita-los desequilibrios territoriais.

Procurarase así mesmo a coordinación dos servizos sanitarios, culturais, educativos e urbanísticos de Galicia.

6. Globalidade.

Os servizos sociais prestaranse de xeito que se evite o tratamento fragmentado das problemáticas sociais, promovendo, polo contrario, a atención integral das mesmas.

7. Normalización e integración.

Os servizos sociais tenderán ó mantemento dos cidadáns no seu ambiente familiar e social ou, se é o caso, á súa inserción na comunidade, respectando o dereito á diferenza.

8. Participación.

Os poderes públicos promoverán a incorporación dos cidadáns á programación e prestación dos servizos sociais.

9. Prevención.

Os servizos sociais tenderán non só a remediar situacións existentes de marxiñación, senón tamén, e primordialmente, a prever e elimina-las causas que conducen a citadas situacións.

10. Solidariedade.

Os poderes públicos fomentarán a solidariedade nas actuacións dos servizos sociais, con vistas a supera-las condicións que provoquen situacións de marxinación, con especial apoio ó desenvolvemento do voluntariado social.

11. Universidade.

Tódalas persoas que o precisen terán acceso ós servizos sociais en condicións de igualdade, con atención preferente ás persoas ou grupos máis necesitados.



TÍTULO PRIMEIRO

DO SISTEMA DE SERVICIOS SOCIAIS

Capítulo primeiro

Disposicións xerais

ARTIGO 4º.

Os servizos sociais configúranse como un sistema integrado de protección social orientado á prestación programada de atencións e servizos que posibiliten a mellora da calidade de vida e a participación das persoas ou grupos, especialmente daqueles que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, así como á prevención e eliminación das causas que están na orixe daquelas situacións.

ARTIGO 5º.

1. O sistema de servizos sociais estrutúrase en niveis de atención e áreas de actuación.

2. Os niveis de atención defínense en función da territorialidade, así como da intensidade, complexidade e especificidade da prestación, e son os seguintes:

- De atención primaria, dando lugar ós servizos sociais de atención primaria.
- De atención especializada, dando lugar ós servizos sociais especializados.

3. As áreas de actuación, definidas en función dos sectores de poboación e das problemáticas diferenciadas que se aborden en cada unha delas, son as seguintes:

- Comunidade.
- Familia, infancia e mocidade.
- Minusvalías.
- Vellez.
- Muller.
- Drogodependencias e alcoholismo.
- Minorías étnicas.

h) Delincuencia e reinserción de ex-internos.

i) Outras problemáticas de marxinación social.

4. Considéranse equipamentos do sistema de servizos sociais todos aqueles establecementos ou instalacións, debidamente tipificados e acreditados, nos que se desenvolvan con regularidade programas e actividades no ámbito dos servizos sociais.

Capítulo segundo

Dos niveis de atención

Sección Primeira

Dos servizos sociais de atención primaria.

ARTIGO 6º.

1. Os servizos sociais de atención primaria, que constituirán o nivel máis próximo ó usuario e ó seu ambiente familiar e social, desenvolven programas e prestan axudas favorecedoras da participación, e benestar social das persoas ou grupos dentro do seu contorno comunitario, especialmente daqueles que están ou corren o risco de estar en situación de carencia ou marxinación.

2. Estes servizos constitúense como o elemento básico do sistema no que se refire á prevención, detección, análise de necesidades, programación do traballo social e prestación de servizos axeitados ás mesmas.

3. Os devanditos servizos son a canle normal de acceso ó sistema de servizos sociais, desde a que se derivarán os casos, logo de prescrición técnica, ós servizos de atención especializada cando a complexidade ou especificidade da situación así o requiran.

4. Os servizos sociais, de atención primaria terán unha composición interdisciplinaria.

5. Para a adecuación dos servizos sociais de atención primaria ós seus obxecti-



vos e programas, e de acordo coas características do territorio, deberanse establecer zonas e demarcacións de actuación tendo en conta os criterios de poboación e extensión das mesmas.

ARTIGO 7º.

Son obxectivos xerais dos servizos sociais de atención primaria os seguintes:

1. A detección e análise das necesidades e carencias sociais.

2. A información, a orientación e o asesoramento ós cidadáns sobre os seus dereitos sociais e os procedementos para o seu exercicio, así como, se é o caso, a intermediación necesaria para que sexan efectivos.

3. A prevención no ámbito da comunidade.

4. A mellora da autonomía persoal así como a integración e permanencia no medio familiar e social mentres sexa desexada e conveniente.

5. A inserción social dos membros marginados e excluídos da comunidade.

6. A animación e o desenvolvemento comunitario.

7. A mellora da cooperación e solidariedade expresada nun voluntariado social.

8. A prestación de cantos servizos concretos sexan precisos para o cumprimento da finalidade expresada no artigo 6º da presente lei.

ARTIGO 8º.

Para o cumprimento dos obxectivos xerais enumerados no artigo anterior, os servizos sociais de atención primaria organizarán a súa actividade mediante o deseño, a execución e a avaliación de proxectos de traballo social que desenvolvan os seguintes programas básicos de actuación:

1. Programa de orientación, asesoramento e información sobre recursos e posibilidades de superación das situacións ca-

renciais de individuos, de grupos ou da comunidade.

2. Programa de axuda no fogar para prestarlles un conxunto de atencións de carácter doméstico, social, persoal ou educativo ós cidadáns no seu medio.

3. Programa de inserción social que procure dar resposta a problemáticas concretas de marginación e exclusión social aplicando tanto proxectos de traballo social personalizados ou de grupo coma prestacións económicas específicas.

4. Programa de animación, prevención e cooperación social que procure facilitar a participación en tarefas colectivas tendentes a que sexan os propios individuos dunha comunidade os que asuman a súa problemática e busquen canles de solución, impulsa-lo asociamento, promócionalo desenvolvemento da conciencia solidaria e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado.

5. Programa de convivencia alternativa que supoña, en determinados núcleos de poboación, a oferta dun aloxamento provisional en casos de emerxencia persoal ou familiar mentres non se realice a oportuna análise do caso e a súa derivación cara a un tratamento definitivo.

6. Calquera outro que se puidese establecer orientado a darlles cumprimento ós obxectivos deste nivel de atención.

ARTIGO 9º.

1. Para acadar a súa finalidade os servizos sociais de atención primaria, nos seus equipamentos, prestacións e proxectos de traballo social, poderán adoptar tanto un carácter polivalente e aberto a toda a comunidade coma, complementariamente, un carácter sectorial e centrado en grupos con problemáticas específicas, tendo a consideración, neste segundo suposto, de equipamentos, prestacións ou proxectos de atención primaria na correspondente área de actuación.



2. En calquera caso, a orientación sectorial de determinadas prestacións, equipamentos ou proxectos de traballo social de atención primaria non deberá implicar un tratamento especializado ou unha duración que interfiran ou desvirtúen a orientación universal e polivalente do servizo de atención primaria.

ARTIGO 10º.

1. Os equipamentos propios dos servizos sociais de atención primaria son:

- Os centros sociais de uso polivalente.
- Os centros de día, que desenvolven programas referidos a determinadas áreas de actuación, sempre que non precisen estancia nocturna.
- Os centros ocupacionais, orientados a acadar a integración normalizada dos diversos grupos e sectores da comunidade.
- Os centros de acollida, de atención temporal para casos de graves carencias ou conflitos convivenciais.
- Cantos outros lle poidan ser de utilidade para o traballo social aberto a toda a poboación ou a sectores desta, sempre que se faga no seo da comunidade e procurando a apertura e integración na mesma de acordo co establecido no artigo anterior.

2. A distribución e organización dos equipamentos dos servizos sociais de atención primaria deberán, en todo caso, adaptarse ás características do territorio no que actúa, distribuíndose, segundo os casos, en parroquias, concellos e outras demarcacións que para o efecto poidan constituírse, de xeito que se fagan efectivos os principios inspiradores da presente lei.

Sección segunda

Dos servizos sociais de atención especializada

ARTIGO 11º.

Considéranse servizos sociais de atención especializada os dirixidos a sectores da poboación con problemáticas definidas que, por precisaren dun tratamento particular ou tecnicamente complexo, ou dunha prestación específica, non se poden resolver desde os servizos sociais de atención primaria.

ARTIGO 12º.

1. Son servizos sociais de atención especializada na área de familia, infancia e mocidade aqueles que atenden ás necesidades sociais específicas deste sector da poboación, desenvolvendo actuacións e programas encamiñados á prevención e superación das problemáticas derivadas da desintegración familiar, así como a atención dos menores en situación de desvantaxe ou inadaptación social.

2. Son equipamentos propios destes servizos aqueles que serven de soporte para programas e tratamentos en institucións especialmente orientados cara á normalización, personalización e integración sociofamiliar dos seus beneficiarios, tales como garderías infantís, ludotecas, pretalleres, granxas-escola, residencias de menores, casas de familia, vivendas tuteladas, e aqueles outros orientados ós mesmos fins.

3. Son programas propios destes servizos, entre outros, os de apoio técnico e axudas en familia, os de adopción, acollemento, atención diurna en centros, prevención e malos tratos a menores, erradicación da mendicidade infantil, bolsas de axuda á inserción social e actividades ocupacionais.

ARTIGO 13º.

1. Son servizos sociais de atención especializada na área de actuación das mi-



nusvalías aqueles que procuran o tratamento, a rehabilitación e maila integración social dos discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais, así como a prevención das minusvalías.

2. Son equipamentos propios destes servicios, ben na súa modalidade de internamento, ben na diurna, os centros ocupacionais, os centros para psicóticos e autistas, os de recuperación, os centros especiais de emprego, as vivendas tuteladas, os pisos protexidos e cantos outros se determinen na planificación desta área de actuación.

3. Son programas propios destes servicios os de valoración, diagnóstico e cualificación das minusvalías, atención temperá, formación ocupacional, integración laboral, supresión de barreiras arquitectónicas, urbanísticas e do transporte, axudas técnicas e cantos outros sexan favorecedores da súa autonomía persoal e integración social.

ARTIGO 14º.

1. Son servicios sociais de atención especializada para a velez aqueles orientados á consecución do maior nivel de benestar posible á terceira idade, así como a acadala súa autonomía e integración social.

2. Son equipamentos propios destes servicios as residencias de válidos, asistidas e mixtas, os centros de atención diurna, as vivendas tuteladas, os pisos protexidos e cantos centros de carácter especializado se determinen na planificación deste área de actuación.

3. Son programas propios destes servicios os de acollemento familiar de maiores, de turismo e termalismo social, as axudas técnicas e cantos outros favorezan a permanencia da persoa no seu medio, a súa autonomía persoal e participación activa na vida social.

ARTIGO 15º.

1. Son servicios sociais de atención especializada para a muller aqueles que lles

facilitan atención, acollida, información e asesoramento a mulleres, co obxecto de prever ou dar resposta a situacións de emerxencia, discriminación, maltrato ou desamparo.

2. Son equipamentos propios destes servicios os centros de asesoramento e de protección dos dereitos da muller, os centros de acollida, as residencias e cantos outros de carácter especializado se determinen na planificación desta área de actuación.

3. Son programas propios destes servicios os de fomento do emprego, os facilitadores da formación profesional e cantos outros vaian dirixidos a incentiva-la participación das mulleres na vida política, económica, cultural, educativa e social.

ARTIGO 16º.

1. Son servicios sociais de atención especializada na área de drogodependencia e alcoholismo aqueles que se orientan especificamente ó desenvolvemento de programas de prevención e inserción social de persoas afectadas por calquera forma de toxicomanía.

2. Son equipamentos propios destes servicios os centros de orientación, rehabilitación, ocupacionais, de inserción e cantos outros de carácter especializado se determinen na planificación desta área de actuación.

3. Son programas propios destes servicios os de información e prevención, axuda e tratamento en familia e cantos outros se deriven da actuación conxunta con outras administracións Públicas en plans específicos.

ARTIGO 17º.

1. Son servicios sociais de atención especializada para as minorías étnicas aqueles que procuran o seu benestar e participación activa na vida da comunidade respectando os seus propios valores e pautas culturais.



2. Como recurso habitual serán empregados neste servizo os equipamentos que para as diversas áreas de actuación se establecen na presente lei, evitando a creación de redes paralelas que dificulten a integración e a participación destes colectivos na vida social.

3. Son programas propios destes servizos, entre outros, os de integración escolar, normalización da vivenda e de inserción laboral.

ARTIGO 18º.

1. Son servizos sociais de atención especializada para a prevención da delincuencia aqueles que procuran a superación de situacións que favorecen a aparición de condutas delictuosas, así como a atención á inserción social dos ex-internos.

2. Son equipamentos propios destes servizos os centros de acollida e orientación e cantos outros de carácter especializado se determinen na planificación desta área de actuación.

3. Son programas propios destes servizos, entre outros, os de formación e apoio á integración profesional e os de atención a familiares.

ARTIGO 19º.

Terán tamén a consideración de servizos sociais de atención especializada aqueles expresamente recoñecidos que respondan de forma estable a situacións carenciais de colectivos específicos, tales como marxinados e transeúntes, refuxiados e asilados, afectados por situacións catastróficas, emigrantes retornados e cantos outros se poidan considerar necesarios de acordo cos estudos de necesidade social promovidos pola Administración autonómica.

TÍTULO SEGUNDO

DA ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS

Capítulo primeiro

Disposición xeral

ARTIGO 20º.

As competencias en materia de servizos sociais corresponderalles ós concellos, ás deputacións provinciais e á Comunidade Autónoma, así como, se é o caso, ás demais entidades previstas no Estatuto de autonomía ou citadas nesta lei.

Capítulo segundo

Dos entes locais

ARTIGO 21º.

1. Correspóndenlles ós concellos, de conformidade co previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as seguintes competencias:

- a) A creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria.
- b) A creación e xestión de servizos sociais especializados de ámbito local, entendendo por tales aqueles nos que os usuarios sexan predominantemente residentes no respectivo concello.
- c) A colaboración no fomento dos servizos sociais de carácter local prestados por entidades de iniciativa social.
- d) A colaboración na xestión das prestacións económicas, nos termos que regulamentariamente se establezan.
- e) A promoción e organización do voluntariado, de conformidade co establecido no capítulo segundo do título cuarto da presente lei.
- f) A creación e regulación dos concellos locais de servizos sociais.
- g) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente.



2. Os concellos poderán prestar de seu ou asociados, de acordo co disposto na Lei de bases de réxime local, os servicios inherentes ás competencias que segundo o punto anterior lles corresponden, de xeito que se acade unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

ARTIGO 22º.

Correspóndelles ás deputacións provinciais as seguintes competencias:

1. De conformidade co previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a garantía da prestación integral e adecuada, na totalidade do territorio provincial, dos servicios sociais de competencia municipal establecidos no artigo anterior.

2. Proporcionarlles apoio económico, técnico e xurídico ós concellos para a implantación e o funcionamento dos servicios sociais da súa competencia, especialmente ós de menos de 20.000 habitantes e naqueles casos nos que, para a prestación dos mesmos, sexa necesario recorrer ás asociacións de municipios.

3. A creación e xestión de servicios sociais de atención especializada de ámbito supramunicipal ou, se é o caso, supramarcial.

4. A participación no estudo e na determinación das necesidades que se han de cubrir dentro do seu territorio, así como o mantemento das estatísticas actualizadas de necesidades e servicios de ámbito provincial.

5. A colaboración coa Administración autonómica no exercicio das facultades de planificación, programación e formación.

6. A promoción e a colaboración no financiamento dos equipamentos e programas de servicios sociais de atención especializada de carácter supramunicipal das entidades de iniciativa social.

7. Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas ou encomendadas de conformidade coa lexislación vixente.

ARTIGO 23º.

1. A actuación dos entes locais nas áreas urbanas atenderá ó criterio de proximidade, distribuindo os servicios homoxeneamente polos distintos distritos e barrios.

2. Nas áreas rurais asegurarase, no desenvolvemento dos programas, a necesaria mobilidade que aproxime os servicios ós usuarios, sen prexuízo de que, para facer viable os equipamentos máis complexos, se realicen os oportunos agrupamentos de entes locais.

ARTIGO 24º.

1. Será responsabilidade dos entes locais detecta-las necesidades no seu ámbito territorial. Para este fin confeccionarán estatísticas das distintas áreas de actuación e poñerán os seus datos á disposición da Administración autonómica, co obxecto de contribuir á elaboración do Plan galego de equipamentos e servicios sociais, todo iso sen prexuízo das competencias do Instituto Galego de Estatística, previstas na Lei 9/1988, do 19 de xullo.

2. En calquera caso os entes locais deberánlle facilitar á Administración autonómica canta información sexa solicitada por esta nas materias obxecto desta lei, de acordo co exercicio das súas competencias de ordenación, programación e planificación dos servicios sociais da Comunidade Autónoma.

ARTIGO 25º.

No ámbito local promoverase a coordinación dos servicios sociais con aqueles outros que incidan no benestar, tales como os sanitarios, culturais, educativos e urbanísticos das distintas administracións públicas en Galicia e, se é o caso, cos da iniciativa privada, evitando no posible a duplicidade e infrutilización do equipamento social.



Capítulo terceiro

Da Comunidade Autónoma

ARTIGO 26º.

Correspóndelle á Administración autonómica as seguintes competencias:

1. A planificación e programación xeral dos servizos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma, concretada na elaboración do Plan galego de equipamentos e servizos sociais. Neste plan deberase contemplar:

- A análise das necesidades básicas de servizos sociais no territorio da Comunidade Autónoma.
- A definición dos obxectivos de cobertura e os prazos indicativos de implantación.
- A tipificación dos servizos, equipamentos e programas necesarios para instrumentar-la política social deseñada.
- A distribución territorial dos servizos de acordo coas demarcacións de referencia que se establezan.
- Os medios que se destinan para o logro dos obxectivos.
- Cantos outros extremos se consideren necesarios para establecer unha planificación obxectiva e equilibrada.

2. A ordenación e coordinación do sistema de servizos sociais:

- a) Elabora-la normativa básica para a xestión dos servizos sociais e a aplicación dos programas de atención primaria e especializada.
- b) Coordina-las actividades dos organismos públicos e das entidades de iniciativa privada financiadas con fondos públicos que realicen actuacións propias do obxecto desta lei, para garantir unha política social coherente e axeitada ó Plan galego de equipamentos e servizos sociais.

3. A homologación, o rexistro e mailo control de centros e servizos:

- a) Regulamentación, no marco da presente lei, das entidades, dos servizos e dos centros, públicos e privados, con ou sen ánimo de lucro, que presten servizos sociais, establecendo as normas de acreditación nas que se determinen as condicións de apertura, funcionamento, modificación, capacitación do persoal, peche, así como as de rexistro das entidades prestadoras, inspección e outros requisitos análogos.

- b) O exercicio das potestades inspectora e sancionadora de acordo co disposto no título sexto da presente lei.

4. O estudo das necesidades e problemáticas suscitadas no eido dos servizos sociais, así como a investigación e formación permanentes do persoal na devandita materia.

5. O asesoramento e a asistencia técnica ás entidades prestadoras de servizos sociais.

6. O deseño e a aplicación dun sistema de información estatística de servizos sociais, así como o mantemento e a actualización do mesmo.

7. A creación e xestión dos equipamentos e programas que pola súa natureza, ámbito ou outras circunstancias concorrentes asuma a Administración autonómica.

8. A protección e tutela dos menores que se atopen en situación de desamparo nos termos establecidos na lexislación específica.

9. O fomento e a regulación do voluntariado social.

10. A avaliación de solicitude e concesión das prestacións ou axudas económicas legal ou regulamentariamente establecidas, sen prexuízo da súa asunción polas entidades locais cando así se estableza na súa normativa específica.

11. Calquera outra que teña atribuída ou se lle atribúa de acordo coa normativa vixente.



TÍTULO TERCEIRO

DA PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS

Capítulo primeiro

Disposicións xerais

ARTIGO 27º.

1. Os servizos sociais prestaranse polas administracións públicas directamente ou a través das diversas modalidades de xestión de servizos públicos regulados na normativa vixente sobre contratación administrativa e a preferentemente pola de concerto.

2. Así mesmo, a iniciativa privada poderá prestar servizos sociais de conformidade co establecido nos artigos seguintes.

ARTIGO 28º.

Malia o disposto no artigo anterior, poderanse establecer legalmente, por áreas de actuación, os centros e servizos que necesariamente deberán ser xestionados directamente polas administracións públicas.

ARTIGO 29º.

Os centros de servizos sociais propios da Administración autonómica crearanse por decreto, e será precisa orde da consellería competente para o inicio das súas actividades.

ARTIGO 30º.

1. Para a creación ou construción de centros, así como para a modificación substancial ou o cesamento de actividades dos mesmos e dos diversos programas de servizos sociais, será necesario, en todo caso, o cumprimento dos requisitos xerais e específicos que regulamentariamente se determinen, precisando ademais a correspondente autorización administrativa previa ou o permiso de inicio da actividade da consellería competente, segundo se trate respectivamente de centros de titularidade

privada ou da Administración local, con independencia das demais autorizacións que se puidesen, en cada caso, esixir.

2. As devanditas autorizacións de creación ou construción, modificación substancial ou permiso de inicio de actividade ou cesamento das mesmas caducarán no prazo dun ano, desde a súa concesión, no caso de non se iniciaren as mesmas no devandido prazo.

3. Será causa inmediata de clausura de establecemento ou suspensión de actividade o inicio das mesmas sen a previa autorización administrativa ou o permiso de inicio de actividade.

ARTIGO 31º.

Tódalas entidades públicas ou privadas prestadoras de servizos sociais deberanlle comunicar previamente á Administración autonómica os prezos que perciban pola prestación dos citados servizos. A Xunta de Galicia poderá establecer, en caso necesario e por vía regulamentaria, as limitacións que procedan ós mesmos.

Capítulo segundo

Das entidades prestadoras de servizos sociais

ARTIGO 32º.

1. Terán consideración de entidade prestadora de servizos sociais toda persoa física ou xurídica, legalmente recoñecida como tal, que sexa titular de centros ou desenvolva programas de servizos sociais.

2. Son entidades prestadoras:

- a) A Administración autonómica.
- b) As entidades locais.
- c) As entidades de iniciativa social. Non obstará para a consideración de carencia de ánimo de lucro o feito de que as ditas entidades perciban contraprestación dos usuarios, sempre e cando da análise global do seu



balance económico final non se deduza a obtención de beneficio.

- d) As entidades de iniciativa privada con ánimo de lucro.

3. Tódalas entidades prestadoras de servizos sociais deberán estar inscritas, con carácter previo ó inicio das súas actividades, nun rexistro administrativo creado para o efecto, no que se clasificarán nalgunha das categorías establecidas no parágrafo anterior.

ARTIGO 33º.

A Administración autonómica poderá concertar prazas nos centros dependentes da iniciativa privada, tanto social coma lucrativa, sen que en ningún caso o prezo convido poida supera-lo custo medio das mesmas nos centros públicos na área de actuación correspondente.

Capítulo terceiro

Dos dereitos e deberes dos usuarios

ARTIGO 34º.

1. No ingreso, na permanencia e máis na saída dos centros prestadores de servizos sociais respectarase a propia vontade do usuario ou do seu representante legal cando se trate de menores de idade ou maiores incapacitados. Neste último caso será necesaria ademais a pertinente autorización xudicial, de acordo co artigo 211º do Código civil.

2. En caso de urxencia poderase proceder ó ingreso se a autorización xudicial, segundo o disposto no parágrafo anterior, e deberáselle comunicar inmediatamente á autoridade xudicial competente para que dicte a resolución que proceda.

3. No caso de incapacidade sobrevida logo do seu internamento, os responsables do centro deberán poñelo en coñecemento inmediato da autoridade xudicial para os efectos do previsto no referido artigo do Código civil.

ARTIGO 35º.

As persoas ingresadas nos centros de servizos sociais deberán cumpri-lo disposto no Regulamento de réxime interior dos mesmos, previsto no artigo 38º da presente lei, que deberá respectar en todo caso os dereitos e as liberdades constitucionalmente garantidos.

ARTIGO 36º.

Todo usuario dos centros e servizos a que fai referencia esta lei gozará dos seguintes dereitos:

1. A acceder ós mesmos e recibir asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. Á consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro ou servizo coma dos demais usuarios.

3. Ó sixilo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e social.

4. A realizar saídas ó exterior.

5. A manter relacións interpersoais, incluído o dereito a recibir visitas.

6. A unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.

7. Á intimidade persoal en función das condicións estruturais dos centros e servizos.

8. A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educacional, cultural e, en xeral, a tódalas necesidades persoais que sexan precisas para consegu-lo seu desenvolvemento integral.

9. A deixar de utiliza-los servizos ou a abandona-lo centro por vontade propia.

10. A asociarse co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades.

O exercicio dos dereitos sinalados nos parágrafos 4 e 9 poderá ser obxecto de limitación en virtude de resolución xudicial.

**ARTIGO 37º.**

Son obrigas do usuario:

1. Cumprir-las normas sobre utilización do centro ou servizo establecidas no regulamento de réxime interior.

2. Observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.

3. Colaborar na realización de determinadas tarefas que, sen supoñeren un risco para a súa saúde nin para a finalidade do tratamento, sirvan para mellora-la súa autonomía persoal e participación na vida do centro, de acordo co disposto no regulamento de réxime interior.

ARTIGO 38º.

Cada centro prestador de servizos sociais redactará e someterá á aprobación administrativa da consellería competente en materia de servizos sociais un regulamento de réxime interior, no que se concretarán os dereitos e mailos deberes recollidos nos artigos anteriores.

ARTIGO 39º.

Os usuarios dos distintos servizos e centros poderán constituír asociacións, que terán a consideración de entidades de iniciativa social, co fin de favorecer-la súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades.

TÍTULO CUARTO**DA PARTICIPACIÓN SOCIAL****Capítulo primeiro***Dos órganos de participación e asesoramento***ARTIGO 40º.**

1. O Consello Galego de Servizos Sociais é o órgano superior consultivo e de

participación da Comunidade Autónoma no eido dos servizos sociais, e está adscrito á consellería competente na materia.

2. O Consello terá as seguintes funcións:

a) Asesora-lo Goberno na planificación e programación dos servizos sociais, emitindo dictames ou formulando propostas de actuación.

b) Emitir informes e estudia-los criterios adoptados na elaboración do anteproxecto de presupostos en materia de servizos sociais.

c) Emitir dictames por instancia do Parlamento de Galicia no eido dos servizos sociais.

d) Coñecer da xestión dos servizos sociais.

e) Fomenta-la participación da sociedade e das administracións públicas.

f) O seguimento estatístico, tanto dos procesos de concesión da renda de integración social de Galicia coma da correcta aplicación das medidas de fomento de emprego que, vinculadas ós proxectos de inserción, se contemplan na Lei galega de medidas básicas para a inserción social, sen prexuízo das competencias do Instituto Galego de Estatística previstas na Lei 9/1988, do 19 de xullo.

g) Avaliación global dos resultados da execución dos programas de inserción social contemplados na devandita lei para a inserción social, así como a formulación de observacións e propostas de modificación que axuden a melloralos.

h) Elaborar ou modifica-lo seu regulamento de réxime interior e calquera outra que se lle atribúa no desenvolvemento regulamentario da presente lei.

3. O Consello, como órgano de participación, estará constituído, consonte o que se determine regulamentariamente, por:



- a) Representantes da Administración autonómica e das entidades locais.
- b) Representantes das entidades que colaboren na prestación dos servizos sociais.
- c) Representantes das asociacións de usuarios de centros e servizos.
- d) Representantes, en forma paritaria, das organizacións empresariais e das centrais sindicais máis representativas.
- e) Representantes das entidades veciñais.
- f) Representantes dos correspondentes colexios profesionais.

4. No seo do Consello constituiranse comisións, que abordarán problemáticas específicas.

ARTIGO 41º.

Como órgano consultivo e de participación en materia de servizos sociais créanse, no ámbito provincial, os consellos provinciais de servizos sociais, con análoga composición e funcións ó disposto no artigo anterior en relación co Consello Galego de Servizos Sociais, no que resulte aplicable e segundo o que regulamentariamente se determine.

ARTIGO 42º.

1. No ámbito territorial dos concellos, agrupacións ou mancomunidades deberánse crear, como órgano de asesoramento e participación, os consellos locais de servizos sociais, nos que participarán representantes das entidades locais, centrais, sindicais e asociacións empresariais, entidades sociais e veciñais.

2. O seu réxime de funcionamento será elaborado polas entidades locais afectadas.

Capítulo segundo

Do voluntariado social

Sección primeira

Disposicións xerais

ARTIGO 43º.

1. Para os efectos do disposto na presente lei, enténdese por voluntariado social o conxunto de persoas agrupadas en organizacións ou entidades que desenvolvan un traballo voluntario no eido dos servizos sociais.

2. Terá a consideración de traballo voluntario aquela acción solidaria de carácter altruista a prol da comunidade que ten por obxecto colaborar na consecución dos fins expresados no artigo 4º da presente lei.

3. En ningún caso as funcións do voluntario revestirán carácter de relación laboral, mercantil ou calquera outra retribuída, nin poderán supoñer unha redución da oferta de emprego público.

4. A Administración autonómica fomentará a creación de entidades e organizacións de voluntarios e poderá participar no financiamento dos custos de mantemento das mesmas.

5. As persoas que pertencen ó voluntariado social terán que ser, en calquera caso, maiores de idade.

ARTIGO 44º.

As actividades propias do voluntariado social poderanse desenvolver:

- a) A través da incorporación a entidades iniciativa social existentes ou creadas para o efecto.
- b) A través das organizacións de voluntarios que poidan ser creadas polas entidades locais.

En ámbolos dous casos debense inscribir no rexistro establecido no artigo 32º 3 da presente lei.

**ARTIGO 45º.**

A administración autonómica realizará as xestións necesarias para que, ó abeiro do establecido na Lei 48/1984, do 26 de decembro, os obxectores de conciencia poidan realiza-lo servizo social substitutorio integrados nas entidades de voluntariado de iniciativa social ou nas organizacións das entidades locais.

Sección segunda

Das entidades de voluntariado de iniciativa social

ARTIGO 46º.

As entidades de voluntariado de iniciativa social deberán dispoñer dunha carta do voluntario na que se recollan os seus dereitos e deberes, e que deberá incluír, como mínimo, os seguintes puntos:

1. A garantía de non discriminación nin tratos diferenciados por razón de raza, sexo, relixión, condición social ou ideoloxía.

2. A cobertura dos riscos a que estean expostos os voluntarios mediante a correspondente póliza de seguros, na que se incluírán as posibles responsabilidades civís que da súa actuación se poidan derivar fronte a terceiros, que correrá a cargo da entidade de pertenza.

3. A indemnización, por conta da entidade de pertenza, dos gastos a que poida dar lugar o exercicio da actividade do voluntario, agás no suposto da renuncia escrita por parte deste, sen que en ningún caso a súa contía sexa superior ó custo real ou previsible, ou responda a formas encubertas de gratificación ou salario.

4. O establecemento de sistemas internos de información, orientación e formación.

5. A concesión dunha acreditación ós voluntarios, por parte da súa entidade de pertenza.

6. A obriga de respecta-la confidencialidade da información obtida no decurso da

súa actividade en tanto que traballador voluntario.

7. A obriga de formalizar por escrito o carácter altruísta da relación do voluntario social coa súa organización.

Sección terceira

Das organizacións de voluntarios das entidades locais de Galicia

ARTIGO 47º.

As entidades locais poderán promover-lo voluntariado social mediante a creación de organizacións de voluntarios para a consecución dos fins previstos na presente lei no seu ámbito territorial ou noutros concellos por acordo ou asociación entre administracións locais.

ARTIGO 48º.

A relación entre os voluntarios integrados nas organizacións municipais de voluntarios e a Administración local rexerese pola carta do voluntario establecida para o efecto pola disposición adicional segunda da presente lei.

TÍTULO QUINTO**DAS PRESTACIÓNS, AXUDAS E SUBVENCIÓNS****ARTIGO 49º.**

A Administración Autonómica poderá establecer prestacións e axudas dirixidas a persoas físicas e subvencións a entidades prestadoras de servizos sociais, sen prexuízo das competencias que teñan atribuídas as entidades locais.⁽¹⁾

(1) As axudas e subvencións convocadas pola Consellería de Asuntos Sociais para 2002 foron as seguintes:

- Orde do 28 de xaneiro de 2002 pola que se establecen axudas individuais para o tratamento de drogodependencias en comunidades terapéuticas (DOG nº 44, do 01-03-02).
- Orde do 4 de abril de 2002 pola que se establecen subvencións para investimento, mantemento e promoción de actividades destinadas á prestación de servizos sociais polas asociacións e outras entidades de iniciativa social (DOG nº 73, do 16-04-02).



Capítulo primeiro

Das prestacións, axudas e subvencións

ARTIGO 50°.

1. Como complemento ós servizos sociais as administracións públicas poderán conceder, nas condicións que legal ou regulamentariamente se establezan, prestacións e axudas económicas a persoas que se atopen en estado de necesidade.

2. As devanditas prestacións e axudas terán as seguintes modalidades:

- a) Periódicas.
- b) Non periódicas.

3. As prestacións e axudas, ademais dos requisitos obxectivos e subxectivos que en cada caso procedan, poderán estar supeditadas a limitacións presupostarías cando así se estableza na respectiva normativa de regulación.

ARTIGO 51°.

1. As prestacións e axudas periódicas estarán destinadas a persoas ou unidades de convivencia que se atopen nunha situación de marxinación social e necesidade material de acordo cos baremos obxectivos legal ou regulamentariamente establecidos.

2. Estas prestacións serán revisables e a súa xestión corresponderalles ós órganos competentes da Administración autonómica ou local na forma legalmente establecida.

- Orde do 4 de abril de 2002 pola que se establecen axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais (DOG nº 73, do 16-04-02).
- Orde do 5 de abril de 2002 pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de programas de incorporación social e laboral destinadas a persoas en situación ou risco de exclusión social (DOG nº 73, do 16-04-02).
- Orde do 10 de abril de 2002 pola que se establecen axudas económicas de carácter social para os traballadores do mar (DOG nº 77, do 22-04-02).
- Orde do 9 de abril de 2002 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a discapacitados e maiores en estado de necesidade en réxime de concorrencia competitiva e se procede á súa convocatoria para o ano 2002 (DOG nº 78, do 23-04-02).

3. Con carácter xeral os perceptores de prestacións periódicas do sistema de servizos sociais terán preferencia no acceso ós equipamentos e programas da rede pública, na forma que regulamentariamente se estableza.

ARTIGO 52°.

1. As prestacións e axudas non periódicas, que terán un carácter extraordinario e finalista, estarán orientadas a superar situacións de necesidade.

2. A súa xestión corresponderalles ós órganos legalmente competentes da Administración autonómica, sen prexuízo de que poida ser asumida polas corporacións locais.

Capítulo segundo

Das subvencións

ARTIGO 53°.

A Administración autonómica establecerá liñas de subvencións para as institucións e entidades prestadoras de servizos sociais contempladas na presente lei.

ARTIGO 54°.

As convocatorias de subvencións realizarálas a consellería competente en materia de servizos sociais, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

ARTIGO 55°.

A Administración autonómica poderá subvencionar a creación, a modificación ou equipamento ou a adaptación á normativa de acreditación dos centros de servizos sociais das entidades locais, das entidades de iniciativa social e das entidades de iniciativa privada con ánimo de lucro, sempre que cumpran as seguintes condicións:

1. Adecuación á planificación da Xunta de Galicia.



2. Sometemento tanto á normativa xeral como á sectorial da respectiva área de actuación.

3. Garantía, prestada na forma que regulamentariamente se estableza, do cumprimento da finalidade para a que se conceden as subvencións.

ARTIGO 56º.

A Administración autonómica poderá subvencionar as entidades locais e as entidades de iniciativa social para a prestación dos servizos sociais previstos na presente lei, sempre que estean inscritas no rexistro sinalado no artigo 32º 3 e cumpran os seguintes requisitos.

1. Adecuación á planificación da Xunta de Galicia.

2. Sometemento tanto á normativa xeral coma á sectorial da respectiva área de actuación.

3. Sometemento ó control da Administración autonómica:

- a) Dos centros, programas ou servizos subvencionados cando se trate de entidades de iniciativa social.
- b) Das partidas presupostarias dedicadas ó financiamento dos programas que se van subvencionar cando se trate de entidades locais.

ARTIGO 57º.

1. Os tipos de subvencións que poderán establecerse son os seguintes:

- a) De investimento, referidas a:
 - Adquisición, construción, reforma, ampliación ou mellora de inmobles.
 - Equipamento e moblaje.

Poderán beneficiarse deste tipo de axudas tódalas entidades prestadoras de servizos sociais ata o límite que regulamentariamente se determine.

- b) De mantemento e promoción de actividades básicas ou innovadoras re-

feridas a centros, programas e servizos.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades locais e as entidades de iniciativa social.

- c) De promoción de actividades complementarias.

Tan só poderán beneficiarse deste tipo de axudas as asociacións de usuarios sinalados no artigo 39º da presente lei.

2. Para os efectos do sinalado no parágrafo anterior terán a consideración de actividades básicas as que resulten imprescindibles para a consecución dos obxectivos dos servizos, programas ou centros. Todas aquelas actividades que non teñan esta consideración configuraranse, como complementarias.

Reglamentariamente establecerase que actividades son básicas ou complementarias para cada centro, programa ou servizo.

TÍTULO SEXTO**DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN****Capítulo primeiro***Disposicións xerais***ARTIGO 58º.**

As infraccións en materia de servizos sociais darán lugar ás sancións administrativas correspondentes, que impondrán os órganos competentes da Administración autonómica, logo de instrución do oportuno expediente e sen prexuízo das responsabilidades civís, laborais ou doutra orde que puidesen concorrer.

ARTIGO 59º.

1. A responsabilidade administrativa polas infraccións tipificadas na presente lei imputaráselles ás persoas físicas ou xurídicas titulares dos distintos centros e servizos.



2. A dita responsabilidade será esixible, se é o caso, sen prexuízo da que poida derivarse do incumprimento da normativa laboral, civil, penal ou doutra esixible.

3. No caso de que os feitos imputados puidesen ser constitutivos de infraccións tipificadas no Código penal haberá de suspenderse a tramitación do expediente ata que recaia a correspondente resolución xudicial.

Capítulo segundo

Das infraccións

ARTIGO 60º.

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de servizos sociais as accións ou omisións das persoas responsables que sexan contrarias ás obrigas establecidas na presente lei ou a través das disposicións regulamentarias que a desenvolvan, sempre que se poidan subsumir nalgún dos tipos establecidos nos artigos 61º, 62º e 63º da mesma.

2. As infraccións clasifícanse como leves, graves e moi graves, atendendo ó risco causado ó usuario, á gravidade do prexuízo producido, á transcendencia social dos feitos, á contía do beneficio obtido, ó grao de intencionalidade e á reincidencia.

Para os efectos da presente lei enténdese por reincidencia a comisión de dúas ou máis faltas no período de un ano que adquiren firmeza en vía administrativa.

ARTIGO 61º.

Son infraccións leves:

1. As meras irregularidades de carácter formal no cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais.

2. A falta de hixiene ou limpeza que non comporte risco para a saúde dos usuarios.

3. As cometidas por negligencia simple, sempre que das mesmas non se deriven prexuízos para os beneficiarios ou non im-

pidan ou dificulten o logro dos obxectivos do servizo ou centro.

4. Calquera outra que vulnere o disposto na presente lei ou nas súas normas de desenvolvemento e non constitúa infracción grave ou moi grave.

ARTIGO 62º.

Son infraccións graves:

1. O incumprimento do deber de sigilo e confidencialidade en relación coa información obtida no exercicio das súas funcións.

2. Desatende-las necesidades básicas de atención sanitaria, así como as de hixiene e limpeza que lles comporten risco ou prexuízo ós usuarios.

3. Non presta-lo tratamento técnico propio da finalidade específica do centro ou servizo, segundo as normas de homologación e acreditación de centros.

4. Non comunicarlle inmediatamente á autoridade xudicial ou administrativa competente o ingreso e a saída dos centros de servizos sociais nos casos en que legalmente proceda.

5. Inicia-las actividades nos centros ou na prestación dos servizos, así como a modificación substancial dos mesmos, sen a debida autorización administrativa.

6. O incumprimento da normativa vixente en materia de seguridade das instalacións nos centros.

7. Destina-las axudas e subvencións concedidas con cargo a fondos públicos para fins distintos ós que se outorgaron.

8. Realizar actividades lucrativas en centros ou servizos definidos como sen ánimo de lucro.

9. Impedir, obstaculizar ou dificultar en calquera forma a actividade inspectora da Administración, así como non presta-la colaboración necesaria no exercicio da mesma.

10. Calquera actuación dirixida a diminuír ou anula-los dereitos dos traballadores baixo a aparencia de voluntariado social.



11. O incumprimento ou falseamento das obrigas relativas ós libros de contabilidade, altas, baixas e comunicación de prezos.

12. A reincidencia na comisión de faltas leves.

ARTIGO 63º.

Son infraccións moi graves:

1. Dispensar tratos discriminatorios, degradantes ou incompatibles coa dignidade dos usuarios, así como a restricción inxustificada no exercicio das súas liberdades e dereitos.

2. Vulnera-lo dereito á intimidade dos usuarios.

3. A prestación de servizos ou actividades sociais tratando de ocultar ou enmascarala súa verdadeira natureza co obxecto de eludirla aplicación da lexislación vixente na materia.

4. A reincidencia na comisión de faltas graves.

Capítulo terceiro

Das sancións

ARTIGO 64º.

Cualificadas as infraccións como leves, graves ou moi graves, as sancións imponse-ranse nos graos mínimo, medio ou máximo, atendendo ó risco xerado ou ó dano ou prexuízo causado, á intencionalidade e ó beneficio obtido.

ARTIGO 65º.

1. As infraccións sancionaranse da forma seguinte:

a) Infraccións leves:

- Apercibimento ou advertencia.- Multa de ata 250.000 ptas. nos seguintes graos: *Mínimo: ata 100.000 ptas. *Medio: de 100.001 ata 175.000 ptas. *Máximo: de 175.001 ata 250.000 ptas.

b) Infraccións graves:

- Multa de 250.001 ata 1.000.000 de ptas. nos seguintes graos: *Mínimo: de 250.001 ata 500.000 ptas. *Medio: de 500.001 ata 750.000 ptas. *Máximo: de 750.001 ata 1.000.000 ptas.

c) Infraccións moi graves:

- Multa de 1.000.001 ata 2.500.000 ptas. nos seguintes graos: *Mínimo: de 1.000.001 ata 1.500.000 ptas. *Medio: de 1.500.001 ata 2.000.000 ptas. *Máximo: de 2.000.001 ata 2.500.000 ptas.

2. En calquera caso as sancións graves e moi graves poderán levar aparelladas como accesorias as seguintes:

a) Peche temporal:

- Total ou parcial, ata un ano, as graves.
- Total ou parcial, ata dous anos ou definitivo, as moi graves.

b) Prohibición do financiamento público por tempo indefinido

c) Inhabilitación para desenvolvemeto de funcións e actividades similares ou para o exercicio de cargos de carácter análogo ata un prazo máximo de cinco anos.

ARTIGO 66º.

As infraccións cometidas e as sancións impostas polas mesmas prescribirán ó cabo de un, tres ou cinco anos desde a data da súa comisión ou da súa imposición respectivamente, segundo se cualificasen como leves, graves ou moi graves.

Capítulo cuarto

Do procedemento sancionador

ARTIGO 67º.

1. A imposición das sancións reguladas na presente lei axustarase ó disposto no procedemento sancionador regulado pola Lei de procedemento administrativo.



2. Os expedientes sancionadores incoados o órgano competente que regulamentariamente se estableza.

3. No caso de apreciarse unha situación de risco inminente ou prexuízo grave para os usuarios, poderanse adoptar as medidas cautelares oportunas durante o tempo que subsista a situación que as xustificou.

ARTIGO 68º.

1. A imposición de sancións por comisión de faltas leves corresponderalles ós delegados provinciais da consellería competente na materia.

2. A imposición de sancións por comisión de faltas graves corresponderalle ó titular da dirección xeral competente en materia de servizos sociais.

3. A competencia para a imposición de sancións por faltas moi graves corresponderalle ó titular da consellería competente en materia de servizos sociais.

4. Malia o disposto nos puntos anteriores, cando as sancións leven aparello o peche, temporal ou definitivo, do establecemento, así como inhabilitación para o desenvolvemento de funcións e actividades similares ou para o exercicio de cargos de carácter análogo, será competente o Consello da Xunta de Galicia.

ARTIGO 69º.

Contra as resolucións recaídas nos procedementos sancionadores poderanse interpoñer os recursos administrativos e xurisdiccionais que legalmente procedan.

Capítulo quinto

Da inspección

ARTIGO 70º.

A Administración autonómica exercerá as súas facultades inspectoras sobre as entidades, os centros e os servizos contemplados na presente lei a través da consellería competente en materia de servizos

sociais, asignándose-las correspondentes funcións a unidades administrativas.

ARTIGO 71º.

1. Os titulares das entidades, centros e servizos estarán obrigados a permitirlle á inspección o acceso ás instalacións, facilitar a información, documentos, libros e demais datos que lle sexan requiridos, así como a prestar toda a colaboración precisa para a comprobación do cumprimento da normativa vixente.

2. Efectuadas as comprobacións oportunas estenderase a correspondente acta de inspección, na que se recollerán os datos relativos á entidade, centro ou servizo inspeccionado, así como, se ó caso, os feitos e as circunstancias que puidesen ser relevantes sobre o funcionamento anómalo dos mesmos.

3. Os feitos recollidos nas correspondentes actas de inspección gozarán da presunción de certeza, agás que da valoración conxunta das probas achegadas resulte o contrario.

ARTIGO 72º.

Cando no decurso da actuación inspectora se aprecie a existencia dunha situación de risco inminente ou prexuízo grave para os usuarios poderá propoñerse ó órgano competente a adopción das medidas cautelares oportunas durante o tempo que persista o risco que as xustificou.

ARTIGO 73º.

Tódalas entidades, centro e servizos serán inspeccionados periodicamente e sempre que se produza unha denuncia.

TÍTULO SÉTIMO

Capítulo único

Do financiamento

ARTIGO 74º.

1. A Comunidade Autónoma incluirá



anualmente na redacción dos seus presupostos as cantidades necesarias para facerlles fronte ós gastos derivados do exercicio das competencias que o artigo 26º da presente lei lle atribúe á Administración autonómica.

2. Tódalas partidas destinadas ós servizos sociais no presuposto da Comunidade Autónoma serán incluídas na sección correspondente da consellería competente en materia de servizos sociais.

ARTIGO 75º.

As deputacións provinciais e os concellos de máis de vinte mil habitantes deberán consignar nos seus presupostos partidas específicas, en contía suficiente, para a creación, o mantemento e o desenvolvemento dos equipamentos, programas e servizos que lles corresponden de conformidade co establecido na presente lei.

ARTIGO 76º.

1. Os concellos de vinte mil habitantes ou menos que opten por asociarse para a creación, o mantemento e o desenvolvemento dos equipamentos, programas e servizos deberán consignar como mínimo un catro por cento dos seus presupostos para a dita finalidade.

2. Para tal efecto as devanditas asociacións de concellos deberán obter o recoñecemento previo da consellería competente na materia, de acordo coas pautas establecidas no Plan galego de equipamentos e servizos sociais.

ARTIGO 77º.

Os concellos de vinte mil habitantes ou menos que opten pola creación, o mantemento e o desenvolvemento de seu dos equipamentos, programas e servizos deberán consignar como mínimo un seis por cento dos presupostos para a dita finalidade.

ARTIGO 78º.

A Comunidade Autónoma poderá participar no financiamento do mantemento e da promoción de actividades básicas ou innovadoras propias das corporacións locais, gozando de preferencia aquelas que dediquen unhas porcentaxes superiores ás establecidas nos artigos 76º e 77º da presente lei.

ARTIGO 79º.

1. Sen prexuízo da súa tendencia á gratuidade, os usuarios dos servizos sociais participarán, na medida das súas posibilidades económicas, no financiamento dos mesmos de conformidade cos principios de solidariedade e redistribución. Regulamentariamente estableceranse os baremos obxectivos para a súa efectividade, debendo garantir, en todo caso, a reserva a favor do uso das cantidades necesarias para atender os seus gastos persoais.

2. Do mesmo xeito poderanse establecer outras formas de financiamento para persoas que, sen teren recursos correntes, sexan titulares dun patrimonio susceptible de ser afectado ós gastos derivados do seu internamento, supervisando a Administración autonómica en todo caso a valoración que se faga do patrimonio utilizado como contraprestación.

Disposicións adicionais

Primeira. Engádeselle unha nova alínea ó artigo 25º 2 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, na redacción dada ó mesmo pola Lei 4/1991, do 8 de marzo, quedando redactada do seguinte xeito:

“f) Os de prestación directa de servizos sociais e protección de maiores”.

Segunda. Carta do voluntario.

Toda persoa terá dereito a desenvolver un traballo voluntario, acorde coas súas aptitudes e capacidades, no seo das organizacións locais de voluntarios de conformidade cos seguintes principios, dereitos e deberes:



a) Principios:

1. O traballo realizado por todo voluntario terá carácter altruísta a prol da comunidade, baseándose no concepto de solidariedade.
2. O traballo voluntario é complementario do traballo dos profesionais dos servizos sociais e estará coordinado na programación de cada servizo.
3. En ningún caso se cubrirán con persoal voluntario os postos de traballo que, polas súas características, sexan susceptibles de incluírse nas ofertas de emprego público.
4. Os concellos orientarán ó voluntario cara a aquelas actividades máis axeitadas ás súas aptitudes, de acordo coas necesidades da programación e respectando, en todo caso, a súa vontade.
5. A relación entre os concellos e o voluntario reflectirase nun compromiso escrito que supoñerá tanto aceptación desta carta por ambas dúas partes coma o recoñecemento da súa exclusión como contrato de traballo ou relación mercantil ou calquera outra retribuída.
6. O Concello facilitaralle ó voluntario unha acreditación que o habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.

b) Dereitos:

1. A non ser discriminado nin recibir tratos diferenciados por razón de raza, sexo, relixión, condición social ou ideoloxía.
2. A recibir orientación, apoio e formación adecuada para o desenvolvemento das actividades que teña encomendadas.
3. A realiza-lo traballo voluntario no seu contorno máis próximo.

4. A ser indemnizado polo concello respectivo dos gastos a que poida dar lugar o exercicio da súa actividade, agás no suposto da renuncia escrita do voluntario.
5. Á cobertura dos riscos a que poidan estar expostos os voluntarios mediante a correspondente póliza de seguro, na que se incluírán as posibles responsabilidades civís que da súa actuación se poidan derivar fronte a terceiros, que correrá a cargo do concello respectivo.
6. A organizarse e estar representado nos órganos de asesoramento e participación que se constituán.
7. A que lle asigne outra actividade cando circunstancias sobrevidas impidan o normal desenvolvemento da inicialmente asignada.
8. A exercer a súa liberdade de conciencia no desenvolvemento das súas actividades.

c) Deberes:

1. Coñece-la natureza, os obxectivos e os fins que a Administración ten en materia de servizos sociais e a lexislación da Comunidade Autónoma neste eido.
2. A obriga de respecta-la confidencialidade da información obtida no decurso da súa actividade en tanto que traballador voluntario.
3. Non aceptar contraprestación material que poida recibir por parte do beneficiario ou doutras persoas na súa acción.
4. Respecta-lo seu compromiso de dedicación con respecto ó tempo ofrecido, sempre que o permitan as circunstancias concretas.

Terceira. Anualmente, a través da lei de presupostos, poderá actualizarse a contía das multas sinaladas no artigo 65º da presente lei.



Cuarta. Pola lei anual de presupostos da Comunidade Autónoma poderán variarse as porcentaxes obrigatorias de financiamento establecidas nos artigos 76º e 77º da presente lei.

Quinta. A Xunta de Galicia, coa maior brevidade posible, deberá aproba-lo Plan galego de equipamentos e servizos sociais sinalado no artigo 26º da presente lei e dita-la demais normativa de desenvolvemento da mesma.

Na elaboración do devandito plan contarase coa participación das corporacións locais no que atinxe ó seu ámbito territorial.

Sexta. Os concellos, na súa planificación urbanística, deberán reservar espazos precisos para os equipamentos propios para a prestación de servizos sociais.

Sétima. Malia o establecido no artigo 21º, a Administración autonómica reserva para si os seguintes equipamentos:

1. Residencias de tempo libre.
2. Centros de reforma de menores.
3. O centro de atención espacializada a minusválidos "Santiago Apóstolo".
4. Residencias asistidas da terceira idade.

Oitava. As asociacións de concellos que se constitúan para a creación, o mantemento e o desenvolvemento de equipamentos, programas e servizos, de acordo co Plan galego de equipamentos e servizos sociais, deberán acomodarse á demarcación territorial que poida establecer a Xunta de Galicia.

Novena. O disposto na presente lei entenderase sen prexuízo do establecido na Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, e na Lei galega 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social.

Décima. As cantidades achegadas polas entidades locais ó financiamento do plan concertado serán computadas para efectos

da porcentaxe obrigatoria mínima establecida nos artigos 76º e 77º da presente lei.

Undécima. A prestación dos servizos regulados na presente lei realizarase de conformidade cos acordos e convenios internacionais que afecten a dita materia.

Disposicións transitorias

Primeira.

1. De conformidade coas competencias atribuídas ás entidades locais na presente lei, arbitrase regulamentariamente o procedemento para a transferencia dos equipamentos, persoal, medios materiais e dotación presupostaria correspondentes ás mesmas.

A devandita transferencia incluírá, entre outros, os seguintes tipos de equipamentos:

- a) Garderías infantís.
- b) Centros sociais.
- c) Fogares e clubs.
- d) Centros de menores.
- e) Residencias da terceira idade, agás as asistidas.

2. A transferencia dos equipamentos sinalados nas letras d) e e) do parágrafo anterior producirase progresivamente na medida en que se vaian acadando os obxectivos de cobertura en condicións de igualdade para a poboación de todo o territorio galego.

3. A transferencia dos citados equipamentos non se levará a cabo ata que non se aprobe o plan de equipamentos para a respectiva área de actuación, agás no caso daqueles que teñan un ámbito exclusivamente municipal, nos que se poderá efectuar a súa transferencia con anterioridade.

Segunda. En tanto non se constitúa o Consello Galego de Servizos Sociais, de acordo co disposto nesta lei, desenvolveranse as funcións atribuídas no artigo 40º, de conformidade coa composición establecida no Decreto 31/1989, do 3 de febreiro.

Terceira. Nas normas de desenvolvemento da presente lei referentes á acredita-



ción de centros e servicios estableceranse os prazos máximos de adaptación ás mesmas dos respectivos equipamentos.

Cuarta. En tanto non se aprobe o Plan galego de equipamentos e servicios sociais, as entidades locais e demais entidades prestadoras de servicios sociais financiadas con fondos públicos deberanse someter á directrices de planificación emanadas da consellería competente na materia para cada área de actuación.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto na presente e en particular:

- A lei 31/1987, do 27 de maio, de servicios sociais.
- O Decreto 264/1988, do 7 de xullo, polo que se crea o rexistro de asociacións e outras entidades de iniciativa social.
- A Orde do 24 de novembro de 1988 pola que se normaliza a instancia para a solicitude de inscrición no citado rexistro, regulado polo Decreto 264/1988, do 7 de xullo.
- O Decreto 31/1989, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura e as funcións do Consello Galego de Servicios Sociais.
- O Decreto 131/1989, do 29 de xuño, polo que se regulan os servicios sociais comunitarios, no non derogado xa pola Lei galega 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social.
- Os artigos 2º e 3º do Decreto 258/1990, do 27 de abril, polo que se establece o réxime xeral das axudas e subvencións que serán concedidas pola Consellería de Traballo e Servicios Sociais en materia de servicios sociais.

Disposicións derradeiras

Primeira. Autorízase a Xunta de Galicia a dictar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento desta lei.

Segunda. A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

III. REXISTRO DE ENTIDADES

6

Decreto 291/1995, do 3 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, no relativo ós rexistros de entidades prestadoras de servicios sociais.

(DOG nº 218, do 14-11-1995)

No eido da asistencia social a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, segundo o disposto no artigo 27.23º do seu Estatuto de autonomía, en relación co artigo 148.1º20 da Constitución Española.

En virtude desa atribución de competencias, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, na que se ordenan e regulan os aspectos básicos dun sistema integrado de servicios sociais, definido como servicio público da Comunidade Autónoma de Galicia.

A antedita lei, no seu artigo 32.3º, prevé a existencia dun rexistro administrativo no que deberán inscribirse as entidades prestadoras de servicios sociais con carácter previo ó inicio das súas actividades. Polo Decreto 95/1994 reguláronse os rexistros de entidades prestadoras de servicios sociais dependentes das consellerías de Sanidade e Servicios Sociais e de Familia, Muller e Xuventude.

O desenvolvemento normativo da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, no que atinxe á tipificación de programas e centros e o réxime de autorización e acreditación destes últimos, aconsella a revi-



sión do antedito decreto co fin de adecuar a organización dos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais ás novas esixencias legais.

Por todo o exposto, a iniciativa da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e da Consellería de Familia, Muller e Xuventude e por proposta da Consellería da Presidencia e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da xunta de Galicia na súa reunión do día tres de novembro de mil novecentos noventa e cinco,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

ARTIGO 1º.

O presente decreto ten por obxecto a regulación dos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais, dependentes da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, configurados como instrumentos básicos de coñecemento, control, planificación, ordenación e publicidade do sistema de servizos sociais.

ARTIGO 2º.

Toda entidade que desexe prestar servizos sociais no territorio da Comunidade Autónoma galega deberá inscribirse, con carácter previo ó inicio das súas actividades, no rexistro da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e/ou no da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, segundo corresponda en función das áreas de actuación establecidas no artigo 5.3º da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, ás que dirixa a súa actividade.

ARTIGO 3º.

1. Para os efectos previstos no presente decreto, terá a consideración de entidade prestadora de servizos sociais toda persoa física ou xurídica, legalmente recoñecida

como tal, que sexa titular de centros ou desenvolva programas de servizos sociais.

2. Son centros de servizos sociais todos aqueles equipamentos, establecementos e instalacións regulamentariamente tipificados, nos que se desenvolvan dun xeito estable e continuado servizos, programas e actividades de atención directa nas distintas áreas de actuación dos servizos sociais.

3. Considéranse programas de servizos sociais o conxunto articulado de obxectivos, accións e recursos materiais e humanos, identificados e dotados orzamentariamente, se é o caso, por medio dos cales se procuran solucións ás necesidades sociais. En todo caso estes programas deberán adecuarse ás tipoloxías que se establezan regulamentariamente para o efecto.

ARTIGO 4º.

Serán obxecto de inscrición as entidades prestadoras de servizos sociais, debendo anotarse tamén os seus centros autorizados.

ARTIGO 5º.

A anotación dos centros realizarase de oficio, unha vez concedidos pola consellería competente o permiso de inicio de actividades, de acordo co disposto no Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais. Así mesmo, deberá anotarse de oficio o permiso de cesamento de actividades dos centros –o que determinará a cancelación da súa anotación no rexistro–, e a súa acreditación, se é o caso.

ARTIGO 6º.

As entidades inscritas deberán remitir anualmente, e antes do 31 de marzo, unha memoria das actividades realizadas durante o ano anterior.

ARTIGO 7º.

1. A inscrición da entidade cancelárase pola extinción da súa personalidade xurídi-



ca pola imposición de sancións que pola súa propia natureza supoñan este efecto ou a petición de parte. Así mesmo poderá ser tamén causa de cancelación a inactividade na prestación de servizos sociais no período de tres anos.

2. A cancelación acordarase de oficio ou por instancia de parte interesada, por resolución da consellería correspondente, logo da instrución do oportuno expediente no que será oído, sempre e en todo caso, o titular ou representante legal da entidade.

ARTIGO 8º.

As unidades administrativas encargadas dos rexistros, no exercicio das súas funcións, poderán requirirllas ás entidades prestadoras de servizos sociais canda información sexa necesaria, para os efectos previstos no artigo 1º do presente decreto.

ARTIGO 9º.

Os rexistros son públicos e o acceso a eles polos cidadáns exercerase nos termos e condicións establecidos pola Lei 30/1992, do 27 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Capítulo II

Organización do rexistro

ARTIGO 10º.

1. Os rexistros constarán materialmente de libro diario, libro de rexistro de entidades, ficheiro auxiliar de centros e arquivo de documentación. O libro de rexistro e o ficheiro levaranse simultaneamente sobre soportes escritos e informáticos.

2. Regulamentariamente deteminaranse as condicións e requisitos formais que deberán reunir estes libros co fin de garantir a súa autenticidade.

ARTIGO 11º.

No libro diario farase o correspondente

asento de todo escrito ou documentación que afecte a este rexistro. Os asentos anotaranse respectando a orde temporal de recepción e indicarán a data desta.

ARTIGO 12º.

1. Cada entidade abrirá folio no libro de rexistro e concederáselle un número diferente e correlativo. No devandito folio reflectiranse os seus datos identificativos.

2. Así mesmo, deberán anotarse os centros autorizados para o seu funcionamento de que sexa titular a entidade, outorgándose a cada un deles un número de identificación.

3. Tamén serán obxecto de anotación no libro de rexistro as sancións impostas á entidade polas infraccións cometidas no exercicio das súas actividades, así como calquera outro dato que sobre ela sexa considerado de interese.

ARTIGO 13º.

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, os rexistros apoianse nun ficheiro auxiliar no que constará por extenso os datos referentes ós centros de que sexa titular cada entidade.

Capítulo III

Procedemento

ARTIGO 14º.

1. Para a inscrición dunha entidade nos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais o titular ou o seu representante legal deberán presentar, perante a consellería competente por razón da área de actuación, solicitude en modelo normalizado que deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Acreditación da identidade do asinante da solicitude e, se é o caso, da representación que ostente.
- Copia da acta ou acordo de creación da entidade e dos seus estatutos, así



como certificado de inscrición no rexistro ou rexistros correspondentes á súa natureza, cando se trate de persoas xurídicas. As entidades locais estarán exentas de presenta-la documentación á que se refire este apartado.

- c) Copia da tarxeta de identificación fiscal.
- d) Documento acreditativo da composición do órgano de dirección expresando o nome completo de cada membro e o seu documento nacional de identidade. No caso de que se trate dunha entidade local só deberá indica-lo órgano ou departamento de dirección.

A documentación á que se refiren os apartados anteriores deberá presentarse debidamente compulsada.

- e) Xustificante acreditativo de ter satisfeitas as taxas por servizos administrativos de conformidade co establecido na lexislación vixente na materia.

2. Ademais do disposto no parágrafo anterior, a entidade deberá presentar unha relación dos centros ou programas que prenda desenvolver no eido dos servizos sociais.

ARTIGO 15º.

Cando do exame da documentación presentada se apreciase falta ou defecto nela, requirirase ó asinante para que nun prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera, se considerará desistido da súa petición e esta se arquivará sen máis trámite.

ARTIGO 16º.

1. A consellería competente, á vista do expediente, dictará, no prazo máximo de tres meses a partir da presentación da solicitude, resolución concedendo ou denegando a inscrición da entidade. A non reso-

lución en prazo terá carácter estimatorio.

2. A resolución denegatoria da inscrición deberá ser motivada e contra ella poderá interperse, no prazo dun mes, recurso ordinario perante o titular da consellería que dictase a resolución.

ARTIGO 17º.

O titular ou representante legal da entidade poñerá en coñecemento da consellería competente todas aquelas modificacións que afecten os datos sinalados no artigo 14.1º da presente disposición, para os efectos da súa anotación no rexistro correspondente. Con tal fin presentará solicitude normalizada acompañada de documentación que as acredite no prazo dun mes desde que estas se produzan.

Disposicións transitorias

Primeira. Co fin de adapta-los rexistros existentes á nova organización rexistral establécese un prazo de 3 meses, contados a partir da data de entrada en vigor deste decreto, para proceder ó traslado de oficio dos datos relativos ás entidades inscritas ós novos libros rexistrais. Con esta finalidade poderá requirírselles ás entidades canta documentación sexa necesaria.

Segunda. No prazo de 3 meses, a partir da publicación da presente disposición, deberá aprobarse a normativa que a desenvolva.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 95/1994, do 8 de abril, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, no relativo ós rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais e a Orde do 6 de xuño de 1994 que o desenvolve.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais e a conselleira de Familia, Muller e xuventude, para dicta-las normas necesarias para o desenvolvemento



do presente decreto, dentro do ámbito das súas competencias.

Segunda. A presente norma entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

7

Orde do 5 de febreiro de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 291/1995, do 3 de novembro, relativo ós rexistros de entidades prestadoras de servicios sociais.

(DOG nº 35, do 19-2-1996)

En cumprimento do disposto no artigo 32.3º da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, polo Decreto 95/1994, do 8 de abril, reguláronse os rexistros de entidades prestadoras de servicios sociais dependentes das consellerías de Sanidade e Servicios Sociais e Familia, Muller e Xuventude.

O posterior desenvolvemento normativo da Lei galega de servicios sociais requiriu a modificación dos devanditos rexistros co fin de axustarse ás novas esixencias legais, o que se realizou polo Decreto 291/1995, do 3 de novembro.

Ante a nova organización rexistral, considérase necesaria unha norma que regule polo miúdo os seus instrumentos materiais así como as correspondentes solicitudes normalizadas relativas ós procedementos rexistrais.

Por todo o exposto, en virtude das competencias que teño atribuídas,

DISPÓÑO:

ARTIGO 1º.

1. Para a inscrición dunha entidade no rexistro de entidades prestadoras de servicios sociais dependente da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, o titular ou o seu representante legal deberá presentar solicitude normalizada conforme o modelo establecido no anexo I acompañada da do-

documentación referida no artigo 14 do Decreto 291/1995, do 3 de novembro.

2. Para os efectos de dar cumprimento á obriga establecida no artigo 17 do Decreto 291/1995, o titular ou o representante legal da entidade deberá presentar solicitude normalizada de modificación segundo modelo do anexo II, xunto coa documentación acreditativa dela.

3. Para obter a cancelación da inscrición a petición da entidade, o seu titular ou representante legal presentará solicitude normalizada conforme o anexo III, acompañada de certificación expresiva do correspondente acordo adoptado pola entidade, cando se trate de persoas xurídicas.

4. Tódalas solicitudes se dirixirán á Dirección Xeral de Servicios Sociais que resolverá o expediente, podendo presentarse no rexistro xeral da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais ou en calquera dos establecementos ós que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ARTIGO 2º.

O rexistro constará materialmente de libro diario, libro de rexistro de entidades, ficheiro auxiliar de centros e arquivo de documentación. O libro de rexistro e o ficheiro auxiliar levaranse simultaneamente sobre soportes escritos e informáticos.

ARTIGO 3º.

1. O libro diario e o de rexistro constarán de 500 follas útiles, máis a portada e unha final en branco. Tódalas follas estarán seladas e numeradas correlativamente no ángulo superior dereito.

Na parte superior da folla de portada estamparanse as seguintes palabras: libro diario ou libro rexistro, segundo correspondente, seguido de Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais e debaixo como nº...



Na parte media de dita folla estenderase certificación, selada e firmada polo secretario xeral ou persoa en quen delegue, expresiva de que o libro reúne o número de follas esixidas, que estas están numeradas, a circunstancia de non estar ningunha delas riscada ou utilizada e a data da súa apertura.

2. Os tomos de ámbolos dous libros numeraranse por orde de antigüidade.

ARTIGO 4º.

No libro diario farase o correspondente asento de todo escrito ou documentación que afecte a este rexistro.

Os asentos anotaranse respectando a orde temporal de recepción e indicarán a súa data, sen deixar claros entre eles.

Este libro levarase exclusivamente en soporte escrito.

ARTIGO 5º.

1. No libro rexistro inscribíranse as entidades prestadoras de servizos sociais, e deberán anotarse, así mesmo, os seus centros autorizados.

2. A anotación dos centros realizarase de oficio trala concesión do correspondente permiso de inicio de actividades.

3. Este libro constará de follas móbiles, numeradas e seladas, estendendo o secretario xeral dilixencia de apertura, nos termos establecidos no artigo 3º.1 da presente orde.

4. Cada entidade abrirá folio no rexistro e concederáselle un número diferente e correlativo, reservando o encargado do rexistro o número de follas que considere oportuno, do que deixará constancia. Completadas estas, e cando sexa preciso engadir novos datos da entidade, acudirase a un libro rexistro complementario que terá as mesmas garantías formais que o principal. O responsable do rexistro identificará, ó pe da páxina da última folla resevada á entidade, o libro complementario onde

se recollen os posteriores datos relativos á mesma.

A primeira anotación que se fará no libro rexistro complementario será a referencia ó tomo e folla na que está inscrita a entidade.

ARTIGO 6º.

1. No libro rexistro reflectiranse, entre outros, os seguintes datos da entidade:

- Denominación.
- Número de rexistro asignado.
- Data de resolución da inscrición.
- Código ou número de identificación fiscal.
- Categoría.
- Ámbito xeográfico de actuación
- Áreas de actuación dos servizos sociais nas que incide a súa actividade.
- Domicilio social.
- Datos identificativos do representante legal.

2. Igualmente, deberán facerse constar no devandito libro os centros de que dispón cada entidade, dándolles un número de identificación a cada un deles e anotando os seguintes datos relativos a eles:

- Denominación e tipoloxía.
- Data de concesión do permiso de inicio de actividades.
- Data de concesión do permiso de cesamento total e definitivo das actividades do centro e da correspondente cancelación.
- Data de concesión da acreditación, se é o caso.

ARTIGO 7º.

1. O ficheiro auxiliar de centros configúrase como instrumento de apoio ó rexistro, e nel farase constar por extenso os datos máis relevantes dos centros autorizados de que dispoña cada entidade.



2. Levarase unha ficha de cada centro, que deberá actualizarse periodicamente, e na que figurará o seu número de identificación, e os seguintes datos:

- a) Denominación.
- b) Entidade da que depende.
- c) Número de identificación.
- d) Tipoloxía.
- e) Área de actuación.
- f) Beneficiarios.
- g) Enderezo.
- h) Datos identificativos do director responsable.
- i) Datas de autorización, acreditación e peche.
- j) Número total de prazas
- k) Número de prazas concertadas ou conveniadas.
- l) Cadro de persoal.
- ll) Custo da praza no centro.
- m) Outras prestacións ou servizos.
- n) Subvencións percibidas e convenios asinados coa Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.
- ñ) Outros datos de interese.

Disposición derradeira

Primeira. Autorízase o director xeral de Servizos Sociais para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da presente orde.

Segunda. A presente orde entrará en vigor o seguinte día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

IV. AUTORIZACIÓN E ACREDITACIÓN DE CENTROS

8

Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais.

(DOG nº 159, do 21-8-1995)

No exercicio da competencia exclusiva que en materia de asistencia social recoñece o artigo 27.23º do Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, na que se ordenan e regulan os aspectos básicos dun sistema integrado de servizos sociais definido como servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia.

O título segundo da devandita lei establece unha distribución competencial nesta materia entre as entidades locais e a Administración autonómica atribuíndolle a esta, entre outras, as competencias sobre homologación, rexistro e control de centros, públicos ou privados, con ou sen ánimo de lucro, que presten servizos sociais.

Co fin de garantir a calidade na prestación dos servizos e os dereitos dos usuarios, compre desenvolver as previsións da lei regulando as obrigas ás que quedarán suxeitas as entidades prestadoras de servizos sociais, os requisitos que deberán cumprir os centros, así como os procedementos para a obtención das necesarias autorizacións e permisos que os habiliten para a apertura e inicio de actividades.

Na súa virtude, por iniciativa da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e a Consellería de Familia, Muller e Xuventude e por proposta da consellería da Presidencia e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteito de xullo de mil novecientos noventa e cinco,

DISPOÑO:



Capítulo I

Disposicións xerais

ARTIGO 1º.

O presente decreto ten por obxecto a regulamentación do réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais, así como o establecemento das condicións e requisitos que deben cumprir para o seu funcionamento.

ARTIGO 2º.

1. O ámbito de aplicación deste decreto esténdese a tódalas entidades prestadoras de servizos sociais, públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que sexan titulares de centros de servizos sociais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para efectos do establecido no apartado anterior, e de acordo co previsto no artigo 32 da Lei 4/1993, do 14 de abril, terá a consideración de entidade prestadora de servizos sociais toda persoa física ou xurídica, legalmente recoñecida como tal, que sexa titular de centros ou desenvolva programas nas áreas de actuación sinaladas no artigo 5.3º da devandita lei.

ARTIGO 3º.

1. Tódalas entidades prestadoras de servizos sociais estarán obrigadas:

- A inscribirse, con carácter previo ó inicio das súas actividades, no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da consellería competente en función da súa área de actuación.
- A que os centros dos que sexan titulares cumpran os requisitos establecidos na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, no presente decreto e nas súas normas de desenvolvemento, co fin de axustarse á tipoloxía específica que lles corresponda.
- A solicitar as autorizacións administrativas que correspondan de acordo

co disposto no capítulo II da presente disposición.

- A comunicar á consellería competente, con carácter previo ó seu cobramento, os prezos a percibir pola prestación dos seus servizos, se é o caso, así como as variacións que sobre os mesmos se pretendan introducir.
- A facilitar á consellería competente a información que lles sexa solicitada no exercicio das súas competencias.

2. As devanditas entidades estarán ademais suxeitas á inspección dos órganos autorizados da consellería, co fin de comprobarlo cumprimento da normativa de servizos sociais, así como ó exercicio da potestade sancionadora de acordo co disposto no título VI da Lei de servizos sociais e a normativa que a desenvolva.

3. Aquelas entidades que estean financiadas con fondos públicos deberán, ademais, adecuarse ás directrices de planificación que dicte a consellería competente na materia.

Capítulo II

Das autorizacións administrativas

Sección 1ª

Disposicións xerais

ARTIGO 4º.

1. Para os efectos do presente decreto enténdese por autorización o acto polo cal a Administración autonómica permite a creación, modificación ou peche dos centros prestadores de servizos sociais, así como o inicio ou cesamento das súas actividades co fin de garantir a calidade na prestación dos servizos, os dereitos dos usuarios, e unha asistencia axeitada ás súas necesidades.

2. Para que os centros dependentes dunha entidade poidan ser autorizados será necesario que cumpran os requisitos xerais e específicos relativos á calidade da prestación, persoal e condicións arquitectónicas e de equipamento que se establecen



na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, neste decreto e nas súas normas de desenvolvemento.

ARTIGO 5º.

Terán a consideración de centros todos aqueles equipamentos, establecementos e instalacións regulamentariamente tipificados nos que se desenvolven dun xeito estable e continuado servizos, programas e actividades de atención directa nas distintas áreas de actuación dos servizos sociais.

ARTIGO 6º.

Os centros de servizos sociais estarán suxeitos ó seguinte réxime de autorizacións:

- a) Aqueles que dependan de entidades prestadoras de servizos sociais de iniciativa privada, social ou lucrativa precisarán autorización administrativa previa para a súa creación, construción ou modificación substancial, así como o correspondente permiso de inicio ou cesamento de actividades neles.
- b) Os centros dependentes de entidades locais precisarán unicamente permiso para o inicio ou cesamento das súas actividades.
- c) Os centros de servizos sociais propios da Administración autonómica crearanse por decreto precisando orde da consellería competente para o inicio das súas actividades.

ARTIGO 7º.

1. Tódolos centros de servizos sociais, calquera que sexa a súa tipoloxía ou titularidade, deberán cumprilos seguintes requisitos xerais:

1.1. Materiais:

- a) Adecuarse ás normas técnicas, sanitarias, de hixiene e de seguridade, previstas na lexislación vixente que les sexa aplicable.

- b) Estar situados en áreas integradas ou próximas a núcleos urbanos, salvo que o programa de intervención social esixa outro empraçamento máis adecuado.
- c) Situar preferentemente en planta baixa ou primeira, agás os centros que constitúan edificios de uso exclusivo.
- d) Aqueles con máis de un piso de altura disporán de ascensor con capacidade para o traslado de usuarios con limitacións graves de mobilidade.
- e) Estar dotados de iluminación e ventilación suficiente, así como de calefacción que garanta unha temperatura interior adecuada, e auga quente en sanitarios e cociña.
- f) Dispor dun plano de evacuación, sistema contra incendios así como iluminación e sinalización de emerxencia.
- g) Adecuarse á tipoloxía dos usuarios, e contar co equipamento mobiliario que precisen segundo as súas características.
- h) Cumprir a normativa vixente en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras.
- i) Dispor de instalación telefónica co exterior, e sempre que o centro teña unha capacidade superior a 25 prazas deberá contar ademais como mínimo cunha liña para uso exclusivo dos usuarios.

1.2. Funcionais:

- a) Estar adaptados funcionalmente ás condicións dos seus usuarios, así como ós programas que nos mesmos deban desenvolverse.
- b) Garantir tódolos dereitos legalmente recoñecidos ós usuarios.
- c) Os centros de carácter residencial deberán dispor dun regulamento de réxime interior e dun libro rexistro de usuarios.



- d) Ter un libro de reclamacións á disposición dos usuarios.
- e) Ter subscrita póliza de seguros de responsabilidade civil que garanta a cobertura das indemnizacións ós usuarios e sinistros do edificio.
- f) Expoñer, para coñecemento dos usuarios, tanto as autorizacións concedidas como, se é o caso, os prezos dos servicios prestados.

2. Malios requisitos xerais establecidos no apartado anterior, os centros deberán, ademais, adecuarse ós requisitos específicos que, de acordo coa súa tipoloxía e área de actuación a que se dirixa, se establezan nas correspondentes ordes de desenvolvemento deste decreto.

ARTIGO 8º.

As autorizacións que se regulan no presente decreto caducarán no prazo de un ano desde a súa concesión, caso de que non se iniciaran as actuacións que as motivaron.

ARTIGO 9º.

Unha vez concedidos pola consellería competente os permisos de inicio ou cesamento de actividades dos centros, anotaranse de oficio no correspondente rexistro de entidades prestadoras de servicios sociais.

ARTIGO 10º.

O incumprimento do réxime de autorizacións, permisos e demais obrigas establecidas no presente decreto e nas súas normas de desenvolvemento, determinará a imposición das sancións que correspondan de acordo co establecido no título VI da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais.

ARTIGO 11º.

Sen prexuízo do previsto no artigo anterior, cando a consellería competente teña

coñecemento da creación, construción, modificación substancial, inicio ou cesamento de actividades de calquera centro de servicios sociais sen a preceptiva autorización ou permiso, poderá proceder á regularización da situación, se é o caso, a través do correspondente procedemento, podendo decreta-las medidas cautelares que coide oportunas ata a súa resolución.

ARTIGO 12º.

O disposto no presente decreto aplicárase sen prexuízo da obtención doutras autorizacións administrativas esixibles de acordo coa legislación vixente.

Sección 2ª

Das autorizacións para a creación, construción e modificación substancial de centros

ARTIGO 13º.

As entidades de iniciativa privada precizarán para a creación ou construción de centros, así como para a modificación substancial deles, autorización administrativa previa nos termos sinalados nos artigos seguintes.

ARTIGO 14º.

1. Para efectos establecidos no presente decreto, entenderase por creación de centro tanto a edificación de nova planta, como aquelas reformas que pola súa natureza signifiquen un cambio do destino actual do inmovible co fin de adecuarse ás condicións requiridas para cada tipo de centro pola normativa vixente nesta materia.

2. Considérase modificación substancial dun centro os cambios na súa estrutura funcional ou na súa capacidade asistencial en máis dun 25%, sempre que afecte a un mínimo de 10 prazas.

ARTIGO 15º.

O procedemento para a obtención da autorización de creación, construción ou



modificación substancial de centros iniciárase coa presentación pola entidade da correspondente solicitude ante a consellería competente, acompañada da seguinte documentación:

- a) Documento acreditativo da personalidade do solicitante e, se é o caso, da representación que ostente, así como copia compulsada dos estatutos cando se trate de persoas xurídicas.
- b) Proxecto técnico da obra acompañado de memoria xustificativa do cumprimento da normativa vixente que lle sexa aplicable, así como que se axusta tanto ós requisitos xerais aplicables, a tódolos centros, como ós específicos que lles sexan esixibles de acordo coa súa tipoloxía.
- c) Documentación acreditativa da titularidade do inmovible ou establecemento.
- d) Memoria explicativa dos fines concretos que se perseguen, usuarios ós que se dirixe e previsión da capacidade ou número de prazas do centro.
- e) Estudo económico financeiro, fontes de financiamento e plano económico para o sostemento.
- f) Relación do equipamento mobiliario.

Non será necesario presentalos documentos referidos no parágrafo a), cando estes obrasen xa no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da consellería competente.

ARTIGO 16º.

Recibida a documentación, o órgano competente procederá á instrución do correspondente expediente administrativo; enténdese que se os documentos aportados pola entidade están incompletos requirirase ó solicitante para que, no prazo máximo de dez días emende as deficiencias obser-

vadas, con indicación de que se así non se fixese terase por desistido da súa petición, arquivándose sen máis trámite.

ARTIGO 17º.

Completado o expediente, no prazo de un mes emitirase informe técnico sobre o cumprimento pola entidade de tódolos requisitos xerais e específicos que para cada área de actuación e tipo de centro lles sexan esixibles de acordo co disposto na normativa de aplicación.

ARTIGO 18º.

Observadas deficiencias, comunicaráselle ó interesado con indicación do prazo para proceder a súa emenda que nunca poderá ser superior a un mes. A non emenda en prazo suporá a denegación da autorización solicitada.

ARTIGO 19º.

O órgano competente dictará a resolución que proceda no prazo máximo de tres meses. Transcorrido o dito prazo entenderase estimada a petición.

Sección 3ª

Do permiso para o inicio ou cesamento de actividades dos centros

ARTIGO 20º.

A apertura ou posta en funcionamento dun centro estará condicionada á obtención do correspondente permiso de inicio de actividades, de acordo co procedemento establecido nos artigos seguintes.

ARTIGO 21º.

O titular ou representante legal da entidade de que dependa o centro dirixirá a oportuna solicitude á consellería que corresponda, en razón da materia, acompañada da seguinte documentación:

- a) Documento acreditativo da personalidade do solicitante e, se é o caso,



da representación que ostente, así como copia compulsada dos seus estatutos cando se trate de persoas xurídicas.

- b) Memoria explicativa do centro con especificación dos fins, programas, período de actividades, medios técnicos e financeiros, número de prazas e tipo de usuarios.
- c) Relación detallada do persoal, con indicación da súa titulación, dedicación horario e adscrición de funcións, así como concreción do responsable do centro; a súa especialización profesional deberá axustarse á tipoloxía do centro do que se trate segundo a normativa que lle sexa aplicable.
- d) Proxecto de regulamento do réxime interior do centro, no que se contemplan os dereitos e maillos deberes dos usuarios recoñecidos pola Lei 4/1993, de servizos sociais, que se someterá á aprobación administrativa e que regulará, como mínimo, os seguintes extremos:
 - Normas de funcionamento do centro, horario de visitas, réxime de saídas e comunicacións co exterior.
 - Sistema de admisións e baixas. Neste sentido, o centro deberá dispor dun libro-rexistro dos usuarios e un expediente individualizado para cada un deles.
 - Réxime de cobramento dos prezos, se é o caso.
 - Sistema de participación dos usuarios, se é o caso.
- e) Documento acreditativo de ter suscrito póliza de seguros a que se refire a alínea e) dos requisitos funcionais establecidos no artigo 7.
- f) Relación detallada de equipamento material.

ARTIGO 22º.

Recibida a documentación e completada, se é o caso, o órgano instructor do expediente solicitará ó Servicio de Inspección informe sobre o cumprimento polo centro de tódolos requisitos xerais e específicos que lle sexan esixibles de acordo coa súa tipoloxía. O devandito informe deberá emitirse nun prazo máximo de un mes.

ARTIGO 23º.

No suposto de observarse deficiencias comunicaránselle ó interesado para que nun prazo non superior a un mes as emende. A non emenda no prazo outorgado suporá a denegación do permiso de inicio de actividades.

ARTIGO 24º.

O órgano competente dictará a resolución que proceda no prazo de máximo de tres meses, notificándoselle ó interesado. Transcorrido dito o prazo entenderase estimada a petición.

ARTIGO 25º.

Para o cesamento de actividades dun centro tanto temporal como definitivo, xa sexa parcial ou total, será preceptiva a obtención do correspondente permiso.

O cesamento temporal de forma parcial consiste na interrupción durante un prazo determinado da prestación dalgún dos servizos prestados.

Por cesamento temporal e total enténdese a interrupción de tódalas prestacións durante un período determinado.

Existe cesamento definitivo con carácter parcial cando deixa de prestarse algún dos servizos de forma permanente mentres continúan prestándose outros.

O cesamento definitivo total vén referido á finalización das actividades de prestación respecto de tódolos servizos.



ARTIGO 26°.

O permiso de cesamento das actividades dos centros deberá ser instado polo titular ou representante legal da entidade, cunha antelación mínima de tres meses, mediante solicitude normalizada acompañada da seguinte documentación:

- Memoria xustificativa das causas que provocan o cesamento de actividades.
- Calendario das fases previstas e a forma de supresión.
- Estado e situación dos usuarios afectadas polo cesamento.

ARTIGO 27°.

A solicitude e demais documentación presentada será obxecto de análise e comprobación, dictándose a oportuna resolución no prazo de tres meses. Transcorrido o dito prazo entenderase estimada a petición.

ARTIGO 28°.

Caso de ter recibido financiamento público, non poderá autorizarse o cesamento de actividades dun centro a non ser que a parte de financiamento non amortizada revertese á administración autonómica. Para tales efectos, entenderase que o financiamento para investimento inmobiliario se amortizará ós 20 anos, e a destinada a equipamento ós 5 anos.

ARTIGO 29°.

O permiso de cesamento total e definitivo de actividades dun centro suporá a cancelación da anotación do mesmo no correspondente rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.

Capítulo III

Da acreditación

ARTIGO 30°.

A acreditación é o acto polo que a Ad-

ministración reconece que un centro debidamente autorizado se adecúa á planificación e programación xeral dos servizos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no Plan Galego de Equipamentos e Servizos Sociais.

ARTIGO 31°.

A obtención da acreditación dun centro será requisito necesario para que a entidade da que dependa poida concertar ou convir prazas coa Administración autonómica, ou percibir axudas con cargo ós seus orzamentos.

ARTIGO 32°.

A acreditación levará consigo, ademais das obrigas de carácter xeral, o cumprimento das seguintes:

- Remitir balance económico do exercicio anterior así como o orzamento do centro para cada ano en curso, dentro dos 15 días seguintes á súa aprobación.
- Comunicar anualmente as variacións no cadro de persoal así como as altas e baixas dos usuarios.
- Admitir os usuarios propostos pola Administración autonómica sempre que se adecúen á tipoloxía do centro.

ARTIGO 33°.

A acreditación deberá ser solicitada pola entidade titular do centro perante o órgano competente da consellería que corresponda por razón da materia e será concedida sempre que o centro se adecúe ó Plan Galego de Equipamentos e Servizos Sociais.

ARTIGO 34°.

Unha vez concedida a acreditación polo órgano competente, anotarase de oficio no correspondente Rexistro de de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

**ARTIGO 35º.**

A acreditación poderá extinguirse ou suspenderse polos motivos que se sinalan a continuación:

- Por solicitude da entidade titular.
- Por ser sancionado pola comisión dunha infracción grave ou moi grave das tipificadas na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais.
- Por perda das condicións e requisitos esixidos pola normativa vixente para a obtención da acreditación.

Disposicións adicionais

Para os efectos do disposto no artigo 3º. l. d) do presente decreto, as entidades deberán comunica-los prezos a percibir pola prestación de servizos sociais cunha antelación mínima de un mes ó inicio da súa percepción.

Ó abeiro do disposto no artigo 31 da Lei 4/1993, de servizos sociais, poderase en caso necesario establecer limitacións ós devanditos prezos mediante orde da consellería competente na materia.

Disposicións transitorias

Primeira. As entidades titulares de centros en construción á entrada en vigor do presente decreto deberán, con carácter previo ó seu funcionamento, solicita-lo correspondente permiso de inicio de actividades segundo o procedemento establecido no capítulo II, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos que, de acordo coa súa tipoloxía, lles sexan esixibles.

Segunda. Os centros en funcionamento á entrada en vigor deste decreto deberán solicita-lo permiso de actividades no prazo máximo de seis meses, considerándose autorizados con carácter provisional ata a resolución do expediente.

Se á vista do expediente se apreciase que o centro non cumpre cos requisitos xerais e específicos esixidos segundo a súa tipoloxía, o órgano competente poderá, sempre que non se observen deficiencias graves que poñan en perigo a seguridade dos usuarios, outorgar na correspondente resolución un prazo non superior a tres anos para que por parte da entidade titular se proceda a efectua-las adaptacións necesarias podendo ser eximidas desta obriga sempre que o órgano de resolución aprecie que existe imposibilidade material para a realización de tales adaptacións. Así mesmo o prazo de 3 anos poderá ser prorrogado sempre que a importancia do investimento o xustifique e sexa debidamente acreditado mediante proxecto de financiamento.

Terceira. En tanto non se aprobe o Plan Galego de Equipamentos e Servizos Sociais da correspondente área de actuación non se esixirá a acreditación á que se refire o capítulo III do presente decreto para os efectos da concesión de axudas ou de concertar ou conveniar prazas coa Administración.

Cuarta. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor da presente disposición deberán aprobarse as ordes polas que se desenvolvan os requisitos específicos para cada tipo de centro e área de actuación.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase a consellería de Sanidade e Servizos Sociais e a consellería de Familia, Muller e Xuventude para dictaren no ámbito das súas respectivas competencias cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación do presente decreto.

Segunda. A presente norma entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**9**

Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumpli-los centros de atención a persoas maiores.

(DOG nº 88, do 6-5-1996)

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, atribúelle á Administración autonómica competencia para a regulamentación da entidades, servicios e centros, públicos ou privados, que presten servicios sociais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo as normas nas que se determinen as condicións de apertura, funcionamento, modificación, capacitación do persoal e cesamento de actividades dos centros.

No exercicio desta competencia, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servicios sociais. A citada norma estableceu os requisitos xerais que deben cumpli-los centros para a súa creación, apertura e posta en funcionamento, remitindo a unha normativa posterior a fixación das condicións e requisitos específicos que, segundo a súa tipoloxía e área de actuación, deba cumprir cada un deles.

A presente orde ten por obxecto a determinación dos requisitos específicos esixibles ós centros e establecementos que prestan atención ó colectivo de persoas maiores, co fin de garanti-la adecuación das instalacións, a calidade na prestación dos servicios e unha asistencia axeitada ás necesidades e características dos usuarios.

Así mesmo, as condicións arquitectónicas, materiais, de equipamento e de distribución de espazos que se establecen na presente norma pretenden garanti-la seguridade, privacidade, mobilidade e a confianza e desenvolvemento adecuados dos usuarios dos centros, procurando, en todo

caso, a súa integración no ámbito social máis próximo, facilitando e posibilitando a súa relación co mundo exterior.

En virtude do exposto e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34. 6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

ARTIGO 1º.

É obxecto da presente orde o desenvolvemento do Decreto 243/1995, do 28 de xullo, de autorización e acreditación de centros de servicios sociais, no relativo ós requisitos específicos que deben cumpli-los centros que presten atención ó colectivo de persoas maiores.

ARTIGO 2º.

1. Para os efectos da presente orde terán a consideración de centros de atención ás persoas maiores todos aqueles equipamentos, establecementos ou instalacións nos que se preste, dun xeito estable e continuado, atención directa a un mínimo de 6 persoas con idade igual ou superior a 65 anos, ou, excepcionalmente, maiores de 60 que pola súa situación persoal ou social precisen destes centros.

2. Son centros de atención os seguintes:

- a) Residencias.
- b) Vivendas comunitarias.
- c) Apartamentos tutelados.
- d) Centros de día.
- e) Fogares e clubs.

ARTIGO 3º.

1. As entidades prestadoras de servicios sociais que sexan titulares de centros de atención ás persoas maiores no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia estarán obrigadas a solicita-las au-



torizacións administrativas e os permisos que correspondan de acordo co disposto no capítulo II do Decreto 243/1995, do 28 de xullo.

2. O procedemento para a obtención das autorizacións administrativas para a creación, construción e modificación substancial dos centros de atención a persoas maiores, así como dos correspondentes permisos de inicio e cesamento de actividades, iniciárase por instancia do titular ou representante legal da entidade da que dependa o centro mediante solicitude, en impreso normalizado segundo os modelos que figuran como anexos III, IV e V, que será presentada ante a Dirección Xeral de Servizos Sociais, sen prexuízo do disposto no artigo 38. 4º da Lei 80/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As solicitudes deberanse presentar acompañadas dos documentos que para cada caso se sinalan nos artigos 15 e 21 do Decreto 243/1995, do 28 de xullo, e tramitaranse conforme o procedemento nel establecido.

ARTIGO 4º.

A competencia para a resolución dos expedientes de autorización para a creación, construción ou modificación substancial dos centros de atención ás persoas maiores, así como os permisos de inicio e cesamento das súas actividades, correspóndelle ó director xeral de Servizos Sociais.

ARTIGO 5º.

A Dirección Xeral de Servizos Sociais, a través da unidade administrativa correspondente e con carácter previo á resolución do expediente, poderá realizar as inspeccións que estime necesarias co fin de comprobalo cumprimento por parte dos centros de tódolos requisitos, xerais e específicos, esixidos, así como solicita-los informes que considere oportunos.

ARTIGO 6º.

O exercicio da potestade sancionadora respecto ás infraccións que se produzan en relación coas materias reguladas por esta orde, rexeráse polo disposto na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, e no Decreto 175/1995, do 16 de xuño, que a desenvolve.

ARTIGO 7º.

1. Tódolos centros que presten atención a persoas maiores deberán levar libros de reclamacións e de usuarios, se é o caso, sinalados nos apartados c) e d) do artigo 7. 1. 2 do Decreto 243/1995, do 28 de xullo.

2. No libro de rexistro de usuarios deberán constar os seguintes datos: nome e apelidos, data de alta, incidencias, data de baixa e causa.

3. O libro de reclamacións, constituído por follas numeradas segundo o modelo establecido no anexo II da presente orde, será dilixenciado pola Dirección Xeral de Servizos Sociais unha vez concedido o permiso de actividades do centro.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o director xeral de Servizos Sociais para dictar as resolucións que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento desta orde.

Segunda. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO I

REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS CENTROS DE ATENCIÓN AS PERSOAS MAIORES

1. Residencias para persoas maiores

Terán a consideración de residencias os centros destinados a vivenda permanente e común nos que se presta unha asistencia integral e continuada ás persoas maiores.



Segundo a súa capacidade as residencias clasifícanse en:

- Minirresidencias: de 13 a 59 prazas.
- Residencias: de 60 a 120 prazas.
- Grandes centros residenciais: superiores a 120 prazas.

A) Condicións materiais e arquitectónicas:

Tódalas residencias deberán contar coas seguintes áreas diferenciadas.

- Área de dirección-administración.
- Area residencial.
- Área de servizos xerais.
- Área de atención especializada.

a) Área de dirección-administración
Comprende os espazos destinados ás funcións de recepción de usuarios, dirección, administración e xestión do centro. Nas súas dependencias custodiaranse os libros de reclamacións e de rexistro de usuarios así como os demais documentos a que se refire o apartado 1.2 do artigo 7 do Decreto 243/1995, do 28 de xullo.

b) Área residencial
É a área onde o usuario desenvolve a súa vida individual e social. Comprende os espazos destinados a aloxamento, manutención e zonas de convivencia.

Habitacións: os espazos destinados con tal fin deberán:

- Dedicarse exclusivamente a dormitorios.
- Dispor de ventilación e iluminación natural, con fiestras cun mínimo de iluminación dun oitavo e de ventilación dun décimo da súa superficie. As fiestras deberán estar situadas a unha altura que permita a visibilidade en posición de sentado e con suficientes garantías de seguridade.

- Como norma xeral, serán individuais ou dobres, cunha superficie mínima útil, sen computalo espazo do cuarto de baño, de 9 ou 12 m², respectivamente.

Excepcionalmente, as habitacións destinadas a persoas afectadas de graves discapacidades poderán ter unha capacidade máxima de 4 prazas, correspondendo un mínimo de 7 m² por usuario.

As habitacións de persoas afectadas de demencia terán unha capacidade máxima de 2 prazas e deberán estar situadas nunha zona específica reservada para elas. Non obstante o anterior, por cada 12 destas prazas deberá existir unha habitación individual.

O equipamento mínimo consistirá en: cama de 0,90 m con punto de luz na súa cabeceira; no caso de persoas habitualmente inmobilizadas, a cama deberá ser articulada e estar dotada de colchón antiescaras; mesa de noite, que será móbil para persoas con problemas motores; armario con chave, cun mínimo dun 1 m³ de capacidade; cadeira de brazos e unha pequena mesa; ademais, tódalas habitacións deberán ter enchufe eléctrico, sistema de iluminación adecuado, e, sempre que non exista sistema de interfonía, deberá dispoñer de timbre de chamada de urxencias co correspondente piloto na parte exterior e con conexión interna coas zonas de control. Sen prexuízo do anterior, cada usuario poderá achega-lo seu propio mobiliario.

Servizos hixiénicos

Tódolos centros disporán de servizos hixiénicos en número suficiente e adaptados á tipoloxía dos seus usuarios.



Deberán estar situados en cuartos con ventilación directa e suficiente iluminación, contando coas correspondentes axudas en paredes e aparellos.

As portas, que serán corredieras ou de apertura cara ó exterior, terán un dispositivo sinxelo de apertura e peche e un paso libre de 0,90 metros.

O chan será antiesuaradio e de doada limpeza.

As paredes estarán alicatadas ata unha altura de dous metros como mínimo na zona de auga.

1) Zona de dormitorios.

Con independencia de considerar aconsellable que cada habitación dispoña dun servizo hixiénico propio, deberase contar cun mínimo dun servizo por cada 6 prazas. Na medida do posible procurárase que dispoña dun sistema de alarma ou dispositivo de chamada de urxencia con conexión interna coas zonas de control.

A dotación mínima consistirá en: inodoro e lavabo con billas facilmente prensibles; bañeira accesible ou ducha ó nivel do pavimento sobre base impermeabilizada, dispoñendo de asento fixo, ducha tipo teléfono e un sumidoiro sifónico de gran absorción no chan.

As residencias con máis de 25 prazas deberán contar en todo caso cun baño xeriátrico que permita a manobrabilidade dunha cadeira de rodas. Esta dotación básica deberase incrementar nunha unidade máis por cada 40 prazas asistidas ou, no seu defecto, pola colocación de paneis de toma e desagüamento de auga que permitan a utilización de carro de ducha hidráulico nas propias habitacións.

2) Zonas de uso común.

A dotación mínima consistirá nun aseo diferenciado para cada sexo equipado con lavabo e inodoro incrementándose nun máis por, cada 50 prazas ou fracción.

Accesos e corredores

Os corredores terán unha largura non inferior a 1,60 m e varandas de apoio de forma continua a 0,90 m de altura en ámbolos lados. Non obstante o anterior, en áreas utilizadas por residentes en cadeira de rodas os corredores terán, no posible, unha largura superior a 1,80 m co fin de permiti-lo paso simultáneo de dúas persoas.

Tódalas portas de paso ou acceso de residentes deberán permiti-la circulación dunha cadeira de rodas.

As escaleiras permitirán o paso simultáneo de dúas persoas, dispoñendo de varandas, e ofrecendo unha segura e comfortable configuración de chanzo e tabica. Cando para o acceso ó centro ou ás súas distintas dependencias sexa necesario salvar máis dunha planta, deberá contar cun ascensor con capacidade para o transporte dunha padiola.

Os pavimentos das zonas destinadas a residentes serán antiesuaradios e de doada limpeza.

Salas de convivencia

Terán unha dimensión non inferior a 30 m². Non obstante, se procurárase unha superficie mínima de 1,80 m² por praza.

Deberán ser exteriores e dispoñer de ventilación natural e suficiente iluminación.

Sempre que as estancias sexan superiores a 80 m² deberán existir separacións, rixidas ou móbiles,



que posibiliten distintos ambientes.

Comedor

Os locais destinados a comedor deberán contar cunha superficie mínima de 30 m², correspondendo polo menos 2 m² por usuario. As mesas posibilitarán o seu uso por persoas en cadeira de rodas.

c) Área de servizos xerais

Comprende os espazos destinados á prestación de servizos comúns tales como cociña, lavandería, eliminación de lixo, mantemento, seguridade e mortuorio.

Cociña

O servizo de cociña poderá ser propio ou contratado, e deberá cumprir en ámbolos casos os requisitos esixidos na lexislación vixente e, en especial, a regulamentación técnica sanitaria para comedores colectivos.

En todo caso, deberán ter espazos diferenciados para:

- Almacén de víveres.
- Manipulación e tratamento de alimentos.
- Lavado da menaxe e utensilios de cociña.

Lavandería

Tódalas residencias contarán con servizo de lavandería, propio ou contratado, que garanta o lavado periódico de lencería e roupa de uso persoal dos residentes.

Se o servizo de lavandería é propio do centro deberá estar illado de toda actividade relacionada coa manipulación de alimentos.

Utilizaranse contedores diferenciados para a roupa limpa e sucia. Esta última transportarase sempre en contedores pechados.

En todo caso, os centros deberán

contar cunha capacidade mínima de tratamento propio de lavado de roupa.

Eliminación de lixo

En tódolos centros deberá existir unha unidade de eliminación de lixo que teña como función o depósito e saída de residuos, cumprindo co previsto nas ordenanzas municipais e no seu defecto co seguinte:

O local será de uso exclusivo para tal fin, cunha superficie mínima de 6 m², e preferentemente, con evacuación directa á rúa. En ningún caso a saída de residuos poderá ser realizada a través das áreas residencial e de atención especializada.

O transporte de lixo a través do centro efectuarase sempre en contedores pechados debidamente sinalizados, permanecendo igualmente pechados durante o seu almacenamento provisional na unidade.

Periodicamente deberá efectuarse a desinfección e desparasitación do local.

Mantemento e seguridade

Ademais de cumprir os requisitos esixidos na lexislación vixente en materia de seguridade, prestarase especial atención ó mantemento, conservación e reparación, se é o caso, do mobiliario, instalacións e locais, co fin de evitar a súa deterioración, así como do conxunto de máquinas, caldeiras, instalacións ou instrumentos que, se entrañasen algún risco potencial, deberán ser manipulados exclusivamente por instaladores autorizados.

Mortuorio

Sempre que non exista un tanatorio próximo e de fácil acceso, as



residencias cun número de prazas igual ou superior a 60 deberán contar cun espazo destinado a mortuorio, dotado de ventilación ou renovación forzada de aire.

d) Área de atención especializada

Comprende os espazos destinados a presta-los servicios e tratamentos específicos que requiran os usuarios, así como a desenvolve-los programas propios do centro.

As unidades que integran a área de atención especializada deberán estar dotadas do equipamento necesario para o desenvolvemento das súas funcións.

Atención xeriátrica e enfermería

Con independencia do sistema de cobertura sanitaria, tódalas residencias disporán dunha área de asistencia xeriátrica e de enfermería que necesariamente deberá contar coas seguintes dependencias, debidamente interconectadas:

- Despacho médico, dotado de toma de auga, con espazo suficiente para permiti-lo recoñecemento e a exploración dos residentes.
- Sala de curas, con toma de auga e cunha superficie mínima útil de 6 m². Ata 60 prazas poderá constituír espazo conxunto co despacho médico.
- Zona de enfermería: o centro deberá dispor dunha porcentaxe de camas de enfermería correspondente ó 5% da súa capacidade total, cun máximo de 4 camas por habitación, reservándose alomenos unha habitación individual para situacións que requiran illamento.

A superficie mínima útil por cama será de 7 m².

Terá como mínimo un servicio hi-

xiénico completo, contando cun espazo encastrado reservado exclusivamente para lavado de cunhas.

Rehabilitación

Os centros residenciais con prazas asistidas deberán contar cun local, suficientemente ventilado e iluminado, destinado á rehabilitación dos residentes.

Este espazo, cunha superficie mínima de 20 m² no caso de residencias de menos de 59 prazas, e de 40 m² no resto dos centros, deberá situarse próximo ós servicios hixiénicos e sanitarios.

Unidade social

Tódalas residencias disporán dunha sala polivalente, cunha superficie mínima de 20 m², e próxima a algún servicio hixiénico de uso común. Esta sala destinarase á realización de distintas actividades ocupacionais, culturais, creativas ou participativas.

As residencias de máis de 59 prazas deberán contar cun despacho para a persoa responsable desta unidade, con capacidade suficiente para recibir a pequenos grupos de usuarios. Así mesmo, deberán dispoñer dunha antesala ou recibidor con capacidade cómo mínimo para dúas persoas.

B) Requisitos de persoal.

Todo centro residencial deberá contar coa figura dun responsable.

O persoal será o adecuado en número e especialización para presta-los servicios correspondentes.

A ratio mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa será de 0,20 por usuario en módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes. Para estes efectos entenderá-



se por atención directa a realizada tanto por persoal xerocultor como sanitario.

Garantírase a vixilancia e coidado da saúde dos residentes por persoal cualificado para esta función. Os centros cun número inferior a 40 prazas asistidas deberán contar coa presenza localizada de médico e ATS ou DUE durante as 24 horas. Aqueles cun número superior de prazas asistidas, ademais da presenza localizada do persoal médico, deberán contar coa presenza física do ATS ou DUE as 24 horas.

Sen prexuízo do anterior deberáselles prestar unha asistencia sanitaria integral a tódolos residentes, a través de prestacións de servicios profesionais propios ou concertados.

2. Vivendas comunitarias

Son equipamentos de pequeno ou mediano tamaño destinados a albergar en réxime de convivencia quasi-familiar a un número máximo de 12 persoas maiores, preferentemente cun alto grao de autovalemento.

A) Condicións materiais e arquitectónicas.

Estar situadas en pisos ou vivendas unifamiliares, xa sexa de forma unitaria ou agrupada; tanto no medio urbano como no rural deberán estar integradas nun contorno vivo e próximas ós servicios sociais e sanitarios.

Estar situadas en zonas suficientemente comunicadas ou con fáciles accesos. Así mesmo, é recomendable que existan espacios verdes e paseos próximos.

O seu deseño e construción deberá procura-la maior similitude posible a un fogar normalizado, escapando de toda concepción institucional.

Contará como mínimo cunha sala de estar que posibilite a convivencia e a integración social. A súa superficie nunca será inferior a 18 m² e deberá dispor de iluminación e ventilación natural.

As habitacións serán preferentemente individuais. No obstante, toda vivenda comunitaria contará polo menos cunha habitación para uso dobre. A superficie mínima útil será de 9 m² ou 12 m², respectivamente.

O equipamento mínimo por usuario será de cama de 0,90 m, mesa de noite, armario con chave cun mínimo de 0,60 m de largo e 1 m³ de capacidade, cadeira de brazos, mesa, enchufe eléctrico e sistema de iluminación adecuado. Sen prexuízo do anterior cada usuario poderá achega-lo seu propio mobiliario.

Toda vivenda comunitaria contará como mínimo con dous servicios hixiénicos diferenciados, un para cada sexo. Deberán estar dotados de axudas en paredes e aparrellos, así como dun timbre de chamada con conexión ás zonas comúnes. O chan será antiesuaradio e de doada limpeza e as portas terán un dispositivo sinxelo de peche e apertura. A dotación mínima consistirá en: lavabo e inodoro, con billas facilmente prensibles e ducha a nivel de pavimento, ou bañera accesible, con ducha tipo teléfono.

Servicios comúns: manutención, lavado de roupa e limpeza de zonas comúns, así como o apoio preciso para a realización das actividades da vida cotiá segundo necesidade.

B) Requisitos de persoal.

Este tipo de alternativa convivencial deberá contar como mínimo coa figura dun responsable encargado da coordinación e organización do centro.

No caso de unidades convivenciais nas que se integren persoas dependentes deberase garanti-lo apoio durante as 24 horas.

3. Apartamentos tutelados

Conxunto de vivendas independentes, agrupadas para a prestación en común de servicios colectivos, e con capacidade para albergar a unha ou a dúas persoas cun alto grao de autovalemento. Este sistema de aloxamento pretende potencia-la autono-



mía e privacidade dos seus usuarios garantíndolles ó mesmo tempo a seguridade e seguimento periódico da súa situación.

A) Condicións materiais e arquitectónicas.

Trátase de vivendas de tamaño reducido, cunha superficie mínima útil de 25 ou 45 m², segundo se trate de uso individual ou dobre.

O mobiliario básico será confortable, seguro e de fácil mantemento, posibilitándose en todo caso á súa achega polo propio usuario.

A cociña e demais electrodomésticos funcionarán con enerxía eléctrica, e estarán dotados de medidas de seguridade que reduzan ó máximo os posibles riscos dos usuarios.

Contarán cun sistema de chamada de urxencia con conexión interior ó posto de control.

Servicios comúns básicos: seguimento social, servizo de vixilancia e seguridade, limpeza de zonas comúns e zona de lavandería, así como recepción de chamadas de urxencia.

Servicios facultativos: comedor social, atención social e axuda domiciliaria.

B) Requisitos de persoal.

Existirá a figura dun responsable-coordinador, e garantirase, ben con medios propios ou concertados, a vixilancia e seguridade durante as 24 horas.

4. Centros de día

Son equipamentos destinados á atención diurna de persoas maiores con perda da súa autonomía física ou psíquica que, residindo nos seus propios fogares, precisen dunha serie de coidados e atencións de carácter persoal, terapéutico ou social.

A) Condicións materiais e arquitectónicas.

O centro deberá dispoñer dos recursos necesarios para levar a cabo as seguintes

prestacións: atención persoal (aseo, hixiene, comida, coidados básicos), rehabilitación menor, terapia ocupacional e animación socio-cultural. As instalacións e equipamentos deberán posibilitar a cobertura das necesidades específicas dos seus usuarios, adecuándose ás súas características.

O deseño dos locais deberá ter en conta as limitacións sensorias e funcionais dos seus usuarios, con supresión de todo tipo de barreiras.

As zonas de acceso adecuaranse tanto ó transporte adaptado como ós usuarios en cadeira de rodas.

Os aseos estarán adaptados, cunha dotación mínima de lavabo, inodoro e unha ducha asistida por cada 20 usuarios.

Deberá estar situado preferentemente en planta baixa ou primeira con fácil acceso ó exterior e con espazos ó aire libre.

Contará cun espazo polivalente, cunha superficie mínima de 2,5 m² por usuario, para a realización das distintas actividades individuais ou de grupo.

As características do mobiliario, tanto fixo como móbil, deberán axustarse ás condicións anatómicas e ás discapacidades do usuario.

As portas deberán ser accesibles para usuarios en cadeiras de rodas, con picaporte a adecuada altura e dotadas dun sistema sinxelo de apertura cara ó exterior.

As fiestras deberán estar situadas preferentemente a unha altura que permita a visibilidade en posición de sentados.

As varandas estarán separadas das paredes, con sección e altura adecuada á anatomía dos maiores.

A sala de curas terá unha superficie mínima de 6 m² e toma de auga quente e fría.

B) Requisitos de persoal.

O centro deberá contar coa figura dun responsable que poderá ser compartido coa residencia na que, se é o caso, estea integrado.



A ratio de persoal de atención directa en réxime continuado será de 1 por cada 10 usuarios, cun mínimo de dous, traballadores, garantíndose ademais, sempre que sexa necesario, a asistencia de: médico, axudante técnico sanitario ou diplomado universitario en enfermería, fisioterapeuta e psicólogo.

5. Fogares e clubs

Son centros destinados a servir como lugares de encontro nos que se promove fundamentalmente a convivencia dos maiores co obxectivo de desenvolver-la solidariedade e potencia-la integración persoal e comunitaria.

A) Condicións materiais e arquitectónicas.

Os locais ou edificios que alberguen estes centros deberán estar situados preferentemente en planta baixa ou 1ª con fácil acceso ó exterior, gozando de iluminación e ventilación natural.

Deberán contar cunha sala de estar e convivencia. Sempre que esta estancia sexa superior a 80 m² deberán existir separacións, rixidas ou móbiles, que posibiliten distintos ambientes.

Os aseos, diferenciados para cada sexo, serán adecuados para a súa utilización por persoas con discapacidades funcionais limitadas.

B) Requisitos de persoal.

Estes centros adaptaranse funcionalmente ós distintos programas que se leven a cabo neles, dispoñendo do persoal suficiente coa titulación e experiencia necesaria de acordo co tipo de actividades e o número de usuarios atendidos.

V. ESTATUTO BÁSICO DOS CENTROS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

10

Orde do 18 de agosto de 2000 pola que se aproba o Estatuto básico dos centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

(DOG nº 177, do 12-9-2000)

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, recolle entre os seus principios inspiradores os de normalización integración, e participación, mediante os que se instan os servizos sociais ó mantemento dos cidadáns no seu ambiente familiar e social ou, se é o caso, á súa inserción na comunidade, respectando o dereito á diferenza, así como á promoción da incorporación dos cidadáns á programación e prestación dos servizos sociais.

A propia lei nos seus artigos 36 e 39 ampara o dereito de todo usuario de centros e servizos a asociarse, co obxecto de favorecer-la súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades.

A integración dos usuarios e residentes nos centros e no seu contorno social e a súa participación nos órganos de representación destes, fai necesario que se estableza un marco normativo que defina o seu réxime de organización e funcionamento e que se articulen mecanismos de participación nos referidos órganos de representación.

Este estatuto cualifícase como básico xa que recolle preceptos fundamentais e susceptibles de posterior desenvolvemento a través do procedemento correspondente, sen prexuízo da súa inmediata aplicación.

Así mesmo, trátase dun estatuto aberto á comunidade na que se integran os centros e na que desenvolven as súas actividades.

Na súa virtude, en uso das competencias atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,



DISPOÑO:

ARTIGO ÚNICO.

Apróbase o Estatuto básico de centros sociais polivalentes, centros de atención ás persoas maiores e centros de atención ás persoas con minusvalidez, que figura como anexo á presente orde.

Disposicións adicionais

Primeira. Será de aplicación supletoria a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, así como a súa normativa de desenvolvemento, en relación co funcionamento dos órganos de participación e de representación dos centros.

Segunda. Poderán exceptuarse da obriga de constituí-los órganos previstos no capítulo V do Estatuto básico, os centros dependentes da Xunta de Galicia, que non superen un mínimo de cincuenta prazas así como os privados que xestionen un número de prazas financiadas con fondos autonómicos inferior ó dito número.

Disposición transitoria

No prazo de tres meses a partir da entrada en vigor da presente orde deberá ser elaborada pola Dirección Xeral de Servicios Sociais a normativa básica de réxime interior dos centros.

Disposicións derradeiras

Primeira. Queda facultada a Dirección Xeral de Servicios Sociais para dictar tantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da presente orde.

Segunda. A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO

ESTATUTO BÁSICO DOS CENTROS SOCIAIS

Capítulo I

Ámbito de aplicación

ARTIGO 1º.

O presente Estatuto básico de centros de servizos sociais será de aplicación a todos os centros sociais polivalentes, centros xerontolóxicos e de atención ás persoas maiores e centros de atención ás persoas con minusvalidez, xa sexan dependentes da Dirección Xeral de Servizos Sociais da Xunta de Galicia ou privados que xestionen prazas financiadas con fondos públicos autonómicos.

Capítulo II

Modalidades de centros

ARTIGO 2º.

Os centros sociais de carácter polivalente son establecementos dotados dos recursos materiais, humanos e financeiros, a través dos cales se desenvolven programas básicos de actuación ó nivel de atención primaria dirixidos a toda a poboación dun ámbito territorial determinado.

ARTIGO 3º.

Os centros de atención a persoas maiores e os centros xerontolóxicos son establecementos destinados á súa atención e asistencia necesarias, así como a facilitar a convivencia e a propiciar a participación e integración social das persoas maiores.

En tal sentido estes centros considéranse como recursos da comunidade en xeral e poderán servir, sen detrimento da súa finalidade esencial, de apoio para a prestación de servizos sociais e asistenciais a outros sectores da poboación, dentro dos ámbitos local e comarcal nas condicións que establece a Administración.



ARTIGO 4º.

Os centros de atención a persoas con minusvalidez son establecementos destinados a proporcionar atención integral e que serven de soporte para o desenvolvemento de programas específicos e para a atención e rehabilitación social, así como de vivenda permanente, cando así fora necesario, a persoas con minusvalidez física, psíquica ou sensorial que, pola gravidade da súa discapacidade e pola súa problemática socio-familiar ou económica, atopen graves dificultades para conseguir unha integración laboral ou social.

Estes centros poderán servir de apoio para a prestación de servizos sociais a outros sectores da poboación, nas condicións que estableza a Administración.

ARTIGO 5º.

Os centros de atención a persoas con minusvalidez e os centros xerontolóxicos de atención a persoas maiores clasifícanse, polos seus obxectivos e características, en:

Centros de atención a persoas con minusvalidez:

- a) Centros residenciais.
 - a.1. Residencias de minusválidos gravemente afectados.
 - a.2. Residencias de minusválidos adultos.
- b) Centros non residenciais.
 - b.1. Centros ocupacionais.
 - b.2. Centros de día.
 - b.3. Outros equipamentos.
- a.1. Son residencias de minusválidos gravemente afectados as que procuran, en réxime de internado, unha atención integral a aquelas persoas maiores de 16 anos con minusvalidez grave que non poden acudir a outros centros máis normalizados, sempre que precisen da axuda doutra persoa para a realización das actividades da vida diaria e non poi-

dan ser atendidos no seu medio familiar habitual.

Poderán establecerse convenios cos centros nos que se esixa a maioría de idade dos usuarios deles.

O número de prazas destas residencias no debe supera-las 200 unidades nin ser inferior a 30, podendo establecerse un número maior ou menor de prazas cando as necesidades da zona o aconsellen, configurándose un sistema modular.

- a.2. Son residencias para minusválidos adultos aquelas que procuran acollemento e convivencia, temporal ou permanente, para persoas minusválidas con certa autonomía persoal, usuarios habituais dun centro ocupacional que por razóns sociais, familiares e/ou económicas, non poidan permanecer no seu fogar e non poidan beneficiarse doutros recursos máis normalizados.

O número de prazas destes centros non deben supera-las 50 unidades nin ser inferior a 15, podendo establecerse un número maior cando as necesidades da zona o aconsellen, configurándose en sistema modular.

- b.1. Son centros ocupacionais aqueles que procuran servizos de terapia ocupacional e de axuste persoal e social ós minusválidos ou maiores de 16 anos que pola súa minusvalidez, temporal ou permanente, non poden acceder a un emprego ordinario ou protexido.

O número de prazas destes centros non deberá supera-los 80 nin ser inferior a 15, podendo establecerse un número maior cando as necesidades da zona o aconsellen, configurándose en sistema modular.

- b.2. Son centros de día aqueles que procuran servizos específicos de apoio preventivo, oferta especializada de recursos e actividades rehabili-



tadoras a aquelas persoas maiores de 16 anos con minusvalidez grave que non poden acudir a outros centros da rede específica para persoas con minusvalidez, sempre que dependan doutra persoa para as actividades da vida diaria.

O número de prazas destes centros será de 30 unidades, podendo establecerse un número maior ou menor de prazas cando as necesidades da zona o aconsellen, configurándose en sistema modular.

b.3. Outros equipamentos: vivendas comunitarias e apartamentos tutelados.

As vivendas comunitarias son equipamentos de pequeno ou mediano tamaño destinados a albergar en réxime de convivencia case-familiar a un número máximo de 14 persoas minusválidas con certa autonomía persoal.

Os apartamentos tutelados son fogares funcionais, de dimensións reducidas, nos que conviven dun xeito normalizado persoas minusválidas autosuficientes que por razóns sociais e/ou familiares teñan dificultades para unha integración familiar normalizada ou que a distancia xeográfica lles impida acudir diariamente ó centro ocupacional do que son usuarios.

Estes equipamentos funcionarán en réxime parcialmente autoxestionado baixo a supervisión e apoio dos servizos de atención primaria ou da entidade promotora correspondente e poderán estar vinculadas ós centros ocupacionais como estruturas de apoio, debendo estar localizadas próximas ós recursos sociais da zona.

Centros xerontolóxicos de atención ás persoas maiores:

a) Centros residenciais.

a.1. Residencias.

a.2. Vivendas comunitarias.

a.3. Apartamentos tutelados.

b) Centros non residenciais.

b.1. Centros de día.

b.2. Fogares e clubs.

b.3. Centros sociais polivalentes, coa particularidade de que polo seu carácter polivalente, tal como se define no artigo 2º, poden ser obxecto de utilización por toda a poboación.

a.1. As residencias son centros destinados a vivenda permanente e común nos que se presta unha asistencia integral e continuada ás persoas maiores.

a.2. As vivendas comunitarias son equipamentos destinados a albergar en réxime de convivencia case-familiar a un número máximo de 12 persoas maiores, preferentemente cun alto grao de autovalemento.

a.3. Os apartamentos tutelados son un conxunto de vivendas independentes agrupadas para a prestación en común de servizos colectivos e con capacidade para albergar a unha ou dúas persoas con alto grao de autovalemento.

b.1. Os centros de día son equipamentos destinados á atención diúrna de persoas maiores dependentes, con perda da súa autonomía física ou psíquica, que residindo nos seus propios fogares, precisen dunha serie de cuidados e atencións de carácter persoal, terapéutico ou social.

b.2. Os fogares e clubs son centros destinados a servir como lugares de encontro e convivencia dos maiores co obxectivo de desenvolver a solidariedade e de potencia-la integración persoal e comunitaria.

b.3. Os centros sociais de carácter polivalente son establecementos dotados dos recursos materiais, humanos e financeiros, a través dos cales se desenvolven programas básicos e



de actuación no nivel de atención primaria dirixidos a toda a poboación dun ámbito territorial determinado.

Capítulo III

Da dirección de centros públicos propios

ARTIGO 6º.

Os directores son os responsables dos centros, asumindo a súa organización funcional, exercida seguindo as indicacións, criterios e programas da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, sendo as súas funcións máis específicas as seguintes:

- a) Representa-lo centro e a Administración dentro del.
- b) Aplica-lo conxunto das disposicións reguladoras do funcionamento do centro e facilita-las actividades do Consello de Usuarios, mediante o asesoramento e apoio, encamiñado á mellora da calidade de vida dos usuarios cos recursos técnicos e humanos dispoñibles no centro.
- c) Promove-la organización e a coordinación de actividades e tarefas encamiñadas ó cumprimento dos obxectivos xerais do centro.
- d) Desempeña-la xefatura de persoal do centro.
- e) Iniciar, se é o caso, procedementos de incapacitación dos usuarios, segundo o regulado no Código Civil.
- f) Calquera outra que fose encomendada no exercicio das súas funcións pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en relación coas necesidades do centro.

ARTIGO 7º.

Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade, os responsables dos centros poderán ser suplidos temporalmente polo titular do posto indicado na relación de

postos de traballo ou, en caso de non estar previsto, por quen designe o delegado provincial ou superior correspondente, oído o responsable do centro.

Capítulo IV

Dos usuarios e residentes dos centros

ARTIGO 8º.

Terán dereito a desfrutar dos servizos dos centros todas aquelas persoas que reunindo as condicións persoais de idade e residencia, especificadas para cada tipoloxía de centro, teñan recoñecida a condición de usuario ou residente.

Para o recoñecemento da condición de residente ou usuario de centros en calquera dos seus programas, sen prexuízo do que especificamente se determine para cada modalidade de centro, será necesario:

- a) Para centros xerontolóxicos ou de maiores, ter cumpridos 65 anos, ou excepcionalmente, maiores de 60, que pola súa situación especial de dependencia física, psíquica ou social precisen destes centros. Mediante a regulación que desenvolva este estatuto regularase o réxime dos acompañantes non residentes.
- b) Para centros de atención a persoas con minusvalidez ter cumpridos 16 anos.
- c) Excepto no suposto de clubs, fogares e centros polivalentes, subscribi-lo contrato asistencial.
- d) Ter residencia efectiva e estar empadroadado en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega alomenos durante o ano completo inmediatamente anterior á formulación da solicitude, agás no caso de galegos emigrantes retornados e cidadáns doutras comunidades autónomas e estranxeiros no que rexerá o previsto nos tratados e convenios oportunos, sen prexuízo de que poi-



dan desfrutar dos fogares, clubs e centros polivalentes as persoas que se atopen en Galicia.

ARTIGO 9º.

O acceso ós centros realizarase por petición dos interesados ou dos seus representantes legais e, en todo caso, a prioridade na admisión de ingresos virá determinada pola valoración conxunta da súa situación sociofamiliar, recursos económicos, estado físico e/ou psíquico, idade, condicións da vivenda e outras circunstancias sociais do solicitante, de acordo cos criterios fixados no baremo vigente.

ARTIGO 10º.

Para adquiri-la condición de residente deberá supera-lo período de adaptación e observación, que ten como finalidade a verificación dos datos achegados polo solicitante e a adaptación da persoa ó centro, con base na tipoloxía do servizo e nas condicións requeridas para o ingreso.

No caso de declararse non apto, disporá dun mes para abandona-lo centro a partir da notificación formulada.

Os ingresos a través de estadias limitadas non suporán en ningún caso prioridade para adquiri-la plena condición de residente.

ARTIGO 11º.

1º. A condición de usuario ou residente de centros perderase por algunha das seguintes causas:

1. Por renuncia.
2. Por sanción disciplinaria.
3. Por falecemento.
4. Por traslado obrigatorio por cambio de tipoloxía, garantíndolle neste caso unha praza nun centro máis adecuado á súa nova situación.

5. Por ausencias do centro que superen o período previamente autorizado.

6. Por calquera outra causa incluída na relación contractual asistencial.

2º. En centros xerontolóxicos no suposto de ter ingresado como acompañante, se é o caso, deberá abandona-lo centro no prazo de tres meses a partir da data do falecemento do residente ou da perda da súa condición de residente. Nembargantes, sempre que reúna os requisitos establecidos para o ingreso nos centros, podería adquirir-la condición de residente, no centro que pola súas necesidades asistenciais se considere adecuado segundo o informe do equipo de valoración.

Capítulo V*Da participación dos usuarios e residentes***ARTIGO 12º.**

Os órganos de participación e de representación dos centros son a Asamblea Xeral e o Consello de Usuarios.

ARTIGO 13º.

A Asamblea Xeral constitúese polos usuarios, residentes e/ou representantes legais, se é o caso, e pola dirección e o equipo técnico do centro. A asamblea será presidida polo director do centro.

A asamblea reunirse en sesión ordinaria unha vez ó ano e en sesións extraordinarias cantas veces sexa necesario cando o considere oportuno o director do centro ou por petición do 25% dos residentes. Nos centros non residenciais será necesario que o soliciten un mínimo de 250 persoas ou o 25% dos usuarios cando o seu número estea definido.

A convocatoria de cada asemblea será realizada pola dirección do centro cunha antelación mínima de sete días. Farase pública no taboleiro de anuncios do centro, facéndose consta-lo seu carácter. Así mesmo, deberá concreta-la data, a hora, o lugar e a orde do día proposta.



ARTIGO 14º.

Son facultades da asemblea:

Aproba-las normas de convivencia e actuación de acordo coa normativa básica de réxime interior de centros dictada pola Dirección Xeral de Servizos Sociais.

Coñecer e aproba-la memoria anual de xestión do Consello de Usuarios.

Acordar, por maioría de dous tercios dos asistentes, a renovación do mandato para cargo electo do consello, sempre que conste como un punto da orde do día na convocatoria da asemblea.

ARTIGO 15º.

O Consello de Usuarios do centro estará integrado por aqueles usuarios ou residentes elixidos polo conxunto dos usuarios de forma libre, directa e secreta, ou polos seus representantes legais nos supostos en que se atopen legalmente incapacitados.

Os representantes dos usuarios serán elixidos en función do número destes en cada centro e segundo a seguintes escala:

- a) Centros residenciais:
 - Ata 100 residentes, 3 representantes.
 - De 101 ata 250 residentes, 4 representantes.
 - Se supera os 250 residentes, 5 representantes.
- b) Centros non residenciais:
 - Ata 100 usuarios, 4 representantes.
 - De 101 a 500 usuarios, 5 representantes.
 - Máis de 500 usuarios, 6 representantes.

Nos centros nos que non sexa posible cuantifica-lo número de usuarios ó número de representantes será de 5.

Nos centros residenciais que contén con centros non residenciais anexos constituirase un só Consello de Usuarios, de

acordo co establecido para centros residenciais.

O consello de Usuarios será renovado cada tres anos.

ARTIGO 16º.

A Administración regulará o procedemento electoral mediante unha norma específica que garanta a súa obxectividade.

ARTIGO 17º.

Son facultades de Consello de Usuarios:

- a) Confeccionar e propoñe-los programas anuais de actividades, recollendo os criterios da comisión de animación, se existise.
- b) Constituír comisións de traballo participativas, propoñendo, de entre os usuarios ou residentes, os membros destas, así como os residentes responsables de actividades, promovendo a participación da maior parte de usuarios ou residentes.
- c) Colaborar no cumprimento dos dereitos e deberes dos usuarios.
- d) Estimula-la solidariedade entre os usuarios, procurando a participación na comunidade, mediante prácticas de voluntariado ou outras relacións.
- e) Todas aquelas que se lle puidesen atribuír.

ARTIGO 18º.

As direccións dos centros colaborarán coas asociacións que os usuarios ou residentes constitúan, que terán a consideración de entidades de iniciativa social, co fin de favorecer-la súa participación na programación e desenvolvemento de actividades.

Así mesmo, as direccións estarán abertas á colaboración con aquelas asociacións constituídas, accións de voluntariado, familiares e outras, nos que a súa participación poida mellora-los niveis de calidade asistencial dos centros.



Nos centros que maioritariamente prestan asistencia a usuarios con discapacidades importantes, a dirección poderá convocar reunións xerais ou por unidades cos residentes e/ou cos seus representantes legais, co fin de conseguir unha maior integración e participación social.

VI. INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

11

Decreto 176/1995, do 16 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril de servicios sociais relativo á inspección e réxime sancionador.

(DOG nº 124, do 29-6-1995)

No eido da asistencia social a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, segundo o disposto no artigo 27. 23º do seu Estatuto de autonomía en relación co artigo 148. 1º 20 da Constitución española.

En virtude desa competencia o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, na que se ordenan e regulan os aspectos básicos dun sistema integrado de servicios sociais como servicios públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A devandita lei, no artigo 26. 3º b), establece que é competencia da Administración autonómica o exercicio das potestades inspectora e sancionadora, de acordo co disposto no título sexto. Neste abórdase a definición e tipificación das infraccións, así como o establecemento dun réxime sancionador; séntase así a base legal sobre a que Administración pública poderá levar a efecto unha eficaz e obxectiva acción inspectora sobre a globalidade do sistema.

Por outra banda, a disposición derradeira primeira da Lei 4/1993 mencionada autoriza a Xunta de Galicia a dictar cantas

disposicións sexan necesarias para a súa execución e desenvolvemento.

Unha vez establecido o presuposto legal habilitante para o exercicio das potestades inspectora e sancionadora, cómpre o desenvolvemento da Lei 4/1993 a través dunha normativa que, máis polo miúdo, regule aspectos non concretados naquela.

En definitiva, a finalidade primordial desta regulación é artellar mecanismos eficaces para a salvagarda dos dereitos dos usuarios do sistema de servicios sociais da nosa Comunidade Autónoma. Hoxe en día, falar de réxime inspector e sancionador comporta, así mesmo, a idea de calidade na prestación dos servicios.

É por isto polo que, a iniciativa da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais e da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, e por proposta da Consellería de Presidencia e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da xunta de Galicia na súa reunión do dezaseis de xuño de mil novecientos noventa e cinco,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

ARTIGO 1º.

O presente decreto ten por obxecto a regulación da inspección e do réxime sancionador en materia de servicios sociais, de conformidade co establecido no título VI da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais.

ARTIGO 2º.

Este decreto seralles de aplicación a tódalas entidades prestadoras de servicios sociais, públicas ou privadas, que sexan titulares de centros ou desenvolvan programas no territorio da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das competencias doutras administracións respecto dos centros, servicios e programas da súa titularidade.



ARTIGO 3º.

A potestade inspectora e sancionadora en materia de servizos sociais correspóndelle á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e máis á Consellería de Familia, Muller e Xuventude, dentro do ámbito das súas respectivas competencias.

Capítulo II

Da inspección

ARTIGO 4º.

As consellerías competentes en materia de servizos sociais exercerán a función inspectora a través das unidades administrativas que se determinen na súa estrutura orgánica.

ARTIGO 5º.

A inspección en materia de servizos sociais, sen prexuízo das funcións que puideran corresponder á Inspección Xeral de Servizos, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e a outros órganos con competencias na materia, terá por obxecto:

1. O exercicio da potestade inspectora.
2. Velar polo respecto ós dereitos dos usuarios dos servizos sociais previstos no artigo 34 e seguintes da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais.
3. Facilitarlles asesoramento e información ós interesados sobre os seus dereitos e deberes e a forma de cumprí-las disposicións vixentes sobre a materia.
4. Verifica-lo cumprimento da normativa vixente sobre condicións funcionais e materiais dos centros, servizos e programas.
5. Controla-lo cumprimento dos niveis de calidade, propoñendo plans de mellora dos servizos sociais que se prestan na Comunidade Autónoma.
6. Supervisa-lo destino e a utilización dos fondos públicos concedidos por vía de subvención, concerto ou calquera outro medio.

ARTIGO 6º.

1. A Inspección de Servizos Sociais exercerá as súas funcións conforme os seguintes procedementos:

- a) Ordinario. Establecido nos plans e programas de inspección ou promovido por denuncias relativas ó funcionamento de centros, servizos, ou programas de servizos sociais.
 - b) Extraordinario. Ordenado polos titulares das unidades previstas no artigo 4º do presente decreto.
2. A Inspección de Servizos Sociais actuará de oficio, por denuncia ou por instancia da persoa interesada. Tódalas entidades, centros e servizos serán inspeccionados periodicamente.

3. A Inspección de Servizos Sociais acomodará a súa actuación, no exercicio da funcións que lle están atribuídas, ós principios de legalidade, economía, celeridade e eficacia.

4. Para o cumprimento das funcións que ten encomendadas, a inspección de servizos sociais actuará con total independencia da dirección do centro, servizo ou programa de servizos sociais inspeccionado.

5. Co fin de promover-la mellora da calidade na prestación dos servizos, a inspección de servizos sociais desempeñará ademais unha función asesora podendo presentarlles plans e proxectos de calidade ós responsables correspondentes.

ARTIGO 7º.

1. A actuación da Inspección de Servizos Sociais desenvolverase principalmente mediante visitas ós centros e servizos. Para tal fin, poderá:

- a) Efectuar toda clase de comprobacións materiais, de calidade e contables.
- b) Acceder a tódolos establecementos comprendidos no ámbito da súa competencia.



- c) Entrevistarse cos usuarios dos servizos sociais.
- d) E en xeral, realizar tódalas actuacións necesarias para o cumprimento das súas funcións.

2. Así mesmo, poderá sen necesidade de visita, requirir das entidades, centros e servizos a aportación dos datos necesarios, así como solicitarlle-la documentación precisa, informes ou dictames oportunos.

ARTIGO 8º.

1. O persoal inspector terá a condición de axente de autoridade e actuará con plena independencia no exercicio das súas funcións. En todo caso, deberá estar provisto do correspondente documento acreditativo.

2. O persoal inspector para a realización do seu cometido poderá contar co apoio doutras unidades de inspección da Administración autonómica e poderá instar, cando o considere necesario a cooperación doutras administracións públicas, nos termos e condicións previstas na normativa vixente.

ARTIGO 9º.

1. As entidades prestadoras de servizos sociais deberán aportar, a requirimento da inspección, toda a documentación relativa a calquera aspecto da súa actividade.

2. Os titulares das entidades, así como os seus representantes e empregados, están obrigados a permitirlle á inspección o acceso ás instalacións, a facilita-la información, documentos, libros e demais datos que lles sexan requiridos, así como a prestar toda a colaboración precisa para a comprobación do cumprimento da normativa vixente.

ARTIGO 10º.

Considéranse obstrución ó labor inspector:

- a) Negarlle a entrada ó inspector ou a súa permanencia no centro visitado.

- b) Impedi-la entrada ou a súa permanencia en calquera lugar onde se desenvolva algunha das funcións das que a inspección ten encomendada a vixilancia, de acordo coa normativa vixente.
- c) Ofrecer resistencia ó exame de documentos precisos para a súa actuación.
- d) Ocultar datos e antecedentes.
- e) Presentar intencionadamente denuncias ou declaración falsas.
- f) Calquera outra acción ou omisión que perturbe, atrase ou impida o exercicio da función inspectora.

ARTIGO 11º.

1. Efectuadas as comprobacións oportunas, estenderase a correspondente acta de inspección, suxeita ó modelo oficial, na que se recollerán os datos relativos á entidade, centro ou servizo inspeccionado, así como, se é o caso, os feitos e circunstancias que puidesen ser relevantes sobre o funcionamento anómalo deles.

2. Os feitos recollidos nas correspondentes actas de inspección gozarán da presunción de certeza, agás que da valoración conxunta das probas achegadas resulte o contrario.

3. A acta será asinada polo titular da entidade, centro ou servizo e, no seu defecto, polo representante ou empregado. A súa sinatura acreditará o coñecemento da acta e do seu contido.

Se a persoa coa que se realizan as actuacións se negase a asina-la acta, a inspección farao constar nela, así como a mención de que lle entrega un exemplar duplicado. Se a dita persoa se negase a recibilo duplicado da acta, o inspector farao constar igualmente e, en tal caso, o correspondente exemplar seralle enviado ó interesado nos tres días seguintes, por algún dos medios previstos nas disposicións vixentes.

4. Da acta levantada entregaráselle co-



pia ó inspeccionado, e, se é o caso, elevarase xunto cun informe proposta ó titular do órgano competente para a súa resolución.

ARTIGO 12º.

1. O persoal inspector poderá propoñerlle ó órgano competente a adopción de medidas cautelares se apreciase a existencia dunha situación de risco inminente ou prexuízo grave para os usuarios, tales como suspensión do exercicio de actividades, peche de instalacións, intervención de medios materiais e cantas outras autorice a normativa vixente.

2. En todo caso, as medidas cautelares só se manterán o tempo que persista a situación que xustificou a súa adopción.

ARTIGO 13º.

Se do resultado da inspección se deduce a simple inobservancia de esixencias ou requisitos facilmente reparables, das que non se deriven danos ou prexuízos inmediatos para os usuarios, a inspección poderá formularlle á dirección do centro ou servicio os requirimentos e advertencia que considere oportunos, co fin de lograr unha maior adecuación das súas actuacións ó disposto na normativa vixente.

Capítulo III

Do réxime sancionador

ARTIGO 14º.

Constitúen infraccións administrativas en materia de servicios sociais as accións ou omisións das persoas responsables que sexan contrarias ás obrigas establecidas na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, sempre que se poidan subsumir nalgún dos supostos tipificados nos artigos 61, 62, e 63 dela.

ARTIGO 15º.

1. As infraccións en materia de servicios sociais darán lugar ás sancións administrati-

vas correspondentes, logo de instrucción do oportuno expediente, e sen prexuízo das responsabilidades civís, laborais e doutra índole que puideran concorrer.

2. De terse coñecemento de feitos que puidesen constituír conductas tipificadas no Código Penal, a Administración comunicarllo ó Ministerio Fiscal ou ós órganos xudiciais competentes e absterase de seguirlo procedemento sancionador mentres non se dicte sentenza ou resolución firme.

3. A Administración suspenderá o procedemento sancionador cando teña coñecemento da tramitación dun proceso xudicial fundado nos memsos feitos.

4. As medidas administrativas que se adopten para garanti-la saúde ou a seguridade das persoas só se manterán ata que a autoridade xudicial se pronuncie sobre estas.

ARTIGO 16º.

As infraccións administrativas en materia de servicios sociais cualificaranse como leves, graves e moi graves, de acordo co disposto no capítulo II do título VI da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais.

ARTIGO 17º.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, terán a consideración de infraccións leves:

1. As meras irregularidades de carácter formal no cumprimento da normativa vixente en materia de servicios sociais.

2. A falta de hixiene ou limpeza que non comporte risco para a saúde dos usuarios.

3. As cometidas por negligencia simple, sempre que delas non se deriven prexuízos para os beneficiarios ou non impidan ou dificulten o logro dos obxectivos do servicio ou centro.

4. Calquera outra que vulnere o disposto na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, ou nas normas que a desenvol-



van, e non constitúa infracción grave ou moi grave.

ARTIGO 18º.

De conformidade co disposto no artigo 62 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, terán a consideración de infraccións graves:

1. O incumprimento do deber de sigilo e confidencialidade en relación coa información obtida no exercicio das súas funcións.

2. Desatende-las necesidades básicas de atención sanitaria, así como as de hixiene e limpeza que lles comporten risco ou prexuízo ós usuarios.

3. Non presta-lo tratamento técnico propio da finalidade específica do centro ou servizo, segundo as normas de homologación e acreditación de centros.

4. Non comunicarlle inmediatamente á autoridades xudicial ou administrativa competente o ingreso e a saída dos centros de servizos sociais nos casos en que legalmente proceda.

5. Inicia-las actividades nos centros ou na prestación dos servizos, así como a modificación substancial deles, sen a debida autorización administrativa.

6. O incumprimento da normativa vixente en materia de seguridade das instalacións nos centros.

7. Destina-las axudas e subvencións concedidas con cargo a fondos públicos para fins distintos a aqueles para o que se outorgaron.

8. Realizar actividades lucrativas en centros ou servizos definidos como sen ánimo de lucro.

9. Impedir, obstaculizar ou dificultar en calquera forma a actividade inspectora da Administración, así como non presta-la colaboración necesaria no exercicio dela.

10. Calquera actuación dirixida a diminuír ou anula-los dereitos dos traballadores baixo a aparencia de voluntariado social.

11. O incumprimento ou falseamento das obrigas relativas ós libros de contabilidade, altas, baixas e comunicación de prezos.

12. A reincidencia na comisión de faltas leves.

ARTIGO 19º.

De conformidade co disposto no artigo 63 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, terán a consideración de infraccións moi graves:

1. Dispensar tratos discriminatorios, degradantes ou incompatibles coa dignidade dos usuarios, así como a restricción inxustificada no exercicio das súas liberdades e dereitos.

2. Vulnera-lo dereito á intimidade dos usuarios.

3. A prestación de servizos ou actividades sociais tratando de ocultar ou enmascarar-la súa verdadeira natureza co obxecto de eludi-la aplicación da legislación vixente na materia.

4. A reincidencia na comisión de faltas graves.

ARTIGO 20º.

Entenderase por reincidencia a comisión no período de un ano de máis de unha infracción da mesma natureza cando así se declare por resolución firme.

ARTIGO 21º.

Cualificadas as infraccións como leves, graves ou moi graves impoñeranse nos graos mínimo, medio ou máximo, atendendo ó risco xerado ó usuario, á gravidade do prexuízo causado, á transcendencia social dos feitos, á intencionalidade e á contía do beneficio obtido.

ARTIGO 22º.

1. As infraccións sancionaranse da forma seguinte:



a) Infraccións leves:

- Apercibimento ou advertencia. Multa de ata 250.000 ptas. nos seguintes graos: *Mínimo: ata 100.000 ptas. *Medio: de 100.001 ata 175.000 ptas. *Máximo: de 175.001 ata 250.000 ptas.

b) Infraccións graves:

- Multa de 250.001 ata 1.000.000 de ptas. nos seguintes graos: *Mínimo: de 250.001 ata 500.000 ptas. *Medio: de 500.001 ata 750.000 ptas. *Máxima: de 750.001 ata 1.000.000 ptas.

c) Infraccións moi graves:

- Multa de 1.000.001 ata 2.500.000 ptas. nos seguintes graos: *Mínimo: de 1.000.001 ata 1.500.000 ptas. *Medio: de 1.500.001 ata 2.000.000 ptas. *Máximo: de 2.000.001 ata 2.500.000 ptas.

2. En calquera caso as sancións graves e moi graves poderán levar aparelladas como accesorias as seguintes:

a) Peche temporal:

- Total ou parcial, ata un ano, as graves.
- Total ou parcial, ata dous anos ou definitivo, as moi graves.

b) Prohibición do financiamento público por tempo indefinido.

c) Inhabilitación para desenenvolvemento de funcións e actividades similares ou para o exercicio de cargos de carácter análogo ata un prazo máximo de cinco anos.

ARTIGO 23º.

1. As infraccións cometidas e as sancións impostas ás que se refire o presente decreto prescribirán ó cabo de un, tres ou cinco anos desde a data da súa comisión ou desde que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción, segundo se cualificaran como leves, graves ou moi graves.

2. A prescrición interromperase desde o momento no que se inicie o procedemento sancionador contra o presunto infractor.

ARTIGO 24º.

O procedemento sancionador axustarase, con carácter xeral, ó disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais disposicións que lle sexan de aplicación.

ARTIGO 25º.

1. Os procedementos sancionadores iniciaranse sempre de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou por denuncia formulada polos particulares sobre algún feito ou conducta que puidera serconstitutivo de infracción.

2. Poderase realizar, con anterioridade ó inicio do procedemento, as actuacións previas pertinentes, co obxecto de verificar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación.

3. Estas actuacións orientaranse a cualificar coa maior precisión posible os feitos susceptibles de motiva-la incoación do expediente, a identificación da persoa ou persoas responsables e as circunstancias relevantes que concorran.

ARTIGO 26º.

1. Correspóndelles a incoación dos expedientes sancionadores ós titulares das direccións xerais competentes en materia de servizos sociais.

2. No caso de apreciarse unha situación de risco inminente ou prexuízo grave para os usuarios poderán adopta-las medidas cautelares oportunas durante o tempo que persista a situación que as xustificou.

ARTIGO 27º.

1. A imposición de sancións por comisión de faltas leves correspóndelles ós dele-



gados provinciais das consellerías competentes en materia de servizos sociais.

2. A imposición de sancións por comisión de faltas graves correspóndelles ós titulares das direccións xerais competentes en materia de servizos sociais.

3. A competencia para a imposición de sancións por faltas moi graves correspóndelles ós titulares das consellerías competentes en materia de servizos sociais.

4. Malia o disposto nos puntos anteriores, cando as sancións leven aparelado o peche a que se refire o artigo 65.2º a) da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, así como a inhabilitación para o desenvolvemento de funcións e actividades similares ou para o exercicio de cargos de carácter análogo, será competente o Consello da Xunta de Galicia.

ARTIGO 28º.

Contra as resolucións recaídas nos procedementos sancionadores que non poñan fin á vía administrativa os interesados poderán interpoñer recurso ordinario, no prazo de un mes, perante o órgano superior xerárquico do que dictou a resolución. Esgotada a vía administrativa, poderase exercitar ante a vía xurisdiccional as accións que legalmente procedan.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o conselleiro de Saúde e Servizos Sociais e o conselleiro de Familia, Muller e Xuventude para dictalas normas necesarias para o desenvolvemento, dentro do ámbito das súas competencias.

Segunda. A presente norma entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

12

Orde do 4 de decembro de 1995 pola que se regula a tarxeta acreditativa do persoal da Inspección de Servizos Sociais.

(DOG nº 1, do 2-1-1996)

O Decreto 175/1995, do 16 de xuño, sobre inspección e réxime sancionador, en desenvolvemento da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, establece no seu artigo 8 a existencia dun documento oficial que acredite a personalidade dos inspectores de servizos sociais.

Por todo o ante dito e facendo uso das facultades que me confiren os artigos 34 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

ARTIGO 1º. ACREDITACIÓN

1. Os inspectores de servizos sociais acreditarán a súa personalidade no desenvolvemento das funcións inspectoras establecidas no Decreto 175/1995, do 16 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, no relativo á inspección e réxime sancionador e demais disposicións vixentes na materia.

ARTIGO 2º. TARXETAS DE ACREDITACIÓN

1. As tarxetas de acreditación do persoal da Inspección de Servizos Sociais serán expedidas pola Dirección Xeral de Servizos Sociais, con indicación da data da súa emisión. As ditas tarxetas renovaranse como mínimo cada cinco anos.

2. O anverso da tarxeta estará encabezado polo anagrama da Xunta de Galicia e figurará a mención da Dirección Xeral de Servizos Sociais, con expresión do nome, DNI, así como unha fotografía deste. O reverso da tarxeta incluírá unha referencia ó artigo 70 da Lei 4/1993 de servizos sociais e ó artigo 8 do Decreto 175/1995, do 16 de



xuño, relativo a inspección e réxime sancionador.

ARTIGO 3º. SOLICITUDE

O persoal inspector de servizos sociais tramitará a solicitude de tarxeta a través do Servizo de Inspección da Dirección Xeral de Servizos Sociais.

ARTIGO 4º. REXISTRO

No Servizo de Inspección da Dirección Xeral de Servizos Sociais levarase o rexistro correspondente ós inspectores de servizos sociais nos que figurarán os datos identificativos destes e a data de expedición da tarxeta.

Disposición transitoria

No prazo de 30 días a partir da entrada en vigor da presente orde a Dirección Xeral de Servizos Sociais expedirá as tarxetas correspondentes ó seu persoal inspector.

Os documentos acreditativos da personalidade dos inspectores que se veñan utilizando na actualidade continuarán vixentes ata o momento da emisión da nova tarxeta.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o director xeral de Servizos Sociais para adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido na presente orde.

Segunda. A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

VII. CONSELLO GALEGO DE SERVICIOS SOCIAIS

13

Decreto 336/1994, do 27 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, no relativo ós consellos de servizos sociais.

(DOG nº 218, do 11-11-1994)

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, de conformidade co establecido no artigo 27. 23ª do seu Estatuto de autonomía, en relación co artigo 148. 1º 20 da Constitución española.

Facendo uso desa atribución competencial, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, na que se ordenan e regulan os aspectos básicos dun sistema integrado de servizos sociais, definido como servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia.

O sistema regulado na devandita lei, tal como se recolle na súa exposición de motivos, configúranse como un sistema aberto e permeable á sociedade na que actúa. Nesta liña, o título cuarto, dedícase á participación social, definindo no seu artigo 40, ó Consello Galego de Servizos Sociais como o órgano superior consultivo de participación da Comunidade Autónoma no eido dos servizos sociais, en tanto que no artigo 41 se crean os consellos provinciais de servizos sociais, con análoga composición e funcións no que resulte aplicable.

O adecuado funcionamento de ámbolos dous órganos colexiados esixe o desenvolvemento da Lei 4/1993 a través dunha normativa que, máis polo miúdo, regule os aspectos non concretados naquela.

Por outra banda, a disposición derradeira primeira da Lei 4/1993 mencionada autoriza a Xunta de Galicia para dictar tantas disposicións sexan necesarias para a súa execución e desenvolvemento.



É por isto polo que, por proposta do conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteasete de outubro de mil novecentos e catro,

DISPOÑO:

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1º.

O presente decreto ten por obxecto:

- a) Desenvolve-la composición, estrutura e funcións do Consello Galego de Servicios Sociais, previsto no artigo 40 da Lei 4/1993, do 14 de abril, como órgano superior consultivo e de participación da Comunidade Autónoma no eido dos servicios sociais.
- b) Determina-la composición e funcións dos consellos provinciais de servicios sociais, creados polo artigo 41 da devandita lei.
- c) Regula-la creación dos consellos locais de servicios sociais, previstos no artigo 42 da mesma lei.

ARTIGO 2º

1. O Consello adscribese á Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, que o dotará economicamente e garantirá o seu funcionamento administrativo e organizativo.

2. Terá a súa sede en Santiago de Compostela, aínda que poderá celebra-las súas reunións en calquera localidade da Comunidade Autónoma cando asía o decida o seu presidente.

TÍTULO II

COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS

ARTIGO 3º.

As funcións do Consello Galego de Servicios Sociais son, entre outras, as seguintes:

- a) Asesora-lo Goberno na planificación e programación dos servicios sociais, emitindo dictames ou formulando propostas de actuación.
- b) Emitir informes e estudia-los criterios adoptados na elaboración do anteproxecto de presupostos en materia de servicios sociais.
- c) Emitir dictames por instancia do Parlamento de Galicia no eido dos servicios sociais.
- d) Coñecer da xestión dos servicios sociais.
- e) Fomenta-la participación da sociedade e das administracións públicas.
- f) O seguimento estatístico, tanto dos procesos de concesión da renda de integración social de Galicia coma da correcta aplicación das medidas de fomento de emprego que, vinculadas ós proxectos de inserción, se prevén na Lei galega de medidas básicas para a inserción social, sen prexuízo das competencias do Instituto Galego de Estatística previstas na Lei 9/1988, do 19 de xullo, e da mesa autonómica da RISGA.
- g) A avaliación global dos resultados da execución dos programas de inserción social previstos na devandita lei para a inserción social, así como a formulación de observacións e propostas de modificación que axuden a melloralos.
- h) A elaboración ou modificación do seu regulamento de réxime interior.

ARTIGO 4º.

1. O consello, como órgano de participación dos diversos sectores relacionados cos servicios sociais, estará integrado por:

- A) Presidente: o titular da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.
- B) Vicepresidente: o titular da Consellería de Familia, Muller e Xuventude.



C) Vocais: o director xeral de Servicios Sociais. O director xeral de Familia.

Outros 34 vocais repartidos do seguinte xeito:

– Catro en representación das seguintes consellerías da Administración autonómica:

- Consellería da Presidencia e Administración pública.
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.
- Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

– Seis en representación das corporacións locais, designados en número de tres por cada unha das dúas federacións galegas de entidades locais máis representativas da Comunidade Autónoma.

a) Un en representación das deputacións provinciais.

b) Tres en representación dos concellos cunha poboación superior a 20.000 habitantes.

c) Dous en representación dos concellos cunha poboación inferior a 20.000 habitantes.

– Catro en representación das organizacións sindicais máis representativas na Comunidade Autónoma.

– Catro en representación das organizacións empresariais máis representativas na Comunidade Autónoma.

– Trece en representación das entidades prestadoras de servizos sociais, que serán elixidos na forma que regulamentariamente se estableza, entre as entidades inscritas no rexistro previsto no artigo 32. 3º da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, repartidos do seguinte xeito:

a) Dous en representación das que actúen na área de actuación da familia, infancia e xuventude.

b) Tres en representación das que operen no ámbito das minusvalídecas.

c) Dous en representación das que actúen na área da velez.

d) Un en representación das que actúen na área da muller.

e) Un en representación da Cruz Vermella.

f) Un en representación de Cáritas Diocesana.

g) Un en representación das entidades que actúen nas áreas de drogodependencias e alcoholismo, minorías étnicas, delincuencia e reinserción de ex-internos e outras problemáticas de marxinaación social.

h) Un en representación das asociacións que velen polos intereses dos usuarios de centros e servizos sociais.

i) Un en representación das entidades veciñais.

– Un en representación de cada un dos seguintes colexios profesionais, elixidos polo seu órgano de goberno:

a) Colexio oficial de psicólogos.

b) Colexio oficial de sociólogos.

c) Colexio oficial de diplomados en traballo social e asistentes sociais.

D) Un secretario, que será nomeado polo conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, por proposta do director xeral de Servizos Sociais, entre os funcionarios do departamento.

En caso de ausencia deste o do substituído, desempeñará o cargo interinamente un vocal do consello que represente a Administración autonómica, designado polo seu presidente.

2. Por cada vocal titular nomearase tamén un suplente que o substitúa nos casos legalmente previstos.

**ARTIGO 5º.**

1. A duración do mandato dos vocais representativos será de catro anos, sen prexuízo da súa reelección e da posibilidade de substitución dos titulares e dos suplentes durante o dito período, por proposta da institución, asociación ou entidade a quen represente.

2. Malia o disposto no apartado anterior, producido un novo proceso electoral para o respectivo órgano de representación, procederase a reestructura-la composición do Consello Galego de Servizos Sociais de acordo co grao de representatividade obtido no devandito proceso.

3. Os vocais serán nomeados polo presidente do consello, por proposta da institución, asociación ou entidade a quen representen, e o nomeamento deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia, podendo ser apartado do seu cargo de igual xeito.

4. A proposta de separación dos vocais, titulares ou suplentes deberá serlle comunicada ó presidente do consello, a través do secretario, xunto coa proposta do novo representante.

TÍTULO III**ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO****ARTIGO 6º.**

O consello funciona en pleno ou en comisión permanente, podéndose, tamén, crear aquelas comisións de traballo que o pleno considere oportunas.

ARTIGO 7º.

1. Ó pleno, que estará integrado por tódolos membros do consello, correspóndelle, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Adoptar, acordar e emitir informes sobre as materias que constitúen as funcións do consello.

- b) Crear e regula-la composición e funcións das comisións de traballo, sinalándolle-os seus obxectivos.
- c) Aprobar e modifica-las normas de funcionamento interno do consello.
- d) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto de orzamento dedicado a satisfacer os gastos de funcionamento do consello.
- e) Aproba-la memoria e informe anual sobre as súas actividades.
- f) Aprobar, rexeitar ou modifica-los proxectos, informes e acordos que lle sometan a comisión permanente e as comisións de traballo.
- g) Delegar na comisión permanente decisións ou realizacións en asuntos concretos.

2. O pleno reunirase, polo menos, en sesión ordinaria, unha vez cada seis meses e, con carácter extraordinario, cando sexa convocado polo presidente, ben sexa por iniciativa propia, por solicitude da comisión permanente ou da metade dos membros do consello.

3. Para a súa válida constitución será necesaria a concorrencia da maioría absoluta dos seus membros, en primeira convocatoria, e de un tercio en segunda, debendo transcorrer trinta minutos entre ámbalas dúas convocatorias.

4. Tódolos membros do pleno terán dereito a voto, os seus acordos adoptaranse por maioría absoluta dos membros presentes, decidindo o voto do presidente en casos de empate e facendo constar en acta os votos discrepantes así como a súa fundamentación, se así se solicitase.

ARTIGO 8º.

1. A comisión permanente estará composta polo presidente, o vicepresidente e o secretario do consello, os directores xerais de Servizos Sociais e Familia, así como por outros oito vocais do consello, representando un as corporacións locais, un a



Administración autonómica, tres as entidades de iniciativa social ás que se refire o artigo 4ª 1 C), un as organizacións dos profesionais que traballan no eido dos servizos sociais, un as organizacións empresariais, un as organizacións sindicais.

2. A comisión permanente reunirse unha vez cada tres meses de xeito ordinario e, ademais, con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocada polo presidente.

3. Para a súa válida constitución será necesario que estean presentes a maioría absoluta dos seus membros. Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos membros presentes con dereito a voto, decidindo o do presidente en caso de empate.

Se se solicitase, faranse constar na acta os votos discrepantes, xunto coa súa fundamentación.

4. A comisión permanente terá, entre outras, as seguintes funcións:

- Realiza-las actuacións necesarias para o cumprimento dos acordos do pleno, así como o desenvolvemento das actuacións concretas que lle sexan encomendadas por este.
- Actuar como órgano de relación e coordinación das diversas iniciativas presentadas perante o consello.
- Elabora-lo proxecto das normas de funcionamento interno.
- Elaborar estudos sobre a posibilidade de creación de comisións de traballo, así como propoñerlle ó pleno a creación das que considere oportunas.
- Calquera outra que lle sexa encomendada polo pleno ou pola normativa de funcionamento interno.

ARTIGO 9º.

1. Son funcións do presidente ou persoa que o substitúa:

- Exerce-la representación do consello.
- Convoca-las reunións do pleno e da

comisión permanente, formul-la orde do día e presidir e modera-lo desenvolvemento dos debates.

- Someter á consideración do consello tódolos asuntos que sexan da súa competencia.
- Visa-las actas e certificacións dos acordos do consello.
- Velar polo cumprimento das normas de réxime interno do consello.
- Cantas outras resulten propias da súa condición de presidente.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do presidente será substituído polo vicepresidente e, en defecto deste polo directores xerais de Servizos Sociais e Familia por este orde.

ARTIGO 10º.

1. Correspóndelle ó vicepresidente ou persoa que o substitúa:

- Constituír, xunto co presidente e o secretario, a mesa do Pleno do Consello.
- Colaborar co presidente nas tarefas que este lle encomende e substituílo nos casos legalmente previstos.
- Presidir e coordinar, en nome do presidente, aquelas comisións de traballo que o pleno constituíse.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola normativa de réxime interno e tódalas que sexan inherentes á súa condición de vicepresidente.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do vicepresidente será substituído, por esta orde, polos directores xerais de Servizos Sociais e Familia.

ARTIGO 11º.

1. O secretario levará a cabo as seguintes funcións:

- Convocar, por orde do presidente, as reunións do pleno e da comisión permanente.



- b) Asistir ás reunións do pleno, da comisión permanente e das comisións que se constituán, levantando acta delas.
- c) Expedir certificacións, visadas polo presidente, dos acordos, propostas e informes aprobados no pleno e na comisión permanente.
- d) Executa-los acordos do consello, xestionando e coordinando as súas actividades e velando polo seu correcto funcionamento.
- e) Elabora-lo proxecto da memoria anual das actividades e da situación dos servicios sociais para a súa presentación e, se é o caso, aprobación polo pleno, logo do seu estudio pola comisión permanente.
- f) Prepara-lo despacho dos asuntos que vaian coñece-los distintos órganos do consello.
- g) Recibir e tramita-las comunicacións dos membros do consello.
- h) Despachar co presidente os asuntos ordinarios e aqueloutros que lle fosen encomendados.
- i) Coordina-las actuacións do Consello Galego de Servicios Sociais cos consellos provinciais e locais.
- j) Calquera outra función que lle sexa encomendada polos órganos do consello segundo a normativa de réxime interno.
2. Cando o volume, axilidade e a eficacia do traballo o aconselle, a comisión permanente poderá propoñerlle ó conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais o nomeamento dun adxunto ó secretario, que asistirá a este.

ARTIGO 12º.

1. As comisións de traballo, constituídas para o estudio de temas concretos e coas competencias que para cada caso sinale o pleno, estarán formadas polos membros do consello que o mesmo designe para cada ca-

so, ademais dos directores xerais de Servicios Sociais e Familia, que exercerán a súa presidencia por este orde, mailo secretario.

2. As conclusións, resolucións e acordos que se poidan adoptar no seu seo deberán remitir ó Pleno do Consello para o seu debate e aprobación, se procede.

TÍTULO IV**DOS COSELLOS PROVINCIAIS DE SERVICIOS SOCIAIS****ARTIGO 13º.**

En cada unha das provincias da Comunidade Autónoma existirá un consello provincial de Servicios Sociais como órgano consultivo e de participación en materia de servicios sociais.

ARTIGO 14º.

1. Os consellos provinciais estarán adscritos ás respectivas delegacións da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, que os dotarán economicamente e garantirán o seu funcionamento administrativo e organizativo.

2. Terán as súas sedes nas respectivas capitais de provincia, aínda que poderán celebra-las súas reunións en calquera localidade da provincia cando así o decida o seu presidente.

ARTIGO 15º.

As funcións e o funcionamento dos consellos provinciais serán iguais ás do Consello Galego de Servicios Sociais, agás que non existirá a comisión permanente.

Así mesmo, os consellos provinciais deberán dar ó Consello Galego de Servicios Sociais conta das actas das reunións que celebren.

ARTIGO 16º.

Os consellos provinciais, como órganos de participación dos diversos sectores rela-



cionados cos servizos sociais, estarán integrados por:

- A) Presidente: o delegado provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.
- B) Vicepresidente: o delegado provincial da Consellería de Familia, Muller e Xuventude.
- C) Vintedous vocais repartidos do seguinte xeito:
 1. Catro en representación das seguintes consellerías da Administración autonómica:
 - Consellería da Presidencia e Administración pública.
 - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
 - Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.
 - Consellería de Familia, Muller e Xuventude.
 2. Dous en representación das corporacións locais designados polos seus órganos de representación, que se repartirán do seguinte xeito:
 - a) Un en representación da deputación provincial.
 - b) Un en representación dos concellos.
 3. Tres en representación das organizacións sindicais máis representativas na provincia.
 4. Tres en representación das organizacións empresariais máis representativas na provincia.
 5. Tres en representación das entidades prestadoras de servizos sociais, que serán elixidos entre as entidades inscritas no rexistro previsto no artigo 32. 3º da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais.
 6. Un en representación da Cruz Vermella.
 7. Un en representación de Cáritas Diocesana.

8. Un en representación de cada un dos seguintes colexios profesionais, elixidos polo seu órgano de goberno:

- a) Colexio oficial de psicólogos.
- b) Colexio oficial de sociólogos.
- c) Colexio oficial de diplomados en traballo social e asistentes sociais.

9. Un en representación das entidades que velen polos intereses dos usuarios dos diversos servizos sociais.

10. Un en representación das entidades veciñais, que serán elixidos entre as inscritas no rexistro previsto no artigo 32. 3º da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais.

D) Un secretario, que será nomeado polo delegado provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

En caso de ausencia deste o do substituído, desempeñará o cargo interinamente un vocal do consello que represente a Administración autonómica, designado polo presidente do mesmo.

TÍTULO V

DOS CONSELLOS LOCAIS DE SERVICIOS SOCIAIS

ARTIGO 17º.

No ámbito territorial dos concellos, agrupacións ou mancomunidades deberán crearse, con carácter obrigatorio nos de máis de 20.000 habitantes e facultativo no de menos, como órganos de asesoramento e participación os consellos locais de servizos sociais, nos que participarán representantes das entidades locais, centrais sindicais e organizacións empresariais, entidades sociais e veciñais.

ARTIGO 18º.

A composición, estrutura e funcionamento dos consellos locais será desenvolvida polas entidades locais afectadas.



Disposición adicional

No non previsto no presente decreto será de aplicación o disposto no capítulo II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposicións transitorias

Primeira. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor da presente disposición deberán constituírse o consello galego e os consellos provinciais de servizos sociais consonte o disposto nela.

Segunda. O Consello Galego de Servizos Sociais desenvolverá as súas funcións coa composición establecida no Decreto 31/1989, do 3 de febreiro, en canto non se constituía de acordo co disposto no presente decreto.

Terceira. Dentro dos tres meses seguintes á súa constitución, o Consello Galego de Servizos Sociais deberá elaboralo seu Regulamento de funcionamento interno, que será aprobado polos dous tercios dos seus membros e logo de informe da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais. O regulamento publicarase no Diario Oficial de Galicia e será de aplicación ós concellos provinciais.

Cuarta. As entidades locais deberán adoptar as medidas pertinentes para a constitución dos consellos locais de servizos sociais, previstos no título V do presente decreto, no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais para dictar tantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta norma.

Segunda. O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

14

Orde de 10 de maio de 1995 pola que se establecen normas para a constitución do Consello Galego de Servizos Sociais e dos Consellos Provinciais de Servizos Sociais.

(DOG nº 105, 2-6-1995)

Os artigos 40 e 41 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais configuran, respectivamente, o Consello Galego de Servizos Sociais como o órgano superior consultivo e de participación da Comunidade Autónoma no eido dos servizos sociais e os Consellos Provinciais de Servizos Sociais como órganos consultivos e de participación en materia de servizos sociais no ámbito provincial, con análoga composición e funcións que o Consello Galego de Servizos Sociais no que resulte aplicable, remitindo en ámbolos dous casos o seu desenvolvemento a unha posterior disposición de carácter regulamentario.

Cumprindo o mandato legal dos devanditos artigos, o Decreto 336/1994, do 27 de outubro, desenvolve a referida lei no relativo ós consellos de servizos sociais, e establece nos seus artigos 4 e 16 a composición do Consello Galego de Servizos Sociais e dos Consellos Provinciais de Servizos Sociais.

Na presente orde, recollendo unha representación das entidades, en función do número de centros de que dispoñan, establécense as normas e prazos que deberán rexe-lo procedemento para a designación ou elección, segundo o caso, e posterior nomeamento dos vocais do Consello Galego de Servizos Sociais e dos Consellos Provinciais de Servizos Sociais.

En virtude do exposto, de acordo co establecido na disposición derradeira primeira do referido decreto e facendo uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:



I. CONSTITUCIÓN DO CONSELLO GALEGO DE SERVICIOS SOCIAIS

ARTIGO 1º.

1.1. Para proceder á constitución do Consello Galego de Servizos Sociais, de acordo co disposto no artigo 4 do Decreto 336/1994, do 27 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, os órganos e entidades que a continuación se relacionan deberán designalos seus representantes no Consello Galego de Servizos Sociais, así como un suplente por cada un deles, no prazo de un mes dende a publicación da presente orde.

- a) Consellería da Presidencia e Administración pública: un representante.
- b) Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: un representante.
- c) Consellería de Sanidade e Servizos Sociais: un representante.
- d) Consellería de Familia, Muller e Xuventude: un representante.
- e) Órganos de representación das corporacións locais: seis representantes que se designarán en número de tres por cada unha das dúas federacións galegas de entidades locais máis representativas da Comunidade Autónoma, que se repartirán do seguinte xeito:

- Un en representación das deputacións provinciais que será designado pola Federación Galega de Municipios e Provincias.
- Tres representantes dos concellos cunha poboación superior a 20.000 habitantes designados un pola Federación Galega de Municipios e Provincias e dous pola Federación de Concellos Galegos.
- Dous representantes dos concellos cunha poboación inferior a 20.000 habitantes designados un pola Federación Galega de Municipios e

Provincias e un pola Federación de Concellos Galegos.

- f) Unión Xeral de Traballadores (UXT): dous representantes; Comisións Obreiras (CCOO): un representante e Confederación Intersindical Galega (CIG): un representante; como organizacións sindicais máis representativas na Comunidade Autónoma.
- g) Confederación de empresarios de Galicia: catro representantes.
- h) Cruz Vermella Española: un representante.
- i) Cáritas Diocesana: un representante.
- l) Colexio oficial de psicólogos: un representante.
- m) Colexio oficial de sociólogos: un representante.
- n) Colexio oficial de diplomados en traballo social e asistentes sociais: un representante.

1.2. Así mesmo, e de acordo co disposto no artigo 4 D) do citado decreto, o conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, por proposta do director xeral de Servizos Sociais, nomeará un secretario e un suplente entre os funcionarios do departamento.

ARTIGO 2º.

Para a designación dos vocais en representación das entidades prestadoras de servizos sociais que estean inscritas nos rexistros regulados polo Decreto 95/1994, do 8 de abril, establécese o seguinte procedemento:

Primeiro. Os vocais que se elixirán serán os seguintes:

- a) Dous en representación das que actúen na área da familia, infancia e xuventude, correspondéndolle un á familia e infancia e outro á xuventude. Efectuarase a elección por separado.
- b) Tres en representación das que actúen no ámbito das minusvalideces,



correspondéndolle un ás dedicadas ás minusvalideces psíquicas, outro ás físicas, e outro ás sensoriais. A elección efectuarase por separado.

- c) Dous en representación daquelas que actúen na área da velez, correspondéndolle un ás entidades que non dispoñan de centros asistenciais e outro ás que dispoñan deles, efectuándose a elección por separado.
- d) Un en representación das entidades que actúan na ámbito da muller.
- e) Un en representación das entidades que actúen nas áreas de drogodependencias e alcoholismo, minorías étnicas, delincuencia e reinserción de ex-internos ou outras problemáticas de marxinación social.
- f) Un en representación das entidades veciñais.

Segundo.

1. Poderán participar na elección as entidades inscritas nos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais que se relacionan no anexo I.

Cada Entidade inscrita que conte con un ou con ningún centro terá dereito a un voto e un máis por cada centro adicional do que dispoña.

2. O número de votos que lle corresponde a cada unha delas, que se establecen en función do número de centros de que dispoñan, é o recollido tamén no anexo I á presente orde.

Terceiro. As entidades que desexen presentar candidato a algún dos postos que polo seu ámbito funcional lle corresponda, deberán facelo no prazo de quince días naturais desde a publicación da presente orde. As candidaturas deberán presentarse en sobre pechado e dirixido á Dirección Xeral de Servizos Sociais, no rexistro da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, ou nos das respectivas delegacións provinciais dela, ou ben de calquera dos xeitos sinalados no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, indicando no exterior do sobre presentación de candidaturas para o Consello Galego de Servizos Sociais.

Cuarto. Para poderen ser proclamadas como tales, as candidaturas deberán ir propostas polo menos por tres entidades inscritas nos devanditos rexistros, sen que cada unha delas poida subscribir máis de unha proposta de candidatura.

As propostas de candidaturas que non se avalasen tal como se sinala no parágrafo anterior e as presentadas fóra de prazo, así como as de entidades que non figuren inscritas nos devanditos rexistros, quedarán excluídas automaticamente, non podendo optar á elección.

A presentación de candidaturas, así como as propostas que deben acompañalas, deberán remitirse nun único sobre e conforme os modelos oficiais que se publican como anexo II e III, respectivamente.

ARTIGO 3º.

Para a designación do vocal en representación das asociacións que velen polos intereses dos usuarios de centros e servizos sociais seguiranse as seguintes regras:

Primeira. O vocal será elixido polas asociacións de consumidores e usuarios de Galicia que se atopen inscritas no Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios, creado polo Decreto 95/1984, do 24 de maio, na data da publicación no Diario Oficial de Galicia da presente orde. Cada asociación terá un voto.

Segunda. Para os efectos do disposto no apartado anterior, as devanditas asociacións deberán presentar as súas candidaturas no prazo de 15 días naturais desde a publicación da presente orde, no modelo oficial que se publica como anexo IV. Cada asociación poderá presentar un candidato. As candidaturas deberán presentarse en sobre pechado e dirixida á Dirección Xeral de Servizos Sociais no rexistro da Consellería



de Sanidade e Servicios Sociais, ou nos das respectivas delegacións provinciais dela, ou ben de calquera dos xeitos sinalados no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, indicando no exterior do sobre presentación de candidaturas para o Consello Galego de Servicios Sociais.

ARTIGO 4º.

4. 1. Para os efectos dos artigos 2 e 3, no prazo de quince días naturais, a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais procederá a examinalas propostas presentadas, excluindo aquelas que non reúnan os requisitos sinalados, e a proclama-las candidatos, que se publicará no Diario Oficial de Galicia para que no prazo de quince días naturais desde a súas publicación emitan o seu voto as entidades en xeral e asociacións de consumidores, conforme o modelo que se publica como anexo V e VI, respectivamente, á presente orde, en sobre pechado, presentados na mesma forma que se indica no procedemento para a presentación de candidaturas, debendo figurar o seguinte enderezo:

CONSELLERÍA DE SANIDADE
E SERVICIOS SOCIAIS
Dirección Xeral de Servicios Sociais
Elección de vocais para o
Consello Galego de Servicios Sociais.
Edificio Administrativo San Caetano, s/n.
15771 • Santiago de Compostela.

4.2. Resultarán elixidos vocais titulares os candidatos que acaden a maioría dos votos validamente emitidos dentro de cada sector, sendo elixidos como suplentes os candidatos que obteñan un número de votos inmediatamente inferior ó do gañador.

En caso de empate, será designado, en ámbolos dous supostos, o candidato que fose proposto polo maior número de entidades ou asociacións inscritas. De persistir o empate, resolverase a favor da entidade con data de consitución máis antiga.

Transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo para votar, efecturase a

apertura dos sobres que conteñen o voto, en acto público, no que estarán presentes tres funcionarios da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

Consideraranse nulos tódolos votos que non se emitan no modelo oficial ou aqueles que teñan riscaduras, raspaduras ou emendas.

Unha vez rematado o escrutinio dos votos, a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais publicará os resultados definitivos das eleccións proclamando os candidatos electos, así como os seus suplentes, que serán nomeados vocais do Consello Galego de Servicios Sociais polo conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais, na suá calidade de presidente deste, publicándose no Diario Oficial de Galicia tal como establece o artigo 5. 3º do Decreto 336/1994, en relación co seu artigo 4.

II. CONSTITUCIÓN DOS CONSELLOS PROVINCIAIS DE SERVICIOS SOCIAIS

ARTIGO 5º.

5.1. Para proceder á constitución dos Consellos Provinciais de Servicios Sociais de acordo co disposto no artigo 16 do Decreto 336/1994, do 27 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, os órganos e entidades que a continuación se relacionan deberán designa-las seus representantes nos respectivos consellos provinciais, así como un suplente por cada un deles, no prazo de un mes desde a publicación da presente orde.

- A Consellería da Presidencia e Administración pública: un representante.
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: un representante.
- Consellería de Sanidade e Servicios Sociais: un representante.
- Consellería de Familia, Muller e Xuventude: un representante.



- e) Órganos de representación das corporacións locais: dous representantes designados do seguinte xeito:
1. Un representante da deputación provincial designado pola mesma.
 2. Un representante dos concellos designado pola federación máis representativa dos mesmos na provincia.
- f) Unión Xeral de Traballadores (UXT): un representante, Comisións Obreiras (CCOO): un representante e Confederación Intersindical Galega (CIG): un representante.
- g) Organizacións empresariais máis representativas na provincia: tres representantes.
- h) Cruz Vermella Española: un representante.
- i) Cáritas Diocesana: un representante.
- l) Colexio Oficial de Psicólogos: un representante.
- m) Colexio Oficial de Sociólogos: un representante.
- n) Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais: un representante.
5. 2. Así mesmo, e de acordo co disposto no artigo 16 D do citado decreto, os delegados provinciais da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, nomearán un secretario e un suplente deste por cada delegación provincial.

ARTIGO 6º.

Para a designación dos vocais en representación das entidades prestadoras de servizos sociais na correspondente provincia establécese o seguinte procedemento:

Primeiro. Os vocais que se elixirán serán os seguintes:

- a) Tres en representación das entidades prestadoras de servizos sociais elixidos entre as entidades inscritas nos

registros regulados polo Decreto 95/1994, do 8 de abril.

- b) Un en representación das entidades veciñais, elixido entre as entidades inscritas nos devanditos registros.

Segundo.

1. Poderán participar na elección todas as entidades inscritas nos registros de entidades prestadoras de servizos sociais que se relacionan no anexo I.

Cada Entidade inscrita que conte con un ou con ningún centro terá dereito a un voto e un máis por cada centro adicional do que dispoña.

2. O número de votos que lle corresponde a cada unha delas, que se establece en función do número de centros de que dispoñan, é o recollido tamén no anexo I á presente orde.

Terceiro. As entidades que desexen presentar candidato a algún dos postos que polo seu ámbito funcional lle corresponda, deberán facelo no prazo de quince días naturais desde a publicación da presente orde. As candidaturas deberán presentarse en sobre pechado e dirixido á Dirección Xeral de Servizos Sociais, no rexistro da delegación provincial correspondente da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, ou ben de calquera dos xeitos sinalados no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, indicando no exterior do sobre "presentación de candidaturas para os Consellos Provinciais de Servizos Sociais".

Cuarto. Para poderen ser proclamadas como tales, as candidaturas deberán ir propostas polo menos por tres entidades inscritas nos devanditos registros, sen que cada unha delas poida subscribir máis de unha proposta de candidatura.

As propostas de candidaturas que non se avalasen tal como se sinala no parágrafo anterior e as presentadas fóra de prazo, así



como as de entidades que non figuren inscritas nos devanditos rexistros, quedarán excluídas automaticamente, non podendo optar á elección.

A presentación de candidaturas, así como as propostas que deben acompañalas, deberán remitirse nun único sobre e conforme os modelos oficiais que se publican como anexo II e III, respectivamente.

ARTIGO 7º.

Para a designación do vocal en representación das asociacións que velen polos intereses dos usuarios de centros e servizos sociais dentro da respectiva provincia seguiranse as seguintes regras:

Primeira. O vocal será elixido polas asociacións de consumidores e usuarios de Galicia que se atopen inscritas no Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios, creado polo Decreto 95/1984, do 24 de maio, na data da publicación no Diario Oficial de Galicia da presente orde. Cada asociación terá un voto.

Segunda. Para os efectos do disposto no apartado anterior, as devanditas asociacións deberán presentalas súas candidaturas no prazo de 15 días naturais desde a publicación da presente orde, no modelo oficial que se publica como anexo IV. Cada asociación poderá presentar un candidato. As candidaturas poderán ser presentadas no rexistro da delegación provincial correspondente da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, ou ben de calquera dos xeitos sinalados no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, indicando no exterior do sobre “presentación de candidaturas para os Consellos Provinciais de Servizos Sociais”.

ARTIGO 8º.

8.1. Para os efectos dos artigos 6 e 7, no prazo de quince días naturais, a delegación provincial correspondente da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais procederá a examinalas propostas presentadas,

de acordo co procedemento que para o Consello Galego de Servizos Sociais se determina no artigo 4 da presente orde, se ben para a emisión do voto deberá figurar no sobre pechado o seguinte enderezo:

CONSELLERÍA DE
SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS
Dirección Xeral de Servizos Sociais
Elección de vocais para o Consello Provincial de
Servizos Sociais.
Edificio Administrativo San Caetano, s/n.
15771 - Santiago de Compostela.

Disposicións adicionais

Primeira. Para os efectos do sinalado na presente orde non se considerarán centros os locais dedicados exclusivamente a oficinas aqueles nos que simplemente se leven a cabo tarefas administrativas.

Segunda. Para os efectos de facilitalo exercicio do dereito ó voto das entidades inscritas no rexistro, as consellerías de Sanidade e Servizos Sociais e de Familia, Muller e Xuventude porán á disposición das que o soliciten os datos relativos ó enderezo daquelas.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 14 de xuño de 1990 pola que se establecían normas para a constitución do Consello Galego de Servizos Sociais.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o director xeral de Servizos Sociais para dictalas disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento desta orde.

Segunda. A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



15

Orde do 14 de novembro de 1997 pola que se publica o Regulamento de funcionamento interno do Consello Galego de Servicios Sociais.*(DOG nº 234, do 3-12-1997)*

A Lei 4/1993, do 17 de abril, configura no seu artigo 40 o Consello Galego de Servicios Sociais como órgano superior consultivo e de participación da Comunidade Autónoma no eido dos servicios sociais.

A necesidade de desenvolver adecuadamente a dita lei, e en concreto, no relativo ó Consello Galego de Servicios Sociais e ós consellos provinciais e locais de Servicios Sociais, motivou a aprobación e publicación do Decreto 366/1994, do 27 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, no relativo ós consellos de servicios sociais.

Neste decreto régúlase a composición, funcións, estrutura e funcionamento do Consello Galego de Servicios Sociais.

Así mesmo, o Decreto 336/1994, do 27 de outubro, dispón na súa disposición transitoria terceira que dentro dos 3 meses seguintes ó da súa constitución, o Consello Galego de Servicios Sociais deberá elaboralo seu regulamento de funcionamento interno que será aprobado polos dous tercios dos seus membros e logo do informe da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais. O regulamento publicarase no Diario Oficial de Galicia e será de aplicación ós consellos provinciais.

Na sesión constituínte do Consello Galego de Servicios Sociais, celebrada o 13 de febreiro de 1996, acordouse a constitución provisional da comisión permanente do dito consello para a elaboración dun proxecto de regulamento de funcionamento interno.

A Comisión Permanente, con data do 29 de xullo de 1997, elevoulle a súa proposta ó Pleno do Consello Galego de Servicios Sociais, que na sesión ordinaria do día

25 de setembro de 1997 acordou por unanimidade a aprobación definitiva do regulamento de funcionamento interno do máximo órgano consultivo e de participación superior da Xunta de Galicia no eido dos servicios sociais.

Por todo isto, en virtude das competencias que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e segundo o establecido na disposición transitoria terceira do Decreto 336/1991, do 27 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, no relativo ós consellos de servicios sociais,

DISPOÑO:

Artigo único. Publica-lo Regulamento de funcionamento interno do Consello Galego de Servicios Sociais, que figura como anexo á presente orde, e que foi aprobado en sesión ordinaria do Pleno do dito consello celebrada o día 25 de setembro de 1997.

ANEXO

REGULAMENTO DE
FUNCIONAMENTO INTERNO
DO CONSELLO GALEGO
DE SERVICIOS SOCIAIS

Capítulo I*Natureza, competencias e composición***ARTIGO 1º. REGULACIÓN**

O Consello Galego de Servicios Sociais é o órgano superior consultivo e de participación da Comunidade Autónoma no eido dos Servicios Sociais, adscrito á Consellería de Sanidade e Servicios Sociais. Está regulado pola Lei 4/1993, do 14 de abril, e o Decreto 336/1994, do 27 de outubro.

ARTIGO 2º. COMPETENCIAS

As funcións do Consello Galego de Servicios Sociais son, entre outras, as seguintes:

- a) Asesora-lo Goberno na planificación e programación dos servicios so-



ciais, emitindo dictames ou formulando propostas de actuación.

- b) Emitir informes e estudar os criterios adoptados na elaboración do anteproxecto de presupostos en materia de servizos sociais.
- c) Emitir dictames por instancia do Parlamento de Galicia no eido dos servizos sociais.
- d) Coñecer da xestión dos servizos sociais.
- e) Fomentar a participación da sociedade e das administracións públicas.
- f) O seguimento estatístico, tanto dos procesos de concesión da renda de integración social de Galicia coma da correcta aplicación das medidas de fomento de emprego que, vinculadas ós proxectos de inserción, se contemplan na Lei galega de medidas básicas para a inserción social, sen prexuízo das competencias do Instituto Galego de Estatística previstas na Lei 9/1988, do 19 de xullo, e da mesa autonómica da RISGA.
- g) A avaliación global dos resultados da execución dos programas de inserción social previstos na devandita lei para a inserción social, así como a formulación de observacións e propostas de modificación que axuden a melloralos.

A elaboración ou modificación do seu regulamento de réxime interior.

ARTIGO 3º. COMPOSICIÓN

O Consello Galego de Servizos Sociais componse de 39 membros.

- a) Presidente: o titular da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.
- b) Vicepresidente: o titular da Consellería de Familia, Muller e Xuventude.
- c) Vocais: o director xeral de Servizos Sociais. O director xeral de Familia.

Outros 34 vocais repartidos do seguinte xeito:

- Catro en representación das seguintes consellerías da Administración autonómica:
 - Consellería da Presidencia e Administración pública.
 - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
 - Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.
 - Consellería de Familia, Muller e Xuventude.
- Seis en representación das corporacións locais.
 - a) Un en representación das deputacións provinciais.
 - b) Tres en representación dos concellos cunha poboación superior a 20.000 habitantes.
 - c) Dous en representación dos concellos cunha poboación inferior a 20.000 habitantes.
- Catro en representación das organizacións sindicais máis representativas na Comunidade Autónoma.
- Catro en representación das organizacións empresariais máis representativas na Comunidade Autónoma.
- Trece en representación das entidades prestadoras de servizos sociais, que serán elixidos na forma que regulamentariamente se estableza, entre as entidades inscritas no rexistro previsto no artigo 32.3º da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, repartidos do seguinte xeito:
 - a) Dous en representación das que actúen na área da familia, infancia e xuventude.
 - b) Tres en representación das que operen no ámbito das minusvalídecas.
 - c) Dous en representación das que actúen na área da vellez.



- d) Un en representación das que actúen na área da muller.
 - e) Un en representación da Cruz Vermella.
 - f) Un en representación de Cáritas Diocesana.
 - g) Un en representación das entidades que actúen nas áreas de drogodependencias e alcoholismo, minorías étnicas, delincuencia e reinserción de ex-internos e outras problemáticas de marxinación social.
 - h) Un en representación das entidades que velen polos intereses dos usuarios de centros e servizos sociais.
 - i) Un en representación das entidades veciñais.
- Un en representación de cada un dos seguintes colexios profesionais, elixidos polo seu órgano de goberno:
- a) Colexio oficial de psicólogos.
 - b) Colexio oficial de sociólogos.
 - c) Colexio oficial de diplomados en traballo social e asistentes sociais.
 - d) Un secretario, que será nomeado polo conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, por proposta do director xeral de Servizos Sociais, entre os funcionarios do departamento.
1. No caso de ausencia deste o do substituo, desempeñará o cargo interinamente un vocal do consello que represente a Administración autonómica, designado polo seu presidente.
 2. Por cada vocal titular nomearase tamén un suplente que o substitúa nos casos legalmente previstos.

Capítulo II

Dos vocais

ARTIGO 4º. DURACIÓN DO MANDATO DOS VOCAIS

1. A duración do mandato dos vocais representativos será de catro anos, sen prexuízo da súa reelección e da posibilidade de substitución dos titulares e dos suplentes durante o dito período, por proposta da institución, asociación ou entidade a quen represente.

2. Ademais do disposto no apartado anterior, producido un novo proceso electoral para o respectivo órgano de representación, procederase a reestrutura-la composición do Consello Galego de Servizos Sociais de acordo co grao de representatividade obtido no devandito proceso.

3. Os vocais serán nomeados polo presidente do consello, por proposta da institución, asociación ou entidade a quen represente, e o nomeamento deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia, podendo ser apartados do seu cargo de igual xeito.

4. A proposta de separación dos vocais, titulares ou suplentes deberá serlle comunicada ó presidente do consello, a través do secretario, xunto coa proposta do novo representante.

ARTIGO 5º. FUNCIONS DOS VOCAIS

Os vocais actuarán como voceiros das institucións, entidades ou asociacións que representan.

ARTIGO 6º. DEREITOS DOS VOCAIS

Os vocais terán dereito a:

- a) Participar nos debates e exercer-lo seu dereito ó voto.
- b) Formar parte da comisión permanente segundo o establecido no artigo 8 do Decreto 336/1994, do 27 de outubro.
- c) Integrarse nos grupos de traballo que constituía a Comisión Permanente de acordo co estipulado no ar-



tigo 12 do Decreto 336/1994, do 27 de outubro.

- d) Acceder á documentación que conste en poder do consello.
- e) Dispoñer da información dos temas e estudos que desenvolvan o Pleno, a Comisión Permanente e as comisións de traballo.
- f) Coñecer previamente a orde do día das reunións e a información precisa sobre os temas incluídos nela.
- g) Cantas funcións sexan intrínsecas á súa condición de vocais. En ningún caso poderán atribuírse a representación ou facultades do consello, agás que expresamente se lles outorgase polo Pleno e para cada caso concreto.

ARTIGO 7º. DEBERES DOS VOCAIS

Os vocais teñen o deber de:

- a) Asistiren ás sesións do Pleno e da Comisión Permanente, se é o caso, así como ás das comisións ás que fosen convocados.
- b) Adecua-la súa conducta ó presente regulamento e ás directrices e instrucións que, no seu desenvolvemento, dicte o propio consello.
- c) Non facer uso da súa condición de vocal para o exercicio de actividades mercantís.

ARTIGO 8º. AUSENCIAS DOS VOCAIS

Todo vocal que prevexa que non vaia poder asistir a unha sesión do Pleno ou da Comisión Permanente, se é o caso, poderá ser substituído polo seu suplente e, no caso de ausencia deste, por outro vocal designado para o efecto.

O presidente poderá, logo da consulta á Comisión Permanente, no caso de incumprimento dos deberes de vocal ou de ter máis de tres ausencias consecutivas sen causa xustificada, solicitar ás institucións, entidades ou asociacións que representa

que consideren a oportunidade de propoñe-la súa substitución.

ARTIGO 9º. SUBSTITUCIÓN DOS VOCAIS

Ademais do previsto nos artigos 4º e o 8º, se durante o período do mandato para o que foron elixidas, algunha entidade ou asociación causase baixa no rexistro de servizos sociais, o vocal que a representa cesará nas súas funcións.

No caso de que unha entidade ou asociación con representación no consello se integre ou fusione noutra das representadas no mesmo consello, un dos dous representantes cesará e o outro representará a nova entidade.

ARTIGO 10º. CESAMENTO DOS VOCAIS

Os vocais e os seus suplentes perderán a súa condición por:

- a) Falecemento.
- b) Transcurso do período de catro anos de mandato, sen prexuízo do disposto no artigo 4º.
- c) Por renuncia aceptada polo órgano correspondente da institución, entidade ou asociación a quen represente.
- d) Por incumprimento reiterado dos deberes establecidos no artigo 7º deste regulamento. Neste caso seralle de aplicación o disposto no artigo 8º.
- e) Por decisión da institución, entidade ou asociación.

En todo caso, a perda da condición de vocal, titular ou substituto deberá serlle comunicada ó presidente do consello, a través do secretario, xunto co nome do novo representante.

Capítulo III

Funcionamento

ARTIGO 11º. FUNCIONAMENTO DO CONSELLO

Sobre a estrutura e funcionamento do Consello Galego de Servizos Sociais ob-



servarase o disposto no título III do Decreto 336/1994, do 27 de outubro.

ARTIGO 12º. DELIBERACIÓNS

O presidente, tanto do Pleno como da Comisión Permanente, abrirá a sesión, dirixirá o debate e velará pola observancia do regulamento.

O presidente poderá, antes de iniciar o debate e durante este, limita-lo tempo de que dispoñen os oradores. Acordará o peche do debate e dará paso á votación correspondente.

A proposta do presidente, poderase acordar a suspensión da sesión, establecendo o momento no que se reanudará esta.

ARTIGO 13º. CONVOCATORIAS

Correspóndelle ó presidente do Consello Galego de Servizos Sociais ordenar a convocatoria das reunións dos diferentes órganos do consello.

As convocatorias faranse sempre por escrito e polos medios máis idóneos para garantir a recepción coa debida antelación que será, como mínimo, de dez días hábiles para as sesións ordinarias, e de catro para as extraordinarias. Non obstante, o presidente, no caso de especial urxencia e inaprazable necesidade, poderá altera-lo devandito prazo, sempre que se lles garantan ós vocais do consello o coñecemento previo e suficiente das convocatorias.

As convocatorias deberán comunicalo día, a hora e o lugar da reunión, así como a orde do día e incluír, en todo caso, a documentación adecuada para o seu estudo previo.

Na citación da primeira convocatoria incluírase a da segunda.

ARTIGO 14º. ORDE DO DÍA DAS SESIÓNS

No caso de reunións ordinarias, os membros do Consello Galego de Servizos Sociais poderán enviar propostas de temas e o presidente poderá decidir sobre a súa

inclusión, sempre que se reciban cunha antelación mínima de quince días naturais ó da súa celebración.

A orde do día das sesións ordinarias conterá a lectura e, se é o caso, a aprobación das actas da sesión ordinaria anterior e as extraordinarias que se celebren entre ámbalas dúas, así como os demais puntos que se acorden.

A orde do día das sesións extraordinarias conterá os temas propostos pola presidencia ou, se é o caso, polas partes que legalmente o solicitaron.

ARTIGO 15º. ACTA DAS SESIÓNS

O secretario do consello asistirá ás sesións do Pleno e da Comisión Permanente, levantará acta delas, na que fará constar:

1. Lugar da reunión, data e hora de comezo.
2. Nome e apelidos do presidente, vicepresidente, dos vocais presentes e ausentes que excusasen a súa asistencia, secretario e das persoas que, se é o caso, fosen chamadas para comparecer.
3. Carácter ordinario ou extraordinario da sesión.
4. Asuntos que figuran na orde do día.
5. Opinión sintetizada de cada unha das diferentes intervencións dos membros do consello. Calquera vocal poderá solicitar que se transcriba íntegra a súa intervención, sempre que achegue no acto o texto escrito que se corresponda exacta e fielmente con aquela, facéndose constar así na acta e xuntándose copia autenticada do escrito.
6. Os resultados das votacións.
7. Hora de finalización da sesión.

Cando non se celebre sesión, por calquera motivo, o secretario suplirá a acta cunha diligencia autenticada coa súa sinatura e a do presidente na que fará constar a causa da non celebración e, se procede, o nome dos asistentes e dos que se excusaron.



As actas, logo de aprobadas, serán asinadas polo secretario e visadas polo presidente. O secretario será o responsable da súa custodia.

ARTIGO 16º. VOTACIÓN E ADOPCIÓN DE ACORDOS

Ademais do disposto no punto 4º do artigo 7 do Decreto 336/1994, do 27 de outubro, establécense as seguintes regras:

A votación será nominal se así o acordan a metade dos vocais presentes.

A votación será secreta cando así o acorde o presidente pola natureza das cuestións.

Nos demais casos, a votación será a man alzada.

Os vocais discrepantes, en todo ou en parte, do sentir da maioría, poderán formular individual ou colectivamente votos particulares que deberán quedar unidos á resolución correspondente.

Os votos particulares deberán de presentarse ante o secretario nun prazo máximo de corenta e oito horas contadas desde o final da sesión.

Capítulo IV

Da comisión permanente

ARTIGO 17º.

Con independencia da súa composición e funcionamento regulado no artigo 8º e seguintes do Decreto 336/1994, do 27 de outubro, a comisión permanente rexerá polas seguintes regras:

A duración do mandato dos vocais da comisión permanente será coincidente coa dos vocais do pleno.

Cada grupo representado na comisión permanente poderá substituí-los membros que o representen cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 8º e 9º do presente regulamento.

Os grupos poderán nomear, de entre os vocais que os representan, un suplente pa-

ra asistir ás sesións no caso de ausencia do vocal titular.

Os vocais da comisión permanente poderán ser reelixidos por proposta do grupo representado.

As reunións ordinarias da comisión permanente supeditaránse á existencia de asuntos que hai que tratar, conforme as funcións asignadas no apartado 4º do artigo 8 do Decreto 336/1994, do 27 de outubro.

Capítulo V

Renovación do consello

ARTIGO 18º.

Transcorridos catro anos desde a sesión constitutiva, procederáse á renovación do mandato dos vocais do consello segundo o establecido nos artigos 4 e 5 do Decreto 336/1994, do 27 de outubro.

A renovación dos vocais rexeráse polo procedemento seguinte:

Catro meses antes da terminación do mandato dos vocais, o presidente do consello fará unha convocatoria pública.

Nesta convocatoria poderán participar tódalas entidades e asociacións conforme a composición prevista no artigo 4 do Decreto 336/1994, do 27 de outubro.

En todo caso, o proceso electoral rexeráse polo disposto na Orde do 10 de maio de 1995, pola que se establecen normas para a constitución do Consello Galego de Servizos Sociais e dos consellos provinciais de Servizos Sociais, en todo aquilo que lle sexa de aplicación.

Capítulo VI

Medios ó servizo do consello

ARTIGO 19º.

A Consellería de Sanidade e Servizos Sociais garantirá o funcionamento administrativo e organizativo do consello, dotándoo de persoal e medios axeitados con



cargo ás súas consignacións orzamentarias.

ARTIGO 20°. SEDE DO CONSELLO

O Consello Galego de Servizos Sociais terá a súa sede en Santiago de Compostela, aínda que poderá celebra-las súas reunións en calquera localidade da Comunidade Autónoma cando así o decida o presidente.

Capítulo VII

Reforma do regulamento

ARTIGO 21°.

O presente regulamento poderá ser modificado por proposta dos 2/3 dos membros do consello. A proposta deberá ser presentada á Comisión Permanente, que a estudiará e elaborará un proxecto de modificación que será sometido ó Pleno para a súa análise, emenda e, se é o caso, aprobación definitiva.

As reformas do Regulamento de funcionamento interno deberán ser aprobadas pola maioría absoluta dos vocais do consello e entenderanse incorporadas a este desde o momento da súa aprobación polo Pleno.

VIII. LEI DE CAIXAS DE AFORROS

16

Lei 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia.

(DOG nº 117, do 14-6-96)
(parte)

ARTIGO 1°. ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. As caixas de aforros con domicilio social en Galicia rexeranse polo establecido na presente lei e nas demais normas complementarias e de desenvolvemento emanadas da Comunidade Autónoma, as cales lles serán tamén aplicables ás actividades que desenvolvan no territorio desta Comunidade as caixas de aforros con domicilio

social fóra dela, todo isto sen prexuízo da normativa básica do Estado.

2. A normativa mercantil reguladora do dereito de sociedades, a estatal de entidades de crédito e a lexislación sobre fundacións, segundo corresponda por razón de materia, poderase aplicar con carácter subsidiario no non previsto na presente lei.

ARTIGO 2°. CONCEPTO DE CAIXA DE AFORROS

Entenderase por caixa de aforros, para os efectos desta lei, a entidade financeira de carácter social, de natureza fundacional e sen finalidade lucrativa que, baixo o protectorado público exercido polo Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia a través de Consellería de Economía e Facenda, se dedica á actividade financeira e á prestación de servizos conexos, destinando parte dos seus excedentes a obras de carácter benéfico-social.

ARTIGO 6°. DOBRE DIMENSIÓN DAS CAIXAS

As caixas de aforros teñen un dobre carácter: social e fundacional, pola súa finalidade e aplicación de excedentes, e de entidade financeira, por razón da súa actividade.

ARTIGO 48°. CONTÍA DAS DOTACIÓNS

1. De acordo coa súa finalidade e natureza fundacional, as caixas destinarán a totalidade dos seus excedentes que non teñan que aplicarse a reservas por mandato legal á dotación de reservas voluntarias e á creación e mantemento de obras benéfico-sociais.

2. As dotacións á obra benéfico-social non poderán ser inferiores ás seguintes porcentaxes, que se aplicarán sobre os excedentes que por mandato legal non teñan que aplicarse a reservas:

- a) A un 50 por 100 se o coeficiente de solvencia se encontra ó final do exercicio situado nunha porcentaxe inferior a un 12 por 100.



- b) A un 55 por 100 se o coeficiente de solvencia se sitúa ó final do exercicio entre o 12 e o 14 por 100.
- c) A un 60 por 100 se o coeficiente de solvencia está comprendido entre un 14 e un 16 por 100 ó final do exercicio a que a distribución do excedente se refire.
- d) A un 65 por 100 se o coeficiente de solvencia se sitúa ó final do exercicio entre o 16 e o 18 por 100.
- e) A un 70 por 100 se o coeficiente de solvencia excede ó final do exercicio o 18 por 100.

3. Para os efectos deste artigo, para medi-lo coeficiente de solvencia non se terán en conta dentro dos recursos propios computables os financiamentos subordinados.

4. A Xunta de Galicia, por decreto, e por proposta da Consellería de Economía e Facenda, oída a Federación Galega de Caixas de Aforros, poderá revisar ata un máximo de dez puntos porcentuais as porcentaxes das dotacións á obra benéfico-social subliñadas no número 2 anterior.

Dentro de máximo fixado no parágrafo anterior as revisións poderán acordarse cada dous anos, sen que a primeira poida ter lugar en tanto non transcorresen dous anos contados desde a aprobación da presente lei.

5. En calquera dos casos recollidos nos puntos anteriores enténdese que se garantirá sempre o mantemento das obras benéfico-sociais que as caixas xa teñan en funcionamento nese momento, xa sexan estas exclusivas das caixas ou realizadas en colaboración con outras institucións.

6. Excepcionalmente, logo de xustificación da súa conveniencia, en función dos recursos propios e do coeficiente de solvencia, a Consellería de Economía e Facenda poderá autorizar unha distribución do excedente distinta da prevista nos números anteriores.

7. No caso de caixas que encabezan un

grupo consolidable de entidades de crédito o excedente de referencia será o que resulte dos estados contables consolidados.

8. Correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda autorizarlos acordos aprobados pola asemblea xeral das caixas relativos á determinación dos excedentes e á súa distribución conforme a normativa aplicable.

ARTIGO 49º. DESTINO DA OBRA BENÉFICO-SOCIAL

1. As dotacións que as caixas fagan á obra benéfico-social deberán destinarse a financiar investimento ou a promocionar actividades que satisfagan algún dos seguintes requisitos:

- a) Que favorezan o desenvolvemento cultural, educativo e socioeconómico de Galicia.
- b) Que faciliten a integración social de colectivos marxinais.
- c) Que favorezan, sobre todo, a grupos con baixos niveis de ingresos.

2. Para identificar aqueles proxectos concretos que puidesen constituí-los destinos da obra benéfico-social das caixas tomaranse como referencia os estudos e as análises existentes sobre a realidade socioeconómica de Galicia e aqueles outros que as propias caixas poidan realizar con especial referencia ó territorio que constitúe a súa zona de influencia.

En calquera caso deberanse ter en conta tamén aqueles proxectos que potencien os sinais de identidade de cada caixa.

3. As caixas que non tendo a súa sede social en Galicia contan con oficinas na Comunidade galega deben efectuar investimentos ou gastos en obra benéfico-social en Galicia, destinando para tal efecto como mínimo a parte do seu orzamento anual de obra benéfico-social proporcional ós recursos alleos captados en Galicia con respecto ó total da entidade.

4. Anualmente as caixas avaliarán en qué medida os proxectos realizados contri-



buiron a mellora-la situación económico-social de Galicia.

5. Á obra benéfico-social non xestionada directamente polas caixas seranlle aplicables os mesmos principios e criterios que á xestionada directamente.

ARTIGO 50º. PROXECTOS DE OBRAS SOCIAIS

1. As caixas de aforros realizarán obra benéfico-social propia, en colaboración con outras institucións públicas ou privadas e incluso entre varias caixas.

2. As caixas deberán xustifica-lo interese e os beneficios sociais dos proxectos de gasto en obras benéfico-sociais que pretendan levar a cabo, de acordo coa súa natureza e finalidade.

ARTIGO 51º. O ORZAMENTO DA OBRA BENÉFICO-SOCIAL

1. O Consello de Administración de cada caixa, considerando os proxectos que de acordo co previsto no artigo 49 deban realizarse, elaborará o orzamento anual da obra benéfico-social, que deberá someterse á asemblea xeral, e comunicárselle de seguido á Consellería de Economía e Facenda para os efectos previstos no artigo 48. 8 desta lei.

2. Transcorrido o período orzamentario, o Consello renderá contas igualmente da súa execución.

ARTIGO 52º. A XESTIÓN DA OBRA BENÉFICO-SOCIAL

As caixas, a través do Consello de Administración e da comisión da obra benéfico-social, deberán dispoñer dunha xestión profesionalizada dos investimentos da obra benéfico-social.

17

Decreto 261/1999, do 17 de setembro, polo que se desenvolve a regulación da obra benéfico-social das caixas de aforros galegas.

*(DOG nº 194, do 6-10-1999)
(parte)*

ARTIGO 1º. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este decreto ten por obxecto a regulación da obra benéfico-social das caixas de aforros con domicilio social en Galicia, en desenvolvemento das previsións do capítulo IV do título III da Lei 4/1996, do 31 de maio.

ARTIGO 2º. TIPOS DE OBRA BENÉFICO-SOCIAL

As obras benéfico-sociais poderán ser propias ou en colaboración. Terán a consideración de propias cando o financiamento total e a administración sexan por conta da caixa de aforros exclusivamente, e o sostemento sexa achegado principalmente por ela; serano en colaboración, cando non se cumpla algunha das anteriores condicións.

ARTIGO 3º. OBRA BENÉFICO-SOCIAL EN COLABORACIÓN

1. As caixas de aforros de Galicia poderán colaborar entre si ou con outras institucións ou persoas privadas ou públicas para a creación, mantemento ou administración de obras benéfico-sociais financiadas con cargo ás súas respectivas dotacións.

O instrumento xurídico no que se formalice a dita colaboración será utilizable exclusivamente para o dito propósito, someténdose expresamente á normativa de control e fiscalización aplicable á obra benéfico-social.

2. A Xunta de Galicia favorecerá a creación de mecanismos permanentes de colaboración entre as caixas para o desenvolvemento da súa obra benéfico-social así como entre estas e as entidades privadas ou públicas con análogas funcións.



ARTIGO 7º. FORMAS DE XESTIÓN DA OBRA BENÉFICO-SOCIAL

A obra benéfico-social poderá xestionarse directamente pola propia caixa de aforros, ou ben dun xeito indirecto, ó través de fundacións ou outros entes creados para o efecto. En ámbolos casos de formas de xestión deberá ser aprobada pola asemblea xeral e someterse á autorización da Consellería de Economía e Facenda, na forma prevista nos artigos 15º e 17º deste decreto. Así mesmo, cando a xestión se realice ó través doutros entes, a caixa deberá xustificar axeitadamente os motivos desta xestión indirecta.

Á obra benéfico-social xestionada indirectamente seranlle de aplicación os mesmos principios e criterios que á xestionada directamente.

ARTIGO 10º. ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO ORZAMENTO

1. O consello de administración elaborará anualmente o orzamento da obra benéfico-social e someterao á aprobación da asemblea xeral. No orzamento anual da obra benéfico-social figurarán separadamente os ingresos previsibles e os gastos proxectados para o exercicio.

2. Nos termos previstos na normativa legal, correspóndelle á asemblea xeral a creación de obra benéfico-social, así como a aprobación e liquidación dos orzamentos anuais para estes fins.

ARTIGO 17º. PRESENTACIÓN DOS ORZAMENTOS PARA A AUTORIZACIÓN

Para efectos da súa autorización, as caixas de aforro deberán remitir á Consellería de Economía e Facenda, antes do 28 de febreiro de cada ano, as propostas de distribución de excedentes e orzamentos para obras benéfico-sociais que, aprobados polo consello de administración, foran sometidos ou propoñan someter á aprobación da asemblea xeral. Así mesmo, deberán pre-

sentar antes desa data a liquidación do exercicio precedente.

A autorización da devandita consellería non se producirá mentres non exista aprobación da asemblea xeral. Para tal efecto deberá remitirse á Consellería de Economía e Facenda certificación do acordo da asemblea no prazo máximo de quince días desde a súa realización, procedendo a consellería a autorizar ou denegar no prazo máximo dun mes contado desde a recepción da antedita certificación, sendo de aplicación o previsto no artigo 43 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

En todo caso, a aprobación da asemblea xeral deberá producirse no primeiro semestre do ano.

ARTIGO 21. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN DA OBRA BENÉFICO-SOCIAL

Para optimiza-la utilización de fondos da obra benéfico-social coa finalidade de orientalos cara ós sectores e actividades nos que se cumpra de mellor xeito a vertente social das caixas de aforro, poderase establecer convenios entre estas entidades e a Consellería de Economía e Facenda, nos que se determinarán os límites mínimos da dotación á obra benéfico-social do exercicio que deberán aplicar nas áreas de actuación derivadas do establecido no artigo 49.1º da Lei 4/1996, do 31 de maio.

De non leverse a cabo estes convenios, a Consellería de Economía e Facenda, logo de oída a Federación Galega de Caixas de Aforro, e ó abeiro do labor orientador encomendado no artigo 35 da Lei 4/1996, do 31 de maio, respectando a liberdade da caixa na elección concreta do gasto, poderá determina-los anteriores límites.

Os proxectos incluídos nas áreas de actuación anteriores poderanse exceptuar dos trámites previstos nos artigos 49.4º e 50.2º da Lei 4/1996, do 31 de maio, e o artigo 13.3º deste decreto.

**ARTIGO 22º. DESTINO DOS GASTOS**

As dotacións que as caixas de aforro fagan a súa obra benéfico-social para financiar proxectos de gasto situados no territorio galego, aplicaranse ás actuacións e destinos que se deriven do previsto no artigo anterior.

As caixas de aforro galegas poderán, así mesmo, con cargo as súas dotacións para obra benéfico-social, financiar proxectos de gasto situados fóra de Galicia:

- Por participar solidariamente en proxectos de axuda humanitaria.
- Por tratarse de áreas nas que normalmente opera a caixa.
- Por constituír núcleos nos que exista unha significativa presenza de poboación de orixe galega.
- Por ser de interese socio-económico para Galicia.

Os proxectos de gastos situados fóra de Galicia requirirán unha identificación singular e expresa nos orzamentos que a caixa remitirá á Consellería de Economía e Fazenda para a súa autorización, conforme o previsto no artigo 17º deste decreto. Para a determinación destes proxectos terase en conta o previsto no parágrafo anterior e a normativa legal vixente.